

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 59

Sesión plenaria
9 de xullo de 2025

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 5. Propositions non de lei

5.1 8119 (12/PNP-000744)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que avance nas súas políticas en materia de integridade institucional, prevención da corrupción e rexeneración democrática, segundo as recomendacións do Consello de Contas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 68, do 21.08.2024

5.2 14998 (12/PNP-001272)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a demanda ao Goberno galego da creación do Consello da Memoria Democrática de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 127, do 04.12.2024

5.3 27318 (12/PNP-002206)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España co fin de que este apoie a declaración do Xacobeo de 2027 como evento excepcional de interese público (EEIP)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211f1, do 18.06.2025

5.4 27689 (12/PNP-002245)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Insua Lema, Óscar

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que presente un proxecto de lei para a creación dunha oficina antifraude adscrita ao Parlamento de Galicia e encamiñada á prevención da corrupción

Publicación da iniciativa, BOPG nº 214f1, do 25.06.2025

5.5 27734 (12/PNP-002250)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego ante a proliferación de proxectos para a implantación de plantas de biogás

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 214f1, do 25.06.2025



5.6 27778 (12/PNP-002253)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e catorce deputados/as máis**

Sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de rexeitar os comportamentos que se están a producir desde o Goberno de España ante a investigación por corrupción que afecta o PSOE e as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Executivo central ao respecto

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 214f1, do 25.06.2025

Punto 6. Interpelacións**6.1 1514 (12/INT-000082)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia**

Sobre o transporte escolar en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12f1, do 17.04.2024

6.2 1722 (12/INT-000103)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Golpe Acuña, José Manuel e catro deputados/as máis**

Sobre a reactivación económica das zonas afectadas pola perda de grandes industrias tractoras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 16f1, do 24.04.2024

6.3 27442 (12/INT-001071)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e dous deputados/as máis**

Sobre a eficacia do sistema de protección ás vítimas de violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 214f2, do 25.06.2025

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**7.1 28050 (12/POPX-000049)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre a actuación política do Goberno galego no que vai do ano 2025

Publicación da iniciativa, BOPG nº 217f2, do 03.07.2025

7.2 28051 (12/POPX-000050)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre o grao de eficacia das solucións do Goberno galego aos problemas de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 217f2, do 03.07.2025



Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 22726 (12/POP-003451)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e tres deputados/as máis

Sobre a dotación da Administración de xustiza das ferramentas precisas para poder desenvolver a súa xestión en galego ou en castelán de forma indistinta

Publicación da iniciativa, BOPG nº 185f2, do 09.04.2025

8.2 28042 (12/PUP-000129)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre as actuacións e previsións do Goberno galego no que concirne ao impulso da investigación e do control dos residuos radioactivos depositados na foxa atlántica fronte ás costas galegas

8.3 27348 (12/POP-003985)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e oito deputados/as máis

Sobre a situación financeira da Universidade da Coruña descuberta tras a liquidación do exercicio 2023

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211f2, do 18.06.2025

8.4 27294 (12/POP-003975)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia verbo do real decreto que regula o traspaso das competencias en materia de menores non acompañados

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211f2, do 18.06.2025

8.5 16953 (12/POP-002649)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a demanda da execución urxente dunha variante na circunvalación de Carballo para conectar o polígono de Bértoa coa zona sur da localidade e facilitar a ampliación do devandito polígono

Publicación da iniciativa, BOPG nº 144f2, do 24.01.2025

8.6 20485 (12/POP-003148)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as razóns do cambio de criterio da Xunta de Galicia no réxime de adxudicación das vivendas de promoción pública (VPP) e o paso do arrendamento á compravenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 162f2, do 26.02.2025



8.7 27093 (12/POP-003938)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis**

Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto da pertinencia dun plan sanitario urxente para O Salnés co obxecto de cubrir o incremento da demanda derivada da presión turística estival

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211f2, do 18.06.2025

8.8 28021 (12/PUP-000128)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Méndez López, Lara e Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da cobertura da atención sanitaria no concello de Cervo nos vindeiros meses de verán

Publicación da iniciativa, BOPG nº 217f1, do 03.07.2025

8.9 26242 (12/POP-003842)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Grueira Fernández, Nicole e oito deputados/as máis**

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia está a desenvolver para promover o uso da lingua galega entre a mocidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 206f2, do 04.06.2025



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a actuación política do Goberno galego no que vai do ano 2025. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Gómez Besteiro (S).* (Páx. 12.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 13.)

Réplica do autor: *Sr. Gómez Besteiro (S).* (Páx. 15.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 16.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o grao de eficacia das solucións do Goberno galego aos problemas de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 18.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 19.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 20.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 21.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e D. Óscar Insua Lema, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que presente un proxecto de lei para a creación dunha oficina antifraude adscrita ao Parlamento de Galicia e encamiñada á prevención da corrupción. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 22.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG).* (Páx. 23.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Iglesias Rey (S).* (Páx. 26.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 29.)

O señor Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 32.)



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego ante a proliferación de proxectos para a implantación de plantas de biogás. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda e a autoemenda presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 34.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Valcárcel Armesto (BNG). (Páx. 35.)*

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Iglesias Rey (S). (Páx. 38.)*

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Trenor López (P). (Páx. 40.)*

A señora Valcárcel Armesto (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 43.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e catorce deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de rexeitar os comportamentos que se están a producir desde o Goberno de España ante a investigación por corrupción que afecta o PSOE e as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Executivo central ao respecto. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 45.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado del Río (P). (Páx. 45.)*

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Méndez López (S). (Páx. 48.)*

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG). (Páx. 51.)*

A señora Prado del Río (P) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 54.)

A señora Candia López (P) pide a palabra por alusións realizadas por xuízos de valor e inexactitudes, con base no artigo 76.1. do Regulamento do Parlamento de Galicia, e o señor presidente concédella. (Páx. 57.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Iglesias Rey e D^a Paloma Castro Rey, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que avance nas súas políticas en materia de integridade institucional, prevención da corrupción e rexeneración democrática, segundo as recomendacións do Consello de Contas: *rexeitada por 34 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 58.)*

Votación do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e D^a Patricia Iglesias Rey, sobre a demanda ao Goberno galego da creación do Consello da Memoria Democrática de Galicia: *rexeitada por 34 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 58.)*



Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Borja Vereza Fraiz e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España co fin de que este apoie a declaración do Xacobeo de 2027 como evento excepcional de interese público: *aprobada por unanimidade, con 71 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 59.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e D. Óscar Insua Lema, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que presente un proxecto de lei para a creación dunha oficina antifraude adscrita ao Parlamento de Galicia e encamiñada á prevención da corrupción: *rexeitada por 34 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 59.)

O señor Trenor López (P) pide a palabra, que lle é denegada polo señor presidente. (Páx. 59.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego ante a proliferación de proxectos para a implantación de plantas de biogás: *rexeitada por 25 votos a favor, 37 votos en contra e 9 abstencións.* (Páx. 59.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e catorce deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de rexeitar os comportamentos que se están a producir desde o Goberno de España ante a investigación por corrupción que afecta o PSOE e as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Executivo central ao respecto: *aprobada por 37 votos a favor, 34 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 60.)

Interpelación de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e D^a Silvia Longueira Castro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o transporte escolar en Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Abalde Alonso (S).* (Páx. 60.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González).* (Páx. 63.)

Réplica do autor: *Sr. Abalde Alonso (S).* (Páx. 67.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González).* (Páx. 68.)

Interpelación de D. José Manuel Golpe Acuña e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a reactivación económica das zonas afectadas pola perda de grandes industrias tractoras. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Golpe Acuña (BNG).* (Páx. 71.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza).* (Páx. 74.)

Réplica do autor: *Sr. Golpe Acuña (BNG).* (Páx. 77.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza).* (Páx. 79.)



Interpelación de D^a Noa Olalla Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a eficacia do sistema de protección ás vítimas de violencia de xénero. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 82.)

Resposta da Xunta: Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez). (Páx. 85.)

Réplica da autora: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 87.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez). (Páx. 89.)

Suspéndese a sesión as dúas e vinte e seis minutos da tarde e retómase ás catro da tarde.

Pregunta de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a dotación da Administración de xustiza das ferramentas precisas para poder desenvolver a súa xestión en galego ou en castelán de forma indistinta. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Taibo Corsanego (BNG). (Páx. 91.)

Contestación da Xunta: Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos). (Páx. 92.)

Réplica da autora: Sra. Taibo Corsanego (BNG). (Páx. 93.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos). (Páx. 94.)

A señora presidenta, Candia López, interrompe o tempo para facer una aclaración respecto da importancia de respectar os tempos das intervencións. (Páx. 95.)

Continua coa súa intervención o señor conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos). (Páx. 96.)

Alteración da orde do día

A señora presidenta, Candia López, comunica unha alteración da orde do día, que consiste en responder, nese momento, á pregunta ao Goberno rexistrada co número 26242. (Páx. 97.)

Pregunta de D^a Nicole Grueira Fernández e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas que a Xunta de Galicia está a desenvolver para promover o uso da lingua galega entre a mocidade. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Santamaría González (P). (Páx. 97.)

Contestación da Xunta: Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos). (Páx. 98.)

Réplica do autor: Sr. Santamaría González (P). (Páx. 99.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos). (Páx. 99.)

Pregunta de D^a Rosana Pérez Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións e previsións do Goberno galego no que concirne ao impulso da investigación e do control dos residuos radioactivos depositados na foxa atlántica fronte ás costas galegas. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Pérez Fernández (BNG). (Páx. 101.)

Contestación da Xunta: Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto). (Páx. 101.)

Réplica da autora: Sra. Pérez Fernández (BNG). (Páx. 103.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto). (Páx. 104.)



Pregunta de D^a Cecilia Vázquez Suárez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación financeira da Universidade da Coruña descuberta tras a liquidación do exercicio 2023. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rodríguez Martínez (P).* (Páx. 105.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González).* (Páx. 106.)

Réplica do autor: *Sr. Rodríguez Martínez (P).* (Páx. 107.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González).* (Páx. 108.)

O señor Abalde Alonso (S) pide a palabra por alusións realizadas por xuízos de valor e inexactitudes, con base no artigo 76.1. do Regulamento do Parlamento de Galicia. Porén, non lle é concedida polo señor presidente por este entender que o deputado non foi aludido en ningún momento da intervención. (Páx. 109.)

Pregunta de D^a Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia verbo do real decreto que regula o traspaso das competencias en materia de menores non acompañados. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pérez López (P).* (Páx. 109.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez).* (Páx. 110.)

Réplica da autora: *Sra. Pérez López (P).* (Páx. 111.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez).* (Páx. 112.)

Pregunta de D^a Patricia Iglesias Rey e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a postura da Xunta de Galicia ante a demanda da execución urxente dunha variante na circunvalación de Carballo para conectar o polígono de Bértoa coa zona sur da localidade e facilitar a ampliación do devandito polígono. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Iglesias Rey (S).* (Páx. 113.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue).* (Páx. 114.)

Réplica da autora: *Sra. Iglesias Rey (S).* (Páx. 115.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue).* (Páx. 116.)

Pregunta de D^a Alexandra Fernández Gómez e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns do cambio de criterio da Xunta de Galicia no réxime de adxudicación das vivendas de promoción pública (VPP) e o paso do arrendamento á compravenda. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Fernández Gómez (BNG).* (Páx. 117.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue).* (Páx. 118.)

Réplica da autora: *Sra. Fernández Gómez (BNG).* (Páx. 119.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue).* (Páx. 119.)



Pregunta de D^a Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a postura da Xunta de Galicia respecto da pertinencia dun plan sanitario urgente para O Salnés co obxecto de cubrir o incremento da demanda derivada da presión turística estival. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 121.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño).* (Páx. 122.)

Réplica da autora: *Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 123.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño).* (Páx. 124.)

Pregunta de D^a Lara Méndez López e D^a María Elena Espinosa Mangana, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da cobertura da atención sanitaria no concello de Cervo nos vindeiros meses de verán. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Méndez López (S).* (Páx. 125.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño).* (Páx. 126.)

Réplica da autora: *Sra. Méndez López (S).* (Páx. 127.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño).* (Páx. 128.)

Remata a sesión ás cinco e corenta e nove minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión, e, antes das preguntas ao presidente, permítanme que saúde a Asociación de Veciños e Comerciantes do Barrio de San Antonio de Lugo, que hoxe visitan o Parlamento. Sexan benvidos, e tamén os invitados que están na tribuna.

Comezamos co punto sétimo da orde do día.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a actuación política do Goberno galego no que vai do ano 2025

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Moitas grazas, señor presidente.

Tamén os meus saúdos para os veciños da parroquia de San Antonio de Lugo.

Señor Rueda, se lle preguntásenos a algún galego ou galega que recorde algún proxecto, unha iniciativa do seu goberno no último ano, no ano 2025, ¿que cre que respondería?

En política industrial, o primeiro que lle viría á cabeza a calquera galego ou galega é o proxecto de Altri, ese proxecto de macrocelulosa que ninguén quere e que Galicia non necesita, e sobre o que teñen un pacto secreto firmado que conviría que coñeceremos todos o contido; a saber o que di ese pacto.

Pero, en todo caso, terían claro que non hai unha aposta decidida polo medio ambiente, pola enerxía renovable. Por unhas cousas ou por outras, por suposto por causas alleas á súa acción, estamos perdendo posicións no mapa das enerxías renovables en España. É claro, vendo o que se aprobou na ponencia política do último congreso do Partido Popular a pasada fin de semana, que apostan polas nucleares, tampouco nos estraña.

En materia de sanidade, mentres nós apostamos por subir o nivel, apostar por unha atención primaria forte e por poñer fin a ese proceso de descalabro que teñen os hospitais comarcais ou de ter un impulso decidido sobre a protección da saúde mental, vostedes dedícanse a celebrar aniversarios, o décimo aniversario da megafraude que foi o Álvaro Cunqueiro de Vigo, con 470 millóns de sobrecusto.

Se falamos de vivenda, voulle dar algunha cifra. En outubro pasado estaban inscritos no Rexistro de Demandantes de Vivenda 18.000 persoas; esta semana, 22.500, 4.500 máis. Claramente, si, si, hai un dato revelador, non sei se lle parece grave ou non que se aumente de forma tan importante esa proporción, pero as receitas desta fin de semana xa as coñecemos: maior liberalización do solo, poñer fin aos controis na construción, en definitiva, a receita da burbulla inmobiliaria. Rato e Aznar volveron aparecer. Eses son os seus referentes que apareceron esta fin de semana; un pasou pola cadea e outro deu unha conferencia sobre a



corrupción, que seguiron atentamente todos, porque cando fala un profesional hai que atendela e prestarlle atención.

En política social, coñecemos tamén as últimas cifras: 361 días de espera para recibir as prestacións en materia de dependencia; non estamos nos mellores dos niveis das comunidades autónomas, pero son 361 días, e vostedes seguen racaneando co SAF, facendo política de beneficencia, porque así é como vostedes entenden a política social.

En materia de emigración, póñase un 10. Aquí xa nos abrazamos decididamente nos brazos de Santi Abascal e da política da ultradereita. Cando hai algún problema humanitario, a reacción do Partido Popular, dígoos porque se materializou nesa ponencia política desta fin de semana, onde se abrazan descaradamente as políticas da ultradereita, vostedes xeran máis problemas ou xeran boicots. Pero é que ten tela a cuestión. Cando se fala de que inmigración desexan, selecciónana en función da cultura e selecciónana tamén en función da forza do traballo; toda unha receita de nacionalismo casposo, en definitiva, de indignidade.

E se falamos de idioma, de lingua, no último ano, no ano 2025, foi cando se coñeceron os peores datos de utilización do noso idioma, sobre todo entre a mocidade. A reacción tras a publicación foi a destitución do director do IGE. Cando nós propoñemos que se utilice o noso idioma no Congreso, no Parlamento Europeo, vostedes votan en contra. Pero tamén, voltando a esa magnífica ponencia dese congreso, o que se quere facer, non sei se o sabían, é volver outra vez a que no Congreso dos Deputados non se poida utilizar o noso idioma e sobre todo que se paralicen cuestións como a utilización dos idiomas para acceder á función pública. ¿Por que lle quere tan mal ao noso idioma o seu partido e polo tanto vostede?

Mire, señor Rueda, entre o que non fixo e o que promete facer, seguindo esa ponencia ideolóxica de ultradereita desta pasada fin de semana, vostede empeza a dar verdadeiro medo como presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Saúdo tamén os veciños de Lugo.

Señor Besteiro..., *(Risos.)* este batiburrillo. Os recados que me ten que dar desde Ferraz, que vostede é a mellor correa de transmisión, as cousas que intentou dicir, e non me quedou moi clara a mensaxe sinceramente. ¿Quere que falemos da fin de semana? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, se non, falaremos da fin de semana. Pero cando lle din de dar recados, que non llo poñan tan difícil, porque se o que lle din é que ten que falar da fin de semana e nomear a xente que está en prisión a verdade é que a vostede lle exixen moito, señor Besteiro. *(Aplausos.)*



Mire, teño que recoñecer que a súa pregunta me gusta, por dúas cousas. A primeira, porque, ¡home!, está ben nestes tempos, co que lle chove ao Partido Socialista, que haxa un socialista, teoricamente polo menos, interesado en ver o que fai un goberno e non interesado en todo o que ultimamente lles ten que interesar á forza a vostedes; está ben, reconforta un pouco; hai algún socialista, polo menos, que se preocupa disto.

Despois, ¿que quere que lle diga sobre a pregunta? Vostede pregúntame polo balance deste ano 2025, 2024, en que empezou a lexislatura, que nos podía facer o meu grupo, do que eu lle agradecería moito. Por tanto, agradézollo a vostede. Eu sempre lle dixen, dígoo moitas veces: estou moi orgulloso do meu Goberno, do que estamos facendo, por suposto con fallos, con cousas que mellorar, pero sinceramente creo que se están facendo cousas importantes. ¿Quere que llas resuma dalgunha maneira?

Pois mire, simplemente estamos facendo aquilo que a xente nos pediu cando nos deu a súa confianza por quinta vez consecutiva, maioría absoluta, para que cumpriramos os compromisos da campaña electoral, que sinceramente é o que estamos facendo. Eu comprendo que isto no Partido Socialista actual a vostedes lle soe transgresor, case revolucionario: cumprir a palabra, dedicarse a gobernar, pero é o que hai, señor Besteiro; e, polo tanto, é o que estamos facendo.

E dicía que, por suposto, podemos mellorar, pero permítame que lle faga un pequeno resumo, agora na réplica, das cousas que estamos facendo, e ímolo facer por comparación, porque sempre é bo comparar, e a vostede, que tanto lle gusta traer as cousas de Madrid, recados de Madrid, voulle mandar un recado a Madrid de volta. Mire, dígalle a Madrid que aquí os servizos públicos funcionan. Aquí vaise a enerxía, non temos explicacións; nin paran os tres, nin seguen as citas previas eternas para que nunca te atendan, nin hai parálise en xeral. Aquí os servizos, señor Besteiro, funcionan. *(Aplausos.)*

En segundo lugar, moi importante, por moito que vostede diga: non, vou repetir que ter orzamentos é o de menos. Non está de moda ter orzamentos, é moito mellor gobernar á deriva, sen un orzamento. Non. É moi importante. Aquí facémolos todos os anos, xa estamos facendo o de 2026, e aprobámoslos e entran en vigor o 1 de xaneiro. Vostede non se molesta nin facer un excel nin en presentar nada, ¡que máis dá, que máis dá!, se está noutras cousas, señor Besteiro.

En terceiro lugar, a diferenza é moi importante, iso está ben, que se diga tamén. Mire, cando empeza a semana en Galicia os periodistas están pendentes do que sae do Consello da Xunta de Galicia; cando empeza a semana en Madrid co Goberno central, con Pedro Sánchez, están pendentes do último escándalo que vai saír, *(Aplausos.)* sobre mulleres, sobre subornos, sobre mordidas, sobre enchufes, sobre o que faga falta. Unha diferenza moi importante.

En cuarto lugar, e como resumo, mire, nós aquí traballamos, funcionamos, agora falamos na réplica, pero queremos que funciona a sanidade —estamos niso—, que funcione a dependencia, apoio á xente nova, apoio á xente maior, apoio aos sectores produtivos.

Pregúntame polo curso político. Podemos falar do curso académico tamén, de logros. Mire, por primeira vez na historia, os primeiros de España, absolutamente gratuíto estudar.



Hai moitísimas cousas, señor Besteiro. Comprendo que a vostedes nestes momentos, que estaban noutras cousas, lles custa entendelo, pero, mentres me pregunte por xestión, terá moitas respostas.

Estou moi contento con esta pregunta e con que ma faga vostede especialmente.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica do señor Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Moi ben, moitas grazas, señor presidente.

Ben, eu non sei se esta fin de semana ou non se enterou ou fai que non se entera ou nos toma a nós por despistados. O que aprobaron vostedes é a axenda política do Partido Popular, por tanto tamén a súa axenda política, entendo eu, salvo que me contradiga e diga que vostede vai por outro lado, que conviría dicilo.

Pero mire, ¿sabe as consecuencias que teñen tamén para Galicia algunhas das decisións que vostedes tomaron politicamente estea fin de semana? Pois voullo dicir. Cando vostedes falan na súa ponencia política e aplaudiron e aprobaron esa ponencia política de que o Estado debe reducir o seu peso nas empresas públicas, significa que, se vostedes gobernan, van privatizar, aquí en Galicia, Navantia; iso é o que significa, señor Rueda, (*Aplausos.*) iso é o que significa. A privatización do sector público, que xa tivemos que vivir unha oleada moi importante e moi grave para este país na época de Aznar, repítese, porque aparece na súa axenda política, e iso ten consecuencias aquí no territorio.

Cando vostedes desprezan as subidas do salario mínimo e falan de salario medio, a única explicación e consecuencia directa do que pretenden é elevar as rendas altas para subir ese salario medio; esa é a consecuencia directa desa explicación do que vostedes aprobaron.

O que se aproba nese contido político supoño que será para cumprilo e, por tanto, a miña obrigação tamén aquí é desvelar esa axenda oculta que ten o Partido Popular no territorio en España e en Galicia, e como a Galicia lle afectan esas decisións.

Cando falamos de maior liberalización do solo, hai que recordar o que pasou na época de Aznar, que se quere volver reeditar desde o Goberno de España; todo iso funcionou como funcionou e as consecuencias aínda as estamos pagando agora.

Cando falamos de sanidade, tamén falamos diso.

E cando falamos doutras cuestións como as relativas ás implicacións que ten en Galicia ese proxecto político, é porque, efectivamente, da alternativa e do modelo é do que se está discutindo agora, esas son as cuestións das que hai que falar, salvo que vostede pretenda ter unha axenda diferente; por tanto, tamén o debería dicir.



Por iso, en cuestións como o sector público, xa lle anuncio que traeremos propostas neste Parlamento para que todos nos retratemos na defensa hoxe e no futuro do sector público, polo que atinxe tamén a Galicia, pero no conxunto de España, e veremos vostede que decide.

As consecuencias desta fin de semana dígolle eu cales foron, sen ningunha dúbida. Mire, a solución en materia de vivenda é a solución de Rato, unha solución antiga e rancia; a solución en materia de corrupción é Aznar; e, finalmente, a solución en materia de inmigración aquí xa é Santiago Abascal. Só lle falta un para ter o póker de ases, que é, en materia de emerxencias, seguir as consignas de Mazón, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Besteiro, ¿en serio que ese é o argumentario que lle dan de Ferraz? *(Aplausos.)* Mire, ¿sabe o que pasa? Nótase moito que os que fan os argumentarios están a outras cousas agora, e a vostedes destínanos como poden, e iso, a ver que pasa. Están a outras cousas agora mesmo e hai que argumentar outro tipo de noticias que están saíndo.

Mire, eu estou encantado de que falemos de que vai pasar cando o Partido Popular governe, podemos estar todo o tempo que queira. Efectivamente, iso non pasa porque, ben, xa o dixo Pedro Sánchez, non hai moito que discutir; convoque eleccións, porque as vai perder. Pero se quere facer ese futurible, iso eu espero que chegue canto antes.

Xa, se quere ir a cousas concretas, resulta que vostede..., ben, imos falar da privatización de Navantia; isto dimo un membro do Partido Socialista, que é o partido que está asaltando todas as empresas cotizadas os venres pola tarde. *(O señor Gómez Besteiro pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si, señor Besteiro. Pero fálame vostede de privatización, pero se non se cortan un pelo. Mire, imaxine que vostede esta pregunta que me está facendo aquí a fixera no Goberno, e que lle quixeran responder —que a vostede o tomaran en serio, que iso é outra cousa—; se tiveran que responder que fixo o Goberno central neste curso político, está fácil —dígollo eu—, mire: Lei de amnistía, cupo independentista, ameazas aos xuíces e fiscais que os están prexudicando porque están aplicando a lei, ameaza aos medios de comunicación que non son da súa corda; e, efectivamente, asalto ás empresas cotizadas, polo que poida pasar despois, para quedar tranquilos e relaxados. Imaxine agora mesmo que esta mesma pregunta a fai no Comité Federal, no que vostede estivo o sábado, e que alí, nun exercicio de valentía que algúns socialistas teñen e vostede non ten nin de broma —e iso a xente obsérvao tamén, señor Besteiro, tamén moitos socialistas, quen é valente, quen di o que hai e quen cala, aplaude e transmite mensaxes, como fai vostede—, imaxine vostede que se atrevera a preguntar, con Óscar Puente ao lado —xa postos a descubrir o escenario e disposto a saltarlle á xugular, xa digo



que vostede isto non o ía facer nin de broma—, como lle foi este ano 2025 a Pedro Sánchez. ¿Cales foron as cousas que beneficiaron os españois? ¿Cales foron as cousas que nos pareceron ben? Mire, eu xa sei que estas preguntas non as vai facer, evidentemente, porque as respostas son as que son.

Entón, efectivamente, imos falar do que estamos facendo aquí. De sanidade, por exemplo. Antonte aprobamos, nun goberno que funciona, unha estratexia de enfermidades raras, 400 millóns de euros; seguimos construíndo hospitais, seguimos sendo pioneiros en cribado, en vacinas; seguimos —por certo, datos do Ministerio de Sanidade— baixando as listas de espera.

En dependencia, ¿hai que mellorar? Por suposto. Pero, mire, case 13.000 dependentes valorados no primeiro semestre, o plan de choque funciona.

En emprego, cifra récord mínima de desempregados e máxima de cotizantes.

En vivenda, seguimos con ese plan, para cumprir —xa verá como si— dobrar o número de vivendas de promoción pública. E seguimos dándolle as axudas á xente moza, facendo rebaixas fiscais, axudas á rehabilitación.

En autogoberno, mire —mal que lles pese—, fixeron todo o posible para que non fora así, Galicia leva unha semana case xestionando o seu litoral.

En educación —datos de PISA—, baixamos as *ratio* tamén, seguimos construíndo colexios, facemos axudas para a compra de material escolar. E mire, anúnciolle que poñeremos en marcha unha oficina específica de atención ao docente, para informalalo, para amparalo, para protexelo en calquera situación de ameaza, en calquera situación de acoso que poida sufrir, incluso o acoso dixital. Isto é un goberno que funciona, un goberno que fai cousas. (Aplausos.)

Polo tanto, señor Besteiro —e remato xa, señor presidente—, eu, encantado de que me faga este tipo de preguntas, encantado. Canto máis tempo estea vostede ademais facendo este tipo de preguntas á fronte do seu grupo, de verdade llo digo, máis encantado aínda, eu e todo o seu grupo. Se vostede está encantado, imaxine nós, señor Besteiro, imaxine nós, de que sexa vostede o responsable deste grupo, que o único que fixo e o único que fai é amparar un goberno.

Mire, Galicia funciona, e a xente dío cada vez que hai eleccións, e por iso os españois deberían ter dereito tamén a dicir a súa opinión. Agora, se a dixeran, xa sabíamos o que pasaría, xa vostedes mesmos o dixeran; pero estaría ben, porque se Galicia puidera soltar o lastre que supón o Goberno central agora, funcionaría moito mellor.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o grao de eficacia das solucións do Goberno galego aos problemas de Galicia

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora PONTÓN MONDELO: Bo día.

Benvida tamén aos veciños e veciñas de Lugo.

Señor Rueda, hoxe traio a esta sesión de control a deriva autoritaria e antidemocrática do seu goberno, porque o certo é que estamos ante o Partido Popular máis ultra da historia, e cada día temos unha nova evidencia. ¿Sabe cal foi a última? Foi que quere impoñer a censura nos centros educativos e nos centros de ensino; xa non lles chega agora coa TVG, tamén queren censura nos centros educativos e nos centros de ensino. De feito, presionan centros de ensino para que non participen nun certame artístico porque se fala sobre Altri; vostedes intentan impedir que se colgue nun colexio unha bandeira de Palestina que quere denunciar o xenocidio; ou a última, que é prohibir colocar nos centros sanitarios pancartas en defensa da sanidade pública. A cuestión non é reforzar o persoal sanitario, senón prohibirles aos médicos que denuncian a falta de médicos, (*Aplausos.*) porque iso parece ser que é adoutrinamento.

Por suposto, para o Partido Popular todo é adoutrinamento, salvo se defendes a ideoloxía do Partido Popular máis ultra. Todo é adoutrinamento, salvo se defendes a ideoloxía do Partido Popular máis ultra da historia. Non aturan a crítica, e por iso intentan prohibila por todos os medios.

Señor Rueda, ¿cal será a seguinte censura? ¿Un cartel do 8-M? ¿Unha pancarta a favor do colectivo LGTBI? ¿Un manifesto a favor do galego? ¿Cal será a próxima imposición que querran prohibirlle á xente deste país? Porque, señor Rueda, o que está pasando é que vostede está recuperando o lapis vermello da censura para decidir que teñen que pensar os cidadáns e que poden opinar.

E nesa deriva antidemocrática hai cousas que veñen de atrás, porque levan moito tempo amordazando este Parlamento, impedindo comparecencias, debates, e ocultándonos información.

Nesa deriva tamén vemos como asaltaron a Televisión de Galiza, que hoxe é TelePP, que xa só lle queda a vostede presentala nos telexornais, señor Rueda. Hoxe a TVG é unha arma de manipulación masiva a base de mentiras, propagandas e bulos, (*Aplausos.*) que é o que estamos neste medio público, e onte mesmo volveron asaltalo nesta Cámara.

E nesa deriva antidemocrática tamén está como insultan os milleiros de persoas que se manifestan en contra dos seus recortes, privatizacións ou o espolio do territorio, persoas ás que vostedes consideran adoutrinadas e manipuladas, como se a cidadanía deste país non tivera capacidade crítica.



Señor Rueda, ¿de verdade pensa que con censura e con prohibicións pode vostede tapar a súa falta de solución aos problemas de Galiza? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, ¿en serio quere que falemos de adoutrramento? ¿En serio quere que falemos de control ideolóxico, jeh!? Pois empezamos falando polo seu autocontrol ideolóxico. Que me pregunte por isto unha persoa que fixo todos os esforzos de branqueamento durante a campaña electoral ocultando todo aquilo que realmente pensa, para que despois os seus xefes —os que mandan no Bloque, os coroneis da UPG— lle dixeran que xa podía outra vez volver pensar o que pensaba sempre e expresalo libremente. Porque, total, disimular como nunca para perder coma sempre non lles compensou. *(Aplausos.)* E, polo tanto, iso si que é control ideolóxico.

Mire, eu teño que dicirlle que non deixa vostede de sorprendeme. Xa coñeciamos a Ana Pontón presidenta; despois das eleccións, nomeou un goberno; por certo, non volvemos saber nada máis del, non sei xa cambiou os conselleiros, *(Risos.)* se seguen os mesmos, non soubemos nada máis diso. Xa coñecemos a Ana Pontón experta medioambientalista, que sabe máis que calquera funcionario que emita un informe na Xunta de Galicia; vostede sempre sabe máis e sempre os desautoriza. Xa coñecemos a Ana Pontón xuíza ou fiscal, que acusa, destrúe a presunción de inocencia e dita sentenza; sempre para o mesmo lado, iso si. E agora coñecemos —polo que acaba de dicir— a Ana Pontón policía do bo pensamento, onde os que pensan como vostede eses son bos; é o de sempre do Bloque; os carnés de bos e malos galegos, segundo o que pensen, está ben que vostede o explicita así. Mire, eu comprendo que todas estas Ana Pontón —leva vinte e cinco anos aí sentada— se teñan que reinventar bastante, pero, ¡home!, non tanto como para que se lle note.

En Galicia non hai liberdade. Pois ¡quen o diría, eh! Temos unha manifestación do Bloque cada cinco minutos, *(Risos.)* que eu saiba, en total liberdade.

Por certo, falando de pancartas, vostedes saben moito de arrincalas. O outro día, para denunciar o machismo, con todo o que está pasando en España e o que coñecemos de *puteros* vostedes van a unha sede do Partido Popular; e como lles saen tan mal as manifestacións, o que teñen que facer ao final é negar que non eran vostedes. ¡Pois eran vostedes arrancando pancartas!, *(Aplausos.)* señora Pontón, eran vostedes arrancando pancartas. *(Murmurios.)*

Mire, ¿como será o seu control ideolóxico que ata as plataformas que vostedes crean acaban afogándose dicindo que non é soportable tanto control e acaban dividíndose? E os que realmente non están dispostos a someterse a iso vanse. Pregunte pola Plataforma Ulloa Viva, o que pasou, o que denunciou. ¿Ese non é control ideolóxico? ¡Pero se o din ata eles mesmos!, que estaban con vostede, señora Pontón. *(Murmurios.)*



E mire, ¿quere que falemos da Televisión de Galicia? Moi ben. Entón, que se saiba. Despois de intentar buscar vostede, por terra, mar e aire, alguén que dera a cara para presentarse aquí como candidato ou candidata por vostede, non atopou ninguén. Pregúntense por que, menudo síntoma. E entón decide o que decide sempre o Bloque: ir por unha profesional, dicir todo o que están dicindo dela, poñer en dúbida a súa traxectoria simplemente porque non é da súa corda. *(Aplausos.)* Mire, eu deséxolle toda a sorte do mundo, toda a forza e sobre todo toda a paciencia para o que vai ter que aguantar a partir de agora dos que adoutrinan sempre.

E mire, falamos —e remato xa, señor presidente— sen ningunha dúbida do que tanto lles molesta: adoutrramento nas escolas. Pero ¿que mal hai? Ás escolas os alumnos van aprender e os docentes a ensinar, señora Pontón. *(Murmurios.)* E quen se molesta por iso por algo será; estase delatando. Mire, eu comprendo que vostede estea moi molesta e que os coroneis da UPG estean moi molestos, pero síntoo moito, os alumnos son alumnos, non son futuros soldadiños do nacionalismo.

E, polo tanto, mire, voulle dicir unha cousa: os galegos son libres e canto máis aprendan máis libres serán, *(Aplausos.)* señora Pontón, máis libres serán. Aprender en liberdade e sen adoutrinamentos. Non se equivoque, señora Pontón.

Mire, vostedes perden elección tras elección —con vostede xa van tres— non porque haxa control ideolóxico en Galicia, senón porque os galegos son moito máis libres e, sobre todo, moito máis listos do que vostede cre.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica da señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, as súas respostas só nos confirman a súa deriva antidemocrática e autoritaria. *(Murmurios.)* Si, si, si. E a do seu grupo, que, como todas as sesións de control, *(Murmurios.)* ten que interromper, porque lle molestan as intervencións críticas, como lle molesta a crítica que se fai neste país. *(Aplausos.)* Por iso teñen que recorrer a iso.

A quen xa coñecemos é a vostede, señor Rueda. Coñecemos a súa submisión a Madrid, coñecemos o seu servilismo a grandes grupos económicos en contra deste país, tamén coñecemos a súa prepotencia. E hoxe volveunos dar outro exemplo do seu machismo, porque, claro, ¿como vai haber unha muller que pense por si mesma? *(Murmurios.)* As mulleres sempre temos que estar controladas. *(Aplausos.)* Si, si, as mulleres en política, controladas; non como vostedes, que son librepensadores. *(Aplausos.)* Si, si, si, si.

E fíxense: díxonos o señor Rueda que en Galiza os galegos son libres, ¡ah!, excepto para denunciar nos centros de saúde que faltan médicos. *(Aplausos.)* Os galegos e as galegas son libres, excepto para que nun instituto se poida poñer unha bandeira palestina para denunciar



o xenocidio. (*Murmurios.*) ¡Ah! ¿Iso non se pode? (*Murmurios.*) A censura do Partido Popular non o pasa. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Señor Rueda, ¿vostede cre que a liberdade é que o seu goberno presione un centro educativo para que non se celebre unha conferencia sobre Palestina?

E permítame tamén que lle faga outra pregunta: ¿en que momento vostede decidiu que a defensa dos dereitos humanos é adoutrinar? (*Aplausos.*) ¿Porque está realmente vostede acusando os médicos e médicas e o profesorado de adoutrinar? ¿Está vostede dicindo nesta Cámara que os profesionais da sanidade pública adoutrinan cando denuncian os seus recortes? (*Aplausos.*) De verdade, señor Rueda, que a súa deriva autoritaria e anti-democrática é grave.

E vostede non está aplicando a neutralidade. Non, non. Vostede o que quere é aplicar o control ideolóxico e impoñer a censura de quen pensa diferente do Goberno do Partido Popular, de quen pensa diferente de vostedes. Por iso, pídolle que retire esas ordes da censura tanto no sistema educativo como nos centros sanitarios do noso país. Porque si, señor Rueda, os galegos e as galegas teñen dereito a expresarse en liberdade. Unha democracia e a liberdade non é ir tomar cañas, liberdade é poder criticar o Goberno sen que te chame o conselleiro de Educación para dicirle que é o que tes ou non que facer.

Señor Rueda, os galegos e as galegas teñen dereito a expresarse con liberdade, aínda que iso a vostede non lle guste. Chámase democracia. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, non se enfade tanto; para dicirme o de sempre, non fai falta que o diga tan enfadada.

Antidemocrático, ¡vaia novidade! Submisión a Madrid, nunca mo dixera. Machista, é a primeira vez que mo di. (*Risos.*) Submisión ás eléctricas, nunca o escoitamos. Faltou Paula Prado, ¡vaia decepción, eh! (*Risos.*) (*Aplausos.*) Faltou Paula Prado tamén, para sacar todos os clásicos que vostede di cando queda sen ideas, señora Pontón. (*Aplausos.*)

Mire, ¿sabe o que é control ideolóxico? (*Murmurios.*) Control ideolóxico é o que lles fan a vostedes dende Madrid o seu goberno amigo. Si, si, si, si. Se non, ¿como se explica que, con todo o que estamos sabendo sobre subornos, sobre amaños de contratos, sobre enchufes, sobre tratar as mulleres como se foran mercancía, vostedes seguen aí? Cren que non, non van á foto, e están aí sostendo o Goberno, de muleta.

Dicíao vostede nunha entrevista: se se demostra o financiamento ilegal, os cidadáns terán que falar. Non, señora Pontón. Se se demostra o financiamento ilegal, os que terán que falar



son os xuíces e terán que ir ao cárcere os que fagan financiamento ilegal. *(Aplausos.)* Iso é o que hai; si, si, señora Pontón, si.

¿Dáse conta? ¿Dáse conta do que é facer de xuíza sen ter nin idea? Os cidadáns xa están falando, o que pasa é que vostede non os escoita, e cando escoitan todo o que están dicindo dos *puteríos* que coñecemos do PSOE, van á sede do PP. *(Murmurios.)* Así escoitan vostedes, así interpretan. O de sempre, señora Pontón: tan bravos aquí e tan mansos en Madrid. *(Aplausos.)* Isto é o que hai.

Mire, seguen aí, apoiando, sostendo, xustificando; é o que están facendo e seguirano facendo, por moito que intenten disimular. Vostede saberá por que, cales son as razóns e cales van ser as consecuencias. E eu ir con ese capitán no mesmo barco... Eu non son quen para darlle consellos, por suposto, pero non sei que negocios están facendo. A min xa non é que aplaudan a orquestra do Titanic, é que están formando parte da orquestra e, polo tanto, afundiranse.

Mentres, alá vostedes, os galegos están tomando nota, todo o que estamos vendo do que pasa nun Partido Socialista en descomposición, e os aliados, os irreducibles. Polo menos, hai algún partido nacionalista que está obtendo cousas, vostedes non obteñen nada, é moi difícil de entender. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, señora Pontón, *(Murmurios.)* toda esa xustificación, todo ese cinismo, todo ese mirar para outro lado.

Mire, teña clara unha cousa: a maioría social en Galicia non é nacionalista e moito menos independentista. Por moito que queiran adoutrinala, por moito que queiran facer control ideolóxico, a xente aquí é libre para elixir e non lle gustan os adoutrinamentos. *(Aplausos.)* Canto antes entendan isto, señora Pontón; canto antes o asimilen —que a xente non é parva e que a xente é libre—, antes entenderán como votan os galegos. Antes crerán de verdade —non coa súa ideoloxía única— a esta terra, que é marabillosa, e antes quitaráselles esa cara de enfurruñados que teñen sempre; *(Murmurios.)* e vostede —teño que dicilo—, especialmente, máis que ninguén. Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Continuamos co punto quinto da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e D. Óscar Insua Lema, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que presente un proxecto de lei para a creación dunha oficina antifraude adscrita ao Parlamento de Galicia e encamiñada á prevención da corrupción

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Iglesias Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.



Emenda de modificación.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que avance nas súas políticas en materia de integridade institucional, prevención da corrupción e rexeneración democrática. De forma particular se adopten as seguintes medidas:

- 1. Dar un paso adiante e decidido nas políticas de Integridade Institucional, Transparencia, Participación da cidadanía e de Prevención da corrupción.*
- 2. Aprobar unha normativa autonómica específica en materia de Integridade institucional, Administración aberta e rexeneración democrática para completar a regulación dos conflitos de intereses, o procedemento a supervisión dos mesmos, a regulación das portas xiratorias, os plans de prevención da corrupción, así como a regulación dos grupos de intereses (lobbies).*
- 3. Reforzar a autoridade galega de protección do informante, para darlle maior independencia, medios e maior capacidade sancionadora e coercitiva. Que se aprobe no seu seo, campañas activas de divulgación da Lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción, e se informe sobre o funcionamento do canal externo de denuncias.»)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Iago Tabarés.

(Murmurios.)

Espera a que estea isto máis tranquilo.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Bo día, señor presidente.

Señorías.

Tamén con carácter previo, e vistas as manifestacións anteriores e as que se teñen feito nun pleno anterior, gustaríame facer unha pequena precisión. Si recoñecer, por suposto, o dereito á expresión, pero non é igualmente lícito todo o que se expresa, non é igualmente lícito defender unha poboación que está sufrindo un xenocidio que defender un Estado que está provocando ese xenocidio. *(Aplausos.)* Non é o mesmo. Non é o mesmo que a alguén lle poida parecer así neste momento defender e exhibir unha bandeira palestina que defender e exhibir unha bandeira do Estado de Israel. *(Aplausos.)* O dereito de expresión, si. O que se expresa non é igualmente lícito e non é neutralidade considerar que é indiferente unha cousa da outra. *(Aplausos.)*

Ben, pedindo desculpas por esta pequena disquisición, gustaríame entrar no tema desta iniciativa. E esta iniciativa —xa anticipo— é unha iniciativa construtiva, é unha iniciativa en positivo, é unha iniciativa que non vai contra ninguén, vai contra a corrupción. Certamente,



hai nunhas filas onde a corrupción é máis abundosa; outras, que tamén están salpicadas pola corrupción; e outras, neste momento ausente pero tamén dentro do Grupo Mixto, parece que teñen algunha ra nisto da corrupción.

É un sistema, é algo que está totalmente normalizado, e temos que partir dunha consideración, primeira: non todos somos iguais, existe a corrupción cero e non é un mal inevitable.

O Bloque Nacionalista Galego leva moitos anos —décadas— gobernando en institucións sen causas de corrupción, totalmente limpo. (*Murmurios.*) Por tanto, non todas somos iguais, a corrupción cero si que existe. (*Aplausos.*)

No BNG somos plenamente conscientes de que a corrupción, e moitas veces a sensación de impiedade que está corrupción transmite; é dicir, vemos condenas de corrupción e despois vemos esas persoas condenadas en firme, ben, campar ás súas anchas e seguir facendo unha actividade política ou unha actividade mercantil absolutamente normal. E iso xera unha preocupación evidente na sociedade, porque a corrupción é unha das principais preocupacións da cidadanía, é unha agresión contra a esencia mesma do sistema democrático.

Por exemplo, o financiamento ilegal de organizacións políticas, e xa temos máis dun caso, máis de dous, máis de tres condenas penais firmes por este tipo de delitos de financiamento ilegal, sentenzas da xurisdición penal, que, alén do seu compoñente económico, atentan contra os piares do sistema democrático.

O financiamento ilegal provoca unha alteración evidente nos sistemas democráticos nas manifestacións da vontade popular. E eses fondos irregularmente obtidos e dos que se beneficiaron e benefician organizacións políticas e altos cargos son recursos públicos. Son recursos públicos que por financiar organizacións políticas deixan de estar destinados á sanidade, deixan de estar destinados á vivenda, deixan de estar destinados ao ensino, ás estradas ou mesmo á seguridade cidadá.

Porque teñen que ser plenamente conscientes de que cando unha concesionaria fai uns regalos *de la hostia* non é de fondos da concesionaria; eses regalos *de la hostia* estámolos facendo todos e todas nós; eses *de la hostia* van á custa da vivenda, van á custa da sanidade e van á custa do ensino. (*Aplausos.*)

E esa corrupción non só afecta os recursos públicos, tamén afecta o benestar da cidadanía. E esa corrupción —xa o dixemos máis dunha vez—, en contra do que di o señor Garamendi, prexudica notablemente as empresas, as pequenas empresas e as pemes; e afecta tamén as autónomas, aquelas que non teñen no seu consello de administración a irmá dun presidente da Xunta de Galiza, aquelas que non teñen no consello de administración ao seu soldo unha persoa que ten relación coa presidenta da Comunidade de Madrid. Esas empresas son prexudicadas, a esas empresas impídeselles poder contratar coa Administración pública.

E é máis, ten un efecto que impide o desenvolvemento económico, porque esta situación de corrupción fai que outras empresas decidan non investir na Galiza, na Galiza ou no Estado, nestes ámbitos e nestas administracións corruptas.



E a isto non somos alleos. Onte saía un informe da Comisión Europea sobre o Estado de dereito en 2025. No Estado español existe unha percepción nun 89 por cento das persoas de que existe corrupción, que a corrupción é importante, fronte a unha media dun 69 por cento da cidadanía da Unión Europea. As empresas —un 87 por cento— pensan que no Estado existe corrupción, mentres unha media do 63 por cento das empresas da Unión Europea.

E en Galiza isto é perfectamente trasladable, é algo obxectivo, non é unha percepción do Bloque Nacionalista Galego nin de institucións ou organizacións afíns, senón dunha entidade tan prestixiosa como a Universidade de Gotemburgo, que, no seu Índice europeo de calidade de goberno, establece que Galiza está en materia de percepción da corrupción cun nivel moito máis elevado que a media da Unión Europea.

Tamén, dentro do Estado, Galiza é das comunidades autónomas que teñen un nivel de corrupción máis elevado, só superadas por Extremadura, por Andalucía e por Castela-A Mancha.

E por certo, señorías, isto non sempre foi así, Galiza non sempre tivo esa percepción de corrupción xeneralizada. En 2010, Galiza era a comunidade de todo o Estado onde o índice de percepción de corrupción era menor, e hoxe é a cuarta por abaixo. É un mérito que, sen dúbida, deben atribuírse.

E por iso, dende o Bloque Nacionalista Galego e sendo construtivos, entendemos que procede a creación dunha oficina antifraude; unha oficina antifraude como a que existe en Cataluña dende hai dezasete anos, como a que existe en Navarra ou mesmo existe en Andalucía; unha oficina antifraude como a que crearon gobernos progresistas en Baleares e Valencia e que gobernos da ultradereita en Baleares xa desmontaron e en Valencia están desmontadas; unha axencia antifraude que deberá dispor de personalidade xurídica propia e de capacidade de obrar, que deberá gozar de total autonomía e independencia, escollido o seu presidente, o seu responsable, por maioría de tres quintos, por maioría cualificada deste Parlamento e para un período de cinco anos; unha axencia antifraude con actividade para a prevención da corrupción, liberando de responsabilidades e de traballo o que agora ten atribuído o Consello de Contas. O outro día na Comisión do Consello de Contas dicíamos que non pode asumir máis fiscalización, máis asuntos, porque non ten persoal, porque non ten atribucións. Pois ben, restémoslle estas funcións preventivas e trasladémosllas a esa oficina antifraude.

Unha oficina antifraude que teña capacidades para investigar a corrupción, porque hoxe non hai ningún instrumento para poder investigar, non previr, senón para poder investigar as condutas susceptibles de ser constitutivas de fraude, corrupción ou conflitos de intereses; tamén para poder realizar recomendacións e propostas.

Debería asumir as funcións da autoridade galega de protección ao informante, para que cumpra cos parámetros democráticos que establece a Unión Europea e que o instrumento que vostedes crearon por detrás nunha lei de acompañamento non cumpre. Non é un sistema democrático e coas garantías que nos exixen dende a Unión Europea.

Unhas funcións, as da oficina antifraude, que non só teñen que ir ao sector público autonómico tamén, senón tamén ao sector público local, ás institucións estatutarias, como, por



exemplo, a este Parlamento, mais tamén ás persoas físicas e xurídicas privadas que foran adxudicatarias de contratos públicos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...ou receptoras de subvencións ou doutro tipo de beneficios.

Este instrumento é perfectamente compatible cos outros instrumentos, como pode ser ou debería ser o Parlamento de Galiza, como pode ser a Inspección ou como pode ser a Intervención Xeral da Xunta de Galiza; é perfectamente compatible.

Señorías, esta proposta construtiva, esta proposta contra a corrupción, revelará realmente a súa postura contra a corrupción, lonxe de utilizala como arma arreboladiza ou simplemente como argumento dialéctico a súa postura. E despois, que Galiza, que os galegos e as galegas poidan contar...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...cun instrumento para evitar que, efectivamente, se perpetúe este sistema...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...de corrupción impune.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas.

O primeiro de todo, como onte, eu quero comezar tamén cunha lembranza a Suso Díaz, sindicalista galego de esquerdas; é unha lembranza por parte do Partido Socialista de Galicia. (*Aplausos.*)

Xa o dixen onte, señorías, que a corrupción non é un problema ético, non é un problema moral, é un ataque directo á democracia. E quen a permite, quen a cobre, quen a abraza vergoñentamente ante denuncias de agresións sexuais e desacredita a Xustiza cando non lle convén, está debilitando a democracia, veña do partido político que veña, sen matices e sen panos quentes. Condena absoluta á corrupción, á prostitución, ao acoso, con independencia do partido do que veña.



Víñame á lembranza o caso Púnica, esa frase demoledora que, como muller, me sentín aterrada cando dicían: «o volquete de putas», que afirmaba e viña dun afiliado do PP, Alejandro Halffter; ao que, por certo, non expulsaron do PP, ascendérono a secretario xeral da Cámara de Comercio de Madrid. Por tanto, a prostitución non é un tema de esquerdas, dereitas e nacionalismo, é un tema de machismo estrutural no poder, señorías. *(Aplausos.)*

Pero a hipocrisía do PP fronte á corrupción non ten límites, porque as reaccións e as formas de actuar son claramente diferenciadas. Uns, como o PSOE, actúan, reaccionan, expulsan, colaboran coa Xustiza; outros abrazan, rehabilitan condenados e manteñen imputados e tamén destrúen discos duros de probas.

Hoxe o presidente vén de anunciar no Congreso, nunha comparecencia monográfica da corrupción, un plan de estratexia nacional contra a corrupción, que se presenta elaborado pola OCDE, e no que se vai exixir unha avaliación e un seguimento independente de todo o bloque de medidas que se van aprobar. Dá a cara, pide desculpas e presenta medidas, señorías. *(Aplausos.)*

As socialistas galegas cremos tamén na política en maiúsculas, na política útil —sempre o dixemos—, esa que se preocupa de dar solucións aos problemas dos galegos e das galegas. Onte mesmo trouxo o noso voceiro, Besteiro, a proposición de lei para mellorar esa atención primaria; a resposta en corenta e oito horas, blindar por lei esa atención. Votouse «non» por parte da bancada do PP.

Preocúpanos aos socialistas de Galicia o acceso á vivenda, o alugueiro social, a situación dos nosos maiores, o estado da dependencia en Galicia, cun modelo absolutamente privatizado en mans de fondos de investimento. Preocúpanos a transición ecolóxica ou as enerxías renovables; oitenta parques eólicos suspendidos no noso país por responsabilidade directa do Goberno galego, que leva dezasete anos na Xunta de Galicia.

Somos diferentes, señorías, sen dúbida ningunha. Diferéncianos a decencia política e diferéncianos a vocación de servizo público, e non practicamos unha política de lameira. Aínda que é verdade, fai moito frío na oposición. ¿Por que? Porque hai unha apisoadora totalmente demoledora da maioría absoluta que practica o PP, que non respecta os grupos da oposición nesta Cámara, na que cada vez máis —e vémolo— se potencian deputados da ala dura do PPdeG, subidos na hipérbole constante pero carentes dos seus discursos de fondo, de contido, absolutamente sen ningún tipo de respecto institucional, que se atreven incluso a cuestionar casos de violencia de xénero, absolutamente intolerable.

Sabemos tamén as socialistas de Galicia que Vox está dentro do PPdeG. E tamén nos preocupa ese seguidismo sen escrúpulos que fan do señor Feijóo en Madrid, nesa ponencia política aprobada, que hai unha regresión absoluta de dereitos sociais e dereitos dos traballadores e traballadoras neste país. Eu non quero ese mundo para os meus fillos e fillas.

E no PP nacional, o mesmiño que tiñamos con Feijóo, escolle a lameira como modelo de país, o ascenso de Tellado a secretario xeral, o mesmo persoeiro que xa marcou unha campaña sen escrúpulos no 2009, cando incluso acusou un vicepresidente de ter serios proble-



mas de convivencia coa súa muller, ou acusou falsamente o presidente Touriño de remodelar dependencias da Presidencia ou de comprar coches do parque móbil que xa viñan da época de Fraga; esa mesma persoa.

Evidentemente, non somos todos iguais. E, mentres, o PP con Vox destrúe organismos anti-corrupción que lle molestan; cando chegou o PP a Baleares suprimiu a oficina anticorrupción e en Madrid leva inactiva esta oficina, sen dirección efectiva, dende anos; en Valencia a axencia antifraude foi asfixiada orzamentariamente polo PP e por neste no Goberno. É, por certo, onde segue a gobernar o señor Mazón co consentimento expreso do señor Feijóo, no que houbo 238 mortes pola dina. Por certo, ese señor Feijóo que contratou con emerxencia o contrato da pasarela do barranco do Poyo a un condenado pola Gürtell, condenado pola Gürtell.

Respecto da iniciativa do BNG, as socialistas de Galicia cremos que a solución contra as irregularidades e fronte á corrupción non pasa, polo de agora —podemos entrar a debate—, por crear un ente como a oficina anticorrupción en Galicia, senón que cremos que neste momento a solución pasaría por adoptar as medidas que trouxemos onte, de aprobar unha Lei de integridade institucional, que regule os conflitos de intereses, as portas xiratorias, as incompatibilidades, que implemente na realidade do día a día os plans de prevención da corrupción; e pasa por fortalecer a autoridade galega do informante, creada hai pouco, un ano, pola Lei 2/2023; e pasa tamén por potenciar o papel do Consello de Contas neste labor de prevención da corrupción, que fixeron un labor moi importante. Recordei onte tamén a José Antonio, na creación de instrumentos de prevención da corrupción e de implementar medidas de integridade institucional.

E dicía —moi importante, ¿non?— esa detección e corrección dos conflitos de intereses que vemos día a día no Goberno galego. ¿Como, se non, se explica —dicíao onte tamén— que o señor Conde e agora a señora Lorenzana poidan actuar a tempo parcial de conselleiros de Economía e Industria e a outro tempo parcial de presidentes dunha sociedade, Impulsa, unha sociedade de recursos de Galicia que non é outra cousa que unha privatización absoluta das políticas industriais e de transición enerxética no noso país?

¿A que vai responder a señora Lorenzana: aos intereses das 32 empresas que forman parte do accionariado de Recursos de Galicia ou aos intereses xerais como conselleira de Economía e Industria? Porque as empresas teñen ánimo de lucro, é algo lexítimo. O conflito de interese, señoría, é manifesto, patente e ostensible.

E digo máis: en Galicia, como dicía, temos unha autoridade galega de protección de informante que cremos que se debe reformar, outorgarlle maiores poderes coercitivos, maior potestade sancionadora, darlle maior independencia, maiores medios e máis capacidade sancionadora, que inclúan tamén campañas activas de sensibilización e protección ao denunciante, transparencia, a divulgación do canal externo, si, que realiza labor de persecución e investigación de irregularidades. Xa ten atribuídas as competencias pola Lei 2/2023, que é unha transposición da directiva europea.

E no Goberno de España tamén hai medidas aprobadas de loita contra a corrupción. Está a Autoridade Nacional de Protección do Informante, que ten autonomía funcional, potestade



sancionadora, capacidade para realizar investigacións. En abril de 2025 nomeouse o seu presidente, que é Villoria, que era o presidente de Transparencia Internacional, persoa con recoñecido prestixio e traxectoria.

Vaise tramitar ese proxecto de lei de rexeneración democrática e integridade institucional. Imos ver que fai o PP con esa lei no Congreso dos Deputados.

En definitiva —e xa remato, señorías—, as e os socialistas galegos non vimos á política a vivir dela, senón a transformala, a mellorar a vida da xente, a facer máis xusta a vida e a honrar o esforzo de quen nos trouxo ata aquí.

Eu teño claro que non recibín bolsos *de la hostia*, señorías. Téñoos moi claro. Por iso, fronte a un PP que blinda imputados, desmonta oficinas anticorrupción e despreza a Xustiza cando lle vai mal, defendemos a dignidade, a ética pública e a rexeneración democrática real. E hai que escoller, señorías do PP: ou se está coa decencia ou se está coa impunidade. Nós, sempre coa decencia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidente.

Señorías, a verdade é que é conmovedor o entusiasmo na defensa do socialismo da señora Iglesias. Calquera día a colle o señor Besteiro e ata consegue afiliála. Porque fala vostede en nome dun partido ao que asegura non pertencer, unha cousa curiosísima. Entendo que aos que están dentro lles dea bastante máis vergonza defendelo que a vostede. (*Aplausos.*)

Señor Tabarés, eu non estou a falar de se hai que apoiar un partido ou outro, non, non, nin un país nin outro; estou falando da necesidade de manter a neutralidade nos colexios. Preocúpame o que dirían vostedes se alguén exhibise unha bandeira de Israel despois da maior matanza xudía dende o Holocausto, pero xa vimos en ocasións neste mesmo Parlamento cal era a súa actitude, que precisamente non foi condenatoria con eses feitos. Leccións de vostedes, nin media, nesa materia tampouco. (*Aplausos.*)

Mire, eu creo que xa son moi poucos, moi poucos, os cidadáns do noso país que teñen dúbidas sobre que o señor Sánchez preside o Goberno máis débil da historia da nosa democracia. Porque o señor Sánchez basea a súa permanencia en Moncloa con base nunha estraña relación parasitaria cos seus socios de goberno, que acceden a mantelo con vida política mentres teñan a posibilidade de seguir espremendo ata a última gota de sangue do señor presidente, en forma de prebendas e privilexios, e á custa, iso si, dos bolsillos dos cidadáns.

Os socios independentistas cataláns manteñen o seu apoio ao señor Sánchez, contra vento e marea, a cambio dun indulto que nunca ía producirse, da amnistía que o PSOE afirmaba



inconstitucional, dunha quitación da débeda a medida e agora tamén a cambio dun financiamento singular.

Os socios vascos continúan apoiando a Sánchez a pesar da corrupción que o asolaga, a cambio do branqueamento indecente das siglas e do pasado no caso de Bildu, ou obtendo o tratamento privilexiado na cesión de competencias e outras prebendas menores no caso do PNV.

Á señora Díaz pois bástalle con manter o sillón ministerial para tapar o nariz.

E, por último, temos a versión *low cost* deste conglomerado, que é o BNG, que se conforma cunha foto cada catro anos para asinar un cheque en branco a Sánchez.

E, claro, o problema é que estes señores comparten intereses e argumentos. Escoitei algúns bulos interesantes, a verdade, neste pleno, que me gustaría corrixir algún deles, se mo permiten as súas señorías.

O PP é o único partido condenado por financiamento ilegal. Falso. O Tribunal Supremo, na sentenza do caso Gürtel, establece literalmente —abro comiñas, para as letradas que non len sentenzas—: «Non se pode afirmar que o PP se financiase ilegalmente» —pecho comiñas—. Engade que as referencias que fixo o ponente señor Prada na sentenza, nas que daba por acreditada a caixa B e que motivaron unha moción de censura, foron un exceso, revocando esa parte da sentenza da Audiencia Nacional.

Pero como, ademais, semella que as súas señorías do PSOE descoñecen a historia do seu país, pois aquí estamos os do PP para ilustralos. Sentenza 1/97. (*Aplausos.*) A ver se lle soa o caso; Fílea: «*Hechos probados. A mediados de 1987 se inició lo que poco después iba a ser un conglomerado de sociedades cuyo fin primordial era, de la manera que se dirá, la creación de fondos económicos necesarios para hacer frente a los gastos originados al Partido Socialista Obrero Español por las campañas electorales, elecciones generales y europeas, con lo cual, sin perjuicio de atender también a la financiación ordinaria, se soslayaban los límites cuantitativos establecidos al respecto en la legislación FIP*».

En calquera modo de corrupción que haxa neste país, vostedes, primeiros, pioneiros sempre, señoría.

E non, ten razón, non somos iguais, non somos iguais. Cando o PSOE foi acusado de financiamento ilegal, insultou e perseguiu os xuíces, bautizou os periodistas que o investigaban como o «sindicato do crime» e difundiu o vídeo sexual do director dun periódico. Cando foi o momento do Partido Popular, cambiamos as leis para que os partidos tivesen a obriga de devolver as cantidades de orixe lícita aínda cando non se coñecese a orixe ilícita desas cantidades, participe a título lucrativo, que implica o descoñecemento do delito. Case, case como vostede co descoñecemento da lei, señora Iglesias. (*Aplausos.*)

Mire, o BNG trae unha proposta hoxe para lavar a cara e a conciencia, nun intento desesperado de convencernos de que a señora Pontón non ten nada que ver coa corrupción do Goberno Sánchez, pero os votos do BNG serviron para levar Sánchez á Moncloa, en dúas



ocasións; os votos do BNG serviron para aprobar a vergoñenta Lei de amnistía, na que se amnistiaban, por certo, delitos de corrupción de compañeiros da lista electoral europea do propio BNG; e os votos do BNG serviron para bendicir o trato privilexiado a outros territorios a través da Lei do litoral, do financiamento, da quitación da débeda, dos investimentos, sempre, iso si, en contra dos intereses de Galicia.

Pero tras meses escoitando socialistas e nacionalistas insultando a calquera que denunciase a corrupción que rodea o sanchismo, parece que os últimos acontecementos levaron a señora Pontón a que por fin reaccionase, iso si, ao máis puro estilo do BNG. ¿Que a corrupción inunda o PSOE? Investiguemos o PP, insultemos o PP, aticemos o PP, porque esa é a lóxica da esquerda galega. ¿Que a esposa do señor Sánchez está investigada por corrupción nos negocios? Investiguemos a parella de Alberto Núñez Feijóo, que, ata onde eu sei, non está investigada por nada. ¿Que o irmán de Sánchez está procesado por tráfico de influencias e prevaricación? Investiguemos o irmán de Ayuso, que, ata onde eu sei, lle arquivaron sen que houbera o máis mínimo indicio de delito. ¿Que o presidente da Deputación de Cáceres se blindou a través dun aforamento exprés? Pois ao día seguinte dicindo que reconsideremos os aforamentos, iso si, que está imputado porque a xuíza ten ganas de protagonismo. ¿Que hai sospeitas de adxudicación corrupta no PSOE, no Goberno socialista? Comisión de investigación no Parlamento de Galicia. Por certo, ¿como foi a denuncia aquela que nos ían poñer por todos eses feitos? Se ten dificultade para atopar un despacho, recoméndolle un moi nacionalista, que hai membros destacados por aquí, seguro que llo levan. (Aplausos.)

E mire, eu non podo esquecer que o PSOE contrata en empresas públicas sobriñas, mises, a cambio de favores sexuais e de que lle limpen a casa ao señor Ábalos. Pois vostedes convocan manifestacións feministas diante da sede do PP, ¡olé!, ¡olé! ¡Que mérito, que mérito! Claro que si. Ante os escándalos de Ábalos, de Koldo, de Cerdán, de Leire, de Pardo de Vera, de Aldama, de Salazar e demais tropa, vostedes exigen unha oficina de transparencia no Parlamento de Galicia. Brillante, señor Tabarés, brillante, como sempre.

Mire, xa está ben de insultar a intelixencia dos galegos, da difamación, do insulto, do falso puritanismo. Este goberno tomou medidas hai máis dunha década contra a corrupción; explicouno brillantemente onte a miña compañeira Cristina Sanz; non vou insistir nelas, non somos perfectos, non somos santos, pero tomamos medidas.

Vostedes, por certo, ¡eh!, tampouco son perfectos nin santos. Díxose aquí que non hai casos de corrupción do BNG. O que non teñen vostedes non é corrupción, é memoria, ¿ou non está condenado algún edil e primeiro dirixente no Concello de Arzúa? ¿Recórdolle a condena de Melide? ¿Recórdolle a condena de Fene? ¡Home!, é que me parece que teñen vostedes pouca memoria, porque eran alcaldes e concelleiros seus, non nosos, eran seus. (Aplausos.)

Pero, en todo caso, voulles explicar unha diferenza substancial, señor Tabarés e señora Iglesias. Miren, cando se reciben bolsos e regalos *de la hostia*, hai dúas opcións: a que fixo a señora Paula Prado, que foi devolvelos, e a que fixeron os seus compañeiros de partido, que foi quedar con eles, e iso si que marca unha substancial diferenza, ¡home!, moi substancial.



Mire, a vostedes ocasións de demostrar o seu compromiso coa transparencia non lles faltaron, e sempre fan o mesmo: insultan, descualifican a quen investiga e actúan coa máxima opacidade, que fixeron cando había que investigar o enchufe da cuñada da presidenta da Deputación de Pontevedra. Vetar unha comisión de investigación en Vigo, vetala na Deputación de Pontevedra, vetar a celebración dun pleno, ao que os tivo que obrigir a Xustiza, e seguir gobernando xuntos.

Se falamos da contratación menor en Pontevedra, vetar a comisión de investigación e tapar as contratacións de amiguetes e organizacións e non responder a unha pregunta, que xa lle reiterarei moitas veces á señora Pontón; igual hoxe teño sorte e ma resposta: ¿que fixeron cando se descubriron as irregularidades do señor Lage Tuñas con aquela licenza do pisito e aqueles contratitos que había por alí? Pois o mesmo que agora: dar golpes no peito, levar as mans á cabeza, ¡que escándalo, que escándalo!, e seguir gobernando como se nada. O de sempre.

Mire, hai corenta e oito horas, corenta e oito horas, señorías, o BNG anunciaba que pediría eleccións xerais se se descobre —abro comiñas— «...algún tipo de corrupción que implica o Goberno». Case ao mesmo tempo, a Xustiza imputaba a don Javier Herrero, director xeral de Carreteras, e a Isabel Pardo de Vera, unha vez máis, pois xa estaba imputada pola contratación de Jéssica e engadíronlle cinco imputacións máis.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor PAZOS COUÑAGO: Presidenta de ADIF, director xeral de Carreteras, ministro de Fomento, adxudicacións irregulares de obra pública. ¿Que máis necesita o BNG para pedir eleccións? Pois dígollo eu: un mínimo de coherencia e un pouco máis de vergoña.

¿Queren combater a corrupción? Exixan a dimisión do fiscal xeral do Estado, renoven o Tribunal Constitucional, respecten a actuación da Xustiza, e, namentres, comprenderán que non imos aceptar leccións dos cómplices do sanchismo e do sanchismo pata negra.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo autor da proposición non de lei, o señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Grazas.

Ben, dicía que isto non era unha iniciativa contra ninguén, alguén se deu por aludido, tirou por aí; non é unha iniciativa contra ninguén. Nós queremos un mesmo instrumento que, hai apenas dous anos en Andalucía, vostedes foi o único que crearon, a única axencia antifraude que crearon; un órgano análogo que poida servir para o mesmo.

E mire, algunhas correccións. Primeiro, ser neutral non é ser equidistante; é dicir, en ser neutral, non se pode estar do lado da vítima dunha agresión sexual e tratar igual o agresor sexual. Iso non é neutralidade, iso non é correcto.



Despois, outra consideración. Mire, o Partido Popular si foi condenado, si foi condenado, primeiro por beneficiario a título lucrativo, foi condenado en sentenza firme, e hai máis sentenzas por responsable civil subsidiario e tamén con responsabilidade civil. Hai condenas firmes. E aí si se fala de financiamento irregular, aí si se fala de que a sede de Génova foi pagada en B. E mire, ¿sabe por que non foi condenado penalmente?, ¿sabe por que non foi condenado penalmente? Porque a responsabilidade penal das persoas xurídicas é a partir de 2010 e eses feitos son anteriores a 2010. Por tanto, porque non podía ser condenado. Se non, lea a sentenza, son moitos folios. (*Murmurios.*) E entón aí neses casos, claro, como non pode haber responsabilidade penal das persoas xurídicas, non se condenou penalmente, si civilmente, ao Partido Popular, a Bárcenas e a outros individuos que integraban esa organización criminal.

Mire, eu tratei de expresar que isto é un problema grave para os recursos públicos, para o tecido empresarial e para a cidadanía en xeral, pero tamén xa anticipaba que isto non vai servir para nada, este instrumento non serve para nada se non existe vontade real, e parece que non, de loitar contra a corrupción.

E o exemplo témolo neste Parlamento. Este Parlamento ten como misión o control da acción de goberno. Se neste Parlamento se cercenan as súas liberdades, as súas competencias, non vai servir para cumprir esa función de control. Se se crea unha comisión de investigación, que existe, en contra do que se falaba onte, noutras latitudes, noutras comunidades autónomas, se non se lle permite facer un plan de traballo para que cumpra eses obxectivos, non vai servir para nada.

Se resulta que non se cumpre o artigo 9, nalgún caso tan esencial como para que se aporte ese documento asinado entre unha empresa onde é presidente do consello de administración un conselleiro, non por listo, senón por conselleiro; se ese documento asinado con Altri non se facilita, é moi difícil perseguir a corrupción. Se estamos a falar de que o sobrecusto non só do Álvaro Cunqueiro, senón que, por exemplo, obras de 20 millóns de euros, onde curiosamente só participa un licitador, imaxine cantas obras hai neste país de 20 millóns de euros e só participa un licitador, pero, unha vez adxudicada, modificación de obras e incremento nun 30 por cento e nun 40 por cento.

Nese tipo de cuestións, como as contratacións nomeadamente, falamos, por pór un exemplo de familiar, con Eulen, onde se trocean contratos, onde se lle dan 37 millóns de euros a dedo a unha empresa dun familiar, (*Murmurios.*) pero, ben, onde ten altas responsabilidades a irmá de Núñez Feijóo, pero non se permite ao Parlamento investigar e non se cumpre ese artigo 9, pois, efectivamente, como oficina antifraude, non servirá para nada.

Cando se lle pide ao señor Núñez Feijóo na Comisión do Estatuto do Deputado que xustifique un incremento patrimonial en ano e medio de 850.000 euros, que hoxe, por certo, sería delito, hoxe, por certo, sería delito penal, a resposta do Partido Popular ¿cal foi? Non volver convocar nesa lexislatura a Comisión do Estatuto do Deputado.

Cando se pide nesta lexislatura que xustifique unha deputada a súa vinculación cunha empresa non acreditada...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...que contrata coa Xunta de Galiza, ¿cal foi a resposta do Partido Popular? Non volver convocar a Comisión do Estatuto do Deputado. (Aplausos.)

Claro, un instrumento —e remato xa, señor presidente—...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...non serve para nada, se non existe vontade real de perseguir a corrupción, unha corrupción que é nefasta para a cidadanía, para os servizos públicos e tamén para o tecido empresarial.

Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Sobre a emenda, ¿acepta a emenda?

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Sobre a emenda, podemos aceptar como engádegas os dous primeiros puntos; o terceiro, non, porque, propondo esta axencia antifraude, consideramos que o sistema que existe é totalmente peor, antidemocrático e que non cumpre sequera os estándares que marca a directiva comunitaria.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Como engádegas, os dous primeiros. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego ante a proliferación de proxectos para a implantación de plantas de biogás

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e unha autoemenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Iglesias Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:



1. Aprobación dun Plan galego de Xestión Combinada e Integrada das explotacións gandeiras e as plantas de biogás, considerando o chan agrario e a súa capacidade de carga. Neste Plan adoitarase pola Xunta de Galicia de forma específica medidas efectivas para tratar todo o purín xerado na comarca da Limia, que é o territorio con maior carga gandeira intensiva e a principal candidata a ser declarada Zona Vulnerable a Nitratos (ZVN) en aplicación da Directiva europea.

2. Que se promova dende o Goberno galego unha regulación normativa das plantas de biogás e de biometano, na que se inclúan as seguintes medidas:

a) En solo rústico, reducirase a distancia a ≥ 500 m respecto de núcleos rurais e o ≥ 250 m respecto de vivendas illadas.

b) En ubicación en polígonos industriais non se aplicarán as distancias mínimas, senón que cada localización se avaliará caso por caso, mediante o correspondente Estudo de Impacto Ambiental (EIA).

c) Limitación da capacidade máxima das instalacións a 200.000 toneladas ao ano.

d) Establecemento de distancias máximas para o transporte dos residuos relacionados coas plantas de biogás.

e) Restringir a circulación de transporte pesado relacionado con estas instalacións, que non poderán transitar polos cascos urbanos e núcleos de poboación no rural.

f) Regular a xestión do dixestato xerado despois do proceso de biometanización».)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Montserrat Valcárcel Armesto, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante Mesa a seguinte autoemenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír oo punto primeiro da parte resolutiva polo seguinte:

«1. Establecer límites entre as plantas de biogás–biometano e núcleos de poboación e/ou vivendas habitadas, nun mínimo de 3.000 metros; e incrementándose proporcionalmente ao volume anual de residuos tratados para plantas de produción neta.

Quedan excluídos deste límite aqueles proxectos asociados ao autoconsumo de biogás ou biometano, ou restrinxidos á contorna dun centro produtor de materia prima para a dixestión».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Valcárcel.

A señora VALCÁRCEL ARMESTO: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.



As plantas de biogás poden ser unha solución eficaz dentro do marco da transición ecolóxica, sempre que se implementen con criterios rigorosos. Unha planta de biogás pode dar unha nova vida a uns residuos antes de descartalos, de queimalos etcétera, e esa nova vida dos residuos orgánicos, normalmente combinados cos nosos puríns das explotacións gandeiras, pois permite a produción de gas. Estes dous parágrafos creo que son importantes para que despois non acusen o BNG de que estamos en contra das plantas de biogás. Pero, a pesar de todo o potencial do biogás, este tipo de enerxía non é inocua. E, cando falamos das chamadas macroplantas, como son moitas das proxectadas neste país, dicimos que van ter un impacto ambiental e social significativo, se non se sitúan adecuadamente.

O problema ambiental, sanitario, social e, a longo prazo, mesmo tamén económico, dáse cando nunha planta de biogás se propón unha planta moi grande, sobredimensionada, para que os custos queden reducidos polos beneficios. Esas macroplantas empezan a xerar uns problemas que antes non había na zona. É posible aproveitar o potencial do biogás sen prexudicar a veciñanza, pero para iso hai que apostar por proxectos de menor escala, máis integrados e con total transparencia, xa que entre as principais eivas están os cheiros provocados polos materiais, o tráfico provocado polo transporte destes materiais, os lixivados derivados do tratamento e dixestión, así como as escorrentías das augas contaminadas.

Entón, hai que pensar en medidas que reduzan estas eivas e hai que optimizar a xestión dos cheiros producidos polas plantas de biogás e limitalos, por exemplo, con isodores estandarizados, con modelos de dispersión. Tamén en canto á circulación de camións asociados a estas instalacións, débese evitar que dificulten a vida diaria das persoas. E será preciso modificar a normativa establecida para a xestión do dixestato xerado tras o proceso do biometanización.

Para que unha planta de biogás sexa unha boa idea e realmente sexa unha solución que podemos considerar amigable, a pesar deses cheiros —que ese si que é un problema case inevitable—, a chave vai ser o tamaño e a ubicación. O tamaño vai estar regulado, por tratar soamente os residuos que se xeran na zona de cada proxecto, e na localización hai un problema: normalmente faise onde hai un gasoduto, onde resulta máis barato, onde é doado que entren os camións e onde xa teñen dalgunha maneira organizadas as expropiacións, en lugar de facelo no sitio máis adecuado. Por iso, o que é unha boa idea convértese nun novo problema ambiental. E aquí deberíamos fixarnos en lugares que teñen máis anos de experiencia, como en Alemaña, por exemplo, que comezaron con plantas pequenas e foron crecendo dunha forma adaptativa; é dicir, segundo tiñan máis residuos na propia contorna, que isto é importante, pero non ao revés, como son os proxectos previstos aquí. O que estamos a ver en Galicia son plantas como as que se programan en Curtis, en Xunqueira de Ambía, no Saviñao ou en Coeses. Son plantas grandes, que requiren do transporte de residuos, de distancias ás veces superiores a cen quilómetros. Polo tanto, a súa sustentabilidade xa está moi en dúbida.

A ausencia, entón, dunha regulación clara sobre a distancia mínima entre plantas de biogás e vivendas é hoxe unha lagoa normativa, e esta regulación ten que verse como unha ferramenta para garantir que este desenvolvemento sexa ordenado, sostible e tamén aceptado socialmente —iso é moi importante—. E isto pódese facer ben, que é o que hoxe propoñe-



mos. Propoñemos unha regulación clara —que agardamos que se apoie por unanimidade, que a apoien todos vostedes—. E vou empezar, para tratar de convencelos, por dicirlles que desde a propia Asociación Española de Biogás propuxeron unha serie de boas prácticas. A primeira é a elección estratéxica da localización das plantas, as distancias. Din que a distancia mínima ten que ser de 2.000 metros a núcleos urbanos e de 3.000 metros se se procesan residuos animais. A segunda di que utilicen tecnoloxías que minimicen as emisións e os cheiros, xa que dixemos que era o principal. Quince unidades de cheiro por metro cúbico sería o habitual nunhas zonas urbanas.

Outra recomendación é unha correcta xestión do dixerido. Vai ser importante que nese proceso de dixestión anaerobia, como é unha planta de biogás, se fagan análises periódicas para garantir os límites establecidos en canto a patóxenos e contaminantes e que o seu uso posterior, se o fan na agricultura, non poña en risco os chans nin as augas subterráneas. Tamén vai ser importante a inxección de biometano á rede, que sexa cun rigoroso control de calidade de rastrexo.

E, por último —tamén din eles, como importante, como quinto—, fomentar unha cultura da excelencia nas operacións destas plantas. E como isto, ao mellor, non convenceu as súas señorías para dicir que é necesaria esta regulación, pois voulles dicir que hai exemplos de regulación en gobernos doutras comunidades autónomas, e voulles poñer o exemplo dunha que temos ben preto, e ademais gobernada polo Partido Popular, que é a da Xunta de Castela-León, na que están acometendo un proxecto de lei que limita as afeccións das plantas de biogás, e para iso regulan as distancias mínimas entre as plantas de biometano e os núcleos de poboación e tamén as distancias que poden recorrer os residuos a dixerstar.

Entón, nós aquí, en Galicia, ¿que é o que pensamos facer con estes proxectos? Pois en proxectos como o de Coeses, temos neste momento a toda a veciñanza mobilizándose desde hai máis dun ano para reclamarlle a esta Xunta que a planta non a poñan preto das súas casas. Din que así non a queren, porque esta planta non lles garante a súa calidade de vida. Mais a Xunta o que lles respondeu é que considera este proxecto como un proxecto estratéxico, ao que lle puxeron unha alfombra vermella.

E permítanme, entón, que lles fale a eles directamente, xa que nos acompañan hoxe nunha sala —que aquí non poden—. Quero darvos as grazas por loitar polos dereitos de toda a cidadanía de Lugo. (*Aplausos.*) Nós, dende o BNG, cremos que é preciso recoller na lexislación medidas semellantes ás que se regulan en Castela-León e ás que recomenda, como vimos, a Asociación Española de Biogás, loxicamente, adaptadas á nosa realidade galega.

Por iso facemos esta proposición, na que temos os seguintes puntos: o primeiro, establecer límites entre as plantas de biogás e biometano e os núcleos de poboación dun mínimo de 3.000 metros; segundo, establecer a distancia máxima entre a orixe dos materiais usados na dixestión e a localización da planta en 20 quilómetros para residuos líquidos e nun máximo total de 50 quilómetros, pero sempre —e isto é importante— baixo criterios científicos que non comprometan a viabilidade ambiental desa planta; terceiro, lexislar o sector cunha serie de parámetros para cumprir que nesas instalacións haxa un control tanto dos materiais que entran como dos que saen; cuarto, regular a xestión dese dixestato xerado; quinto, res-



trinxir a circulación do transporte pesado relacionado con estas instalacións; e sexto, limitar a capacidade desas plantas de biogás e biometano e os seus procesos e que non sexa preciso transportar materiais a dixerstar en grandes distancias que poñan en perigo o equilibrio ecolóxico.

Con esta proposta pedímoslle, como dicía antes, a toda a Cámara, unanimidade. Agardamos que realmente vostedes aposten por regular, que vostedes aposten por pensar nesa veciñanza afectada, e que ese vacío legal, como dicíamos, se cubra, o primeiro de todo con esas distancias, respectando esas distancias a vivendas habitadas.

De momento, nada máis.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

De forma moi breve quero agradecer ao deputado Tabarés —agora non está aquí—, como letrado e como xurista tamén, que lle aclarase ao señor Pazos que non se podía imputar un partido político porque no 2010 na reforma do Código penal para imputar unha persoa xurídica iso non estaba previsto. Non sei se o señor Pazos é xurista ou non, pero, como xurista e deputado do BNG, agradezo esa aclaración ao compañeiro do BNG.

Ben, imos ao gran. As socialistas de Galicia cremos que non existe unha política de transición ecolóxica en Galicia e, por extensión, tampouco existe unha folla de roteiro a seguir respecto ás plantas de biólogos no noso país. É urxente un cambio de rumbo. Non temos un selo propio industrial nin un selo propio de transición enerxética de marca galega, e iso é moi moi preocupante. Danse bandazos e máis bandazos, improvisacións, modificacións pola porta de atrás na Lei de medidas, mentres o sector eólico está sumido nunha inseguridade xurídica sen precedentes. De feito, de primeira potencia, pasamos a quinta potencia.

Hai que engadir tamén unha privatización dos bens do noso dominio público, das augas, das minas, dos ventos..., en mans agora dunha sociedade *fake*, híbrida, de colaboración público-privada, Recursos de Galicia, que tanto lle gusta ao PP, da que o Goberno di que é privada, pero a presidenta, a señora Lorenzana —a presidenta da Sociedade de Recursos de Galicia—, exerce a tempo parcial de conselleira e a tempo parcial de presidenta de Impulsa e de Recursos de Galicia. A ver como me explica a min a que intereses responde.

Por tanto, non existe ese liderado do Goberno galego, pero Galicia conta cunha posición moi, moi vantaxosa, para aproveitar os nosos investimentos ligados á transición ecolóxica, tanto en produción enerxética, eólica, eólica *offshore*, mariña, hidráulica, biometano, biomasa sustentable, como nos nosos sectores enerxéticos, hidróxeno verde e sectores industriais interesados en aproveitar esa vantaxe competitiva nunha enerxía limpa.



E, mentres, ¿que fai o Goberno galego? Fai esa aposta por unha macrocelulosa no corazón de Galicia na que en 2021 había xa pactos secretos —da sociedade Impulsa daquel momento, presidida polo señor Conde—, e no día de hoxe non sabemos que se contén nese memorando secreto; unha sociedade —a sociedade Impulsa— da que o Consello de Contas dixo que tiña a Xunta influencia pública significativa.

E, respecto ás plantas de biogás, ¿que sucede? Pois sucede o mesmo. Non hai unha estratexia para planificar, ordenar e regular as instalacións das plantas de biogás no noso territorio. En España, existe unha folla do roteiro de biogás aprobada en marzo de 2022 que reivindica eses retos, eses obxectivos, e o desenvolvemento desta tecnoloxía no horizonte de 2030-2050; ese obxectivo de descarbonización que recolle o PNIEC. Hai que ter en conta tamén que, considerando os residuos orgánicos que poden xerar o biogás e o biometano, España é un dos países con maior potencial de produción, só por detrás de países como Alemaña ou Francia. E máis alá dos datos, temos que ter unha percepción optimista sobre o despregamento do biogás, dos seus numerosos beneficios ambientais e das sinerxías coas industrias locais mediante o uso da produción e a súa contribución á economía circular e o impulso que debe supoñer tamén en zonas onde hai un reto demográfico avanzado, sobre todo nas zonas de Lugo, Ourense e todo o que queda fóra do eixe atlántico para lograr esa transición enerxética e ese obxectivo de descarbonización no ano 2050; e mentres, a Xunta, mirando para outro lado.

Pero hai que ter en conta unha serie de consideracións que debemos matizar da PNL do BNG, e por iso presentamos unha emenda de substitución. Cremos nós, as socialistas de Galicia, que esta PNL do BNG non se adapta á realidade territorial e agraria de Galicia. ¿Por que? Explícome: porque Galicia non pode aplicar un modelo de ordenación pensado en territorios como os de Castela e León; de feito, hai unha lexislación pioneira en Castela e León onde predominan as macrogranxas e a concentración parcelaria. Aquí temos un tecido agrario moi fragmentado, con miles de pequenas e medianas explotacións, dispersas. Debería existir unha estratexia propia, flexible e adaptada á nosa xeografía e estrutura produtiva. Cremos nós que necesitamos, antes dunha norma que regule as plantas de biogás en Galicia, unha planificación integrada territorial, onde haxa un enfoque de xestión combinada e onde realmente se aprobe un plan galego de xestión combinada e integrada das explotacións gandeiras e das plantas de biogás que teña en conta a capacidade de cargo do chan agrario, que coordine e aproveite eses residuos dos puríns, coas necesidades agronómicas dos solos, que permita instalar plantas de biogás e que sexa unha solución ambiental e non un novo problema.

Temos tamén que abordar algo moi importante, que é o problema existente de contaminación da Limia e da Baixa Limia, onde precisamos medidas específicas da Xunta de Galicia, pero está mirando para outro lado. E se levamos a proposta do BNG á comarca da Limia e da Baixa Limia, pois non se podería autorizar unha planta de biogás neste territorio, no que realmente hai un problema moi, moi grave de contaminación, sobre todo pola aplicación das distancias mínimas que se conteñen na proposta. A comarca da Limia é o territorio galego con maior carga gandeira intensiva e a principal candidata a zona vulnerable de nitratos, que a Xunta non declarou, mirando para outro lado.

Evidentemente, tamén coñecemos o grave problema de contaminación do embalse das Conchas. E a Xunta, que ten competencias en materia exclusiva de saúde pública, mira para



outro lado e tira balóns fóra. A miña compañeira Carmen Rodríguez ten rexistrada unha batería de iniciativas e o PSOE da comarca de Ourense estivo tamén reunido coa plataforma de afectados por esta contaminación grave que afecta a saúde pública das persoas do embalse das Conchas.

A Xunta debe, por tanto, actuar con responsabilidade, adoptando medidas específicas urxentes —¡urxentes!— para tratar todo o purín nesta comarca, para integrar —cremos nós, aí si ten sentido— unha planta de biogás como ferramenta de xestión sostible e para pechar o ciclo. Regulación, por tanto, si, pero con criterios adaptados ao noso territorio.

Por tanto, fixemos esa emenda, e xustifico: cremos que é necesaria unha distancia mínima. Aplicamos máis de 500 metros respecto aos núcleos rurais e 250 metros respecto a vivendas illadas en solo rústico, que existe na normativa xa para granxas de porcino. Estaría plenamente xustificado, xa que unha planta de biogás que cumpra emite menos cheiros que unha granxa intensiva, que non está obrigada a ter sistemas de captación e tratamento; por tanto, é coherente aplicar este criterio —cremos nós—. E en solo industrial non ten sentido aplicar as distancias mínimas; teríamos que responder a caso por caso do estudo de impacto ambiental. É importante a limitación da capacidade máxima das plantas a 200.000 toneladas ao ano, evitando macroproxectos alleos ao modelo galego, tamén distancias máximas para o transporte de residuos, reducindo o impacto social e ambiental.

En definitiva, o futuro do biogás en Galicia pasa por un modelo de proximidade, descentralizado, vinculado ao territorio galego, a esa dispersión que é propia do noso territorio, e non por importar modelos alleos, ao crear concentracións industriais que poidan crear e xerar rexeitamento social. Tamén recoñecemos a loita que fixo a Plataforma de afectados da planta de biogás de Coeses; alí estivo tamén a miña compañeira Lara Méndez atendendo as súas reivindicacións.

Por tanto —e xa remato—, dicimos si a un modelo galego, sustentable e participado socialmente. Queremos unha planificación combinada, específica para Galicia, co foco posto na realidade territorial, social e ambiental do noso país, non na copia de modelos alleos como o de Castela e León, que non responden ao noso territorio.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Moi bos días, señorías.

Grazas, señor presidente.

Un saúdo, por suposto, tamén aos veciños de Lugo que nos acompañan. Creo que eles entenderían mellor ca ninguén se eu falase aquí dos vínculos dalgunhas empresas, os dos proxectos empresariais escuros que ninguén sabe por que aparecen de repente nun municipio



ou se eu vinculase iso a casos de corrupción ou a casos de prostitución tamén por parte dese partido que goberna neste municipio. Supoño que tampouco lles sorprendería iso absolutamente nada. Pero como non me apetece que lle pidan amparo á Mesa nin que me volven ameazar con iniciar accións legais contra min por falar das corruptelas do Partido Socialista, pois mellor non o vou facer.

Mire, señor Tabarés, ten vostede razón. É verdade —e hai que dicir que si ao dereito de expresión— que non é lícito todo o que se di. Eu doulle toda a razón: non é lícito defender o terrorismo ou xustificar o terrorismo; non é lícito xustificar a violencia contra os rivais políticos; non é lícito, por exemplo, para min, atacar as institucións democráticas para impoñer un modelo non democrático que, ao mellor, é o que defende alguén nesta Cámara... Claro que si, ten moita razón algunhas veces.

Pero, miren —e xa indo ao tema das plantas de biogás—, dende o Partido Popular defendemos —e así o fixemos tamén no Concello de Lugo, así o fixo o Grupo do Partido Popular do Concello de Lugo— a necesidade de garantir o equilibrio entre impulsar as enerxías renovables con respecto ao medio ambiente e tamén a saúde pública e a saúde dos cidadáns. Por iso, a Xunta, a través do Priga, desenvolveu unha planificación específica para este tipo de plantas, que se está a aplicar, xunto coa normativa sectorial vixente, na autorización de novas instalacións. É preciso deixar claro que, aínda que na actualidade non exista unha normativa específica, a Xunta de Galicia sempre avalía as afeccións á poboación, á saúde, ao medio ambiente ou tamén a aquelas cuestións vinculadas cos transportes de segundo que tipo de materiais. Todos os proxectos —todos— teñen a súa tramitación ambiental e tan só algunhas tecnoloxías moi excepcionais teñen unha normativa específica.

E vostedes, señorías, xa saben —e se non o saben, polo menos, deberían sabelo— que nas tramitacións ambientais se analizan moitos factores, entre eles, as afeccións sobre a poboación e sobre a saúde. Así, a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, fala precisamente de que nas formulacións das declaracións de impacto ambiental deberán incluírse, entre outras cuestións, a identificación, a descrición, a análise, e, se procede, a cuantificación dos posibles efectos significativos —directos e indirectos, secundarios, acumulativos e sinérxicos— do proxecto sobre os seguintes factores: a poboación, a saúde humana, a flora, a fauna, a biodiversidade, a xeodiversidade, o chan, o subsolo etcétera. Ou sexa, faise un relatorio de todas aquelas afeccións que teñen que ser recollidas na declaración. No caso da avaliación de impacto ambiental simplificada, tamén deben analizarse e valorarse os mesmos factores.

En conclusión, aínda que non haxa unha natureza específica, analízanse todas as afeccións á poboación, á saúde e tamén ao medio ambiente. Iso vostedes xa o saben, e sábeno porque é o que se fixo coa planta que se quería instalar en Lugo. E, ademais, por iso mesmo hai unha resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, da Xunta de Galicia, que denega esa solicitude de autorización ambiental integrada e de avaliación de impacto ambiental ordinario. ¿Por que? Porque algún dos informes que se contemplan nesta declaración, ou para facer este informe, rexeitaban precisamente iso por contaminante. Entón, señorías, vostedes saben iso, como tamén saben as competencias que teñen os concellos, que ás veces parece que nos esquecemos.



Eu quero aproveitar aquí para facer un chamamento a todas as corporacións locais de que tramiten as licenzas con transparencia —si, con transparencia— e, sobre todo, prestando especial atención a aquelas actividades molestas ou contaminantes, porque ás veces nos atopamos —como pasa precisamente con este caso— con que se levan ás xuntas de goberno asuntos como este que non coñece a cidadanía e, cando a cidadanía os coñece, pois se preocupa moitísimo, e con moita razón. Non me cabeceen... Ou sexa... É verdade, isto é así, e neste caso pasou precisamente iso, houbo ausencia de transparencia ou vontade de opacidade, que é o mesmo, dito doutra forma, señorías.

Tamén lles pido que elaboren ordenanzas que limiten este tipo de actividades, as actividades molestas ou contaminantes. A Lei de bases de réxime local outorga competencias en materia de urbanismo, en materia de saúde pública e tamén de cuestións vencelladas á contaminación, pero o que é aínda mellor: pídolles por favor que cumpran coa súa normativa. E, neste caso, hai unha ordenanza no Concello de Lugo que xa lle permitía ao Concello desde o primeiro momento facer cumprila para informar negativamente sobre esta actividade. E xa sei que van dicir: os concellos non teñen capacidade para facer todo isto... Claro, eu digo o que digo sempre: tamén cando falamos de saneamento ou cando falamos de reciclaxe, eu entendo que veñan os concellos pequenos dicir que eles non teñen a capacidade. Pero é que sempre aquí, nesta Cámara, os problemas os dan precisamente as grandes cidades: o problema dáo Lugo, o problema dáo A Coruña, o problema dáo Vigo... E, señorías, son precisamente esas as corporacións locais que teñen máis recursos e que teñen máis capacidade, precisamente, para desenvolver este tipo de ordenanzas.

Pero, miren, voulles dicir tamén outra cousa: nesta iniciativa hai cousas moi raras, señorías. Na exposición de motivos, vostede apoia un goberno do Partido Popular en Castela e León, é verdade —e a min gústame que vostedes collan como referencia un goberno sensato—. Ten razón a señora Iglesias. ¡Ata me emocionei por escoitar algo no que me sentía reflectido!: «Galicia non é Castela e León». E, se queren, busquen, comparen e vexan como é a ocupación do territorio, como é a actividade nas nosas comunidades, e mentres non traian referentes doutras comunidades que aquí non se poden aplicar; e iso pasa aquí e pasa noutros debates. Pero é que a vostedes, nun parágrafo, se lles coou unha expresión —entrecomiñado—: «...segundo un documento previo obtido por este xornal». Claro, eu dixen: ¡que cousa máis rara! ¡Ah! Pois, buscando un pouco, atópome con que resulta que a exposición de motivos é dun xornal de Castela e León. Ou sexa, señora Valcárcel, o nacionalismo galego (*O señor Trenor López mostra un documento.*) usa un copia e pega dunha noticia que se atopa nun xornal en internet, métea ao tradutor, e despois volve copialo e pegalo e pégao aquí nunha iniciativa do Parlamento de Galicia. (*Aplausos.*) ¿Ese é o seu rigor e a súa referencia? (*Aplausos.*) ¿Referencia? Castela e León. (*Aplausos.*) ¿Rigor? O *copy-pegas*. (*Aplausos.*) Claro, señorías, ¡preocupante! ¡Moi preocupante!, e máis vindo vostede da universidade, señoría.

Pero miren, a pesar de todo isto —a pesar do *copy-pegas*, a pesar de pretender facer aquí o que se fai noutras comunidades—, nós ofrecemos unha transacción ao Bloque Nacionalista e ao Partido Socialista en liña co que fixemos no Concello de Lugo. Entón, ofrecemos un texto de transacción —que deixo aquí á Mesa— para garantir a plena integración ambiental e territorial das instalacións, respectando os criterios do Priga, a racionalización da capacidade produtiva, evitando a concentración ou a proliferación desordenada de plantas de



biogás, e a coordinación entre a Administración xeral do Estado e a posta en marcha dun marco estatal harmonizado. Se vostedes, señorías, aproban, admiten esta proposta de transacción tan sensata, tan lóxica —que vai na liña do que vostede di e que se adapta ás necesidades de Galicia e non de Castela e León—, vai obter o apoio do grupo maioritario desta Cámara.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*) (*O señor Trenor López entrégalle uns documentos ao señor presidente do Parlamento.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Valcárcel.

A señora VALCÁRCEL ARMESTO: Bo día de novo.

Ben, non teño palabras... Teñen un tempo para preparar unha emenda —creo que todos os grupos— e aparecen agora cunha transacción *in voce* así porque si, e sacamos e dicimos... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, pero esas non son... Imos ser serios, señor Trenor, imos ser serios, que non o é. (*Aplausos.*)

E se me acusa a min de falta de rigor, imos ver... ¡Pero é que me dá igual o que poña! ¡Imos ver...! Céntrense un pouquiño, céntrense un pouquiño.

Temos un problema dunha lagoa normativa na Xunta de Galicia. Quen regula como son as plantas de biogás e quen programa todo iso é a Xunta de Galicia. E vostede vén aquí e dedícase a falar dos concellos porque non sei, ou se equivocou de lugar no que está falando ou non sei se é que non ten absolutamente nada que dicir. (*Murmurios.*)

Teñen un problema gordo, porque estamos no Parlamento de Galicia e aquí é onde se regulan os proxectos industriais. En concreto, se quere falar do de Lugo... Que, por certo, xa me parece curioso que veña falar de Lugo vostede. Non é por nada, pero deputados e deputadas de Lugo son outros. (*Aplausos.*) Eu aquí non vexo a ningún deputado... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Paréceme moi ben. Non está elixido por Lugo, ¡non está elixido por Lugo!

Se vostedes queren centrar o debate no proxecto de Coeses, no proxecto dunhas persoas que están moi preocupadas porque preto da súa vivenda lles van poñer unha planta de biogás que vai afectar a súa calidade de vida todos os días do ano, paréceme perfecto, pero imos ser serios. Eu vin para regular e para falar dun regulamento que non hai, do que se carece, e púxenlles o exemplo da Xunta de Castela e León, que está gobernada polo seu mesmo Partido Popular, pero tamén lles puxen o exemplo da Asociación de Biogás. Entón, por favor, non desvirtúen os debates e sexan serios.

Xa que aludiu á miña condición de que veño da universidade, dígolle que vostede sería un suspenso claro e absoluto; non centrou en nada o debate, ¡en nada!, ¡en nada de nada! (*Aplausos.*) Si, xa sei, xa sei que estaba... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero ¿cal



é o problema? ¿Cal é o problema de que sexa unha información que está nun xornal? ¿Cal é o problema? Señoría, por favor, sexa serio. Apareceu nun xornal, e iso non ten absolutamente nada que ver agora co debate. O que estamos dicindo é que aquí hai unha lagoa completa e absoluta de calquera planta que se coloque.

E agora, volvendo á de Coeses, xa que lle ten tanto interese, dígolle que é un proxecto industrial estratéxico. E se é un proxecto industrial estratéxico... Faga o favor, estoume dirixindo cara a vostede. ¡Aquí a educación nin existe! ¡nin existe! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Nada!... Pois se é un proxecto industrial estratéxico, sabe vostede de sobra que non fai falta a licenza do Concello. ¡Sábeo de sobra!

Entón, por favor, un pouquiño de seriedade, porque non a teñen, ¡non a teñen! E o único que lle pedía e lle sigo dicindo (*Murmurios.*) é que é un proxecto que vai beneficiar a toda a cidadanía. Se agora estamos propoñendo plantas de biogás e biometano para toda Galicia, hai que regulalas. É o que propoñemos desde o BNG, que haxa esa regulación. O máis importante é a distancia entre as vivendas habitadas e esas plantas de biogás e biometano. E que se regule tamén o tamaño, porque iso é importante. E xa lle puxen o exemplo tamén de Alemaña —xa que lle gusta dicir que collemos de fóra—, que teñen plantas de pequeno tamaño. Toda esa crítica vai por ese gran tamaño e pola ubicación, porque iso é o que afecta realmente a cidadanía. O único que pedimos aquí é que haxa esa regulación, é o único que se está pedindo.

¿Que vostedes lle queren dar largas? Pois paréceme moi ben...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora VALCÁRCEL ARMESTO: ...pero isto é ir en contra da cidadanía.

O señor PRESIDENTE: ¿Sobre a proposta, sobre a emenda de substitución?

A señora VALCÁRCEL ARMESTO: Vale.

Sobre a emenda que fixo o PSdeG, teño que dicirlle que non a aceptamos, porque as plantas de biogás e biometano, contrariamente ao que se poida pensar, non conseguen desfacerse de nitratos; todo o contrario, concéntranos. Vostede parte dun erro. Entón, sentíndoo, non podemos aceptar esa emenda...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora VALCÁRCEL ARMESTO: ...porque parte dunha cuestión científica mal plantexada.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e catorce deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de rexeitar os comportamentos que se están a producir desde o Goberno de España ante a investigación por corrupción que afecta o PSOE e as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Executivo central ao respecto

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Lara Méndez López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese modificar o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1. O seu firme compromiso coa defensa do Estado de Dereito, da independencia xudicial e da loita contra a corrupción, sexa cal sexa o partido político ou persoa implicada.*
- 2. O seu apoio á actuación rigorosa e transparente das institucións públicas e das forzas e corpos de seguridade do Estado na loita contra calquera forma de corrupción.*
- 3. A súa condena rotunda á utilización partidista da xustiza como ferramenta de persecución política, como quedou demostrado co arquivo da chamada Operación Pulpo, 12 anos despois, unha trama orquestrada desde o PP para destruír politicamente ao actual secretario xeral do PSdeG.*
- 4. A súa exixencia de que se depuren responsabilidades políticas no Partido Popular, comezando pola dimisión de Elena Candia, vicepresidenta do Parlamento galego, quen activou esta operación mediante a entrega de anónimos falsos a instancias de Feijóo e Rueda, e que foi premiada con cargos institucionais polo PP en lugar de asumir as súas responsabilidades.*
- 5. A necesidade de blindar a política local fronte á utilización partidista e difamatoria das institucións, preservando o bo nome dos concellos e centrando a acción municipal nas políticas que melloran a vida da veciñanza, afastando os plenos do barro da confrontación estatal e do uso político da mentira».)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición, ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, como cuestión previa, dado que ultimamente se fai moita referencia aquí a unha frase que sae dun sumario, o sumario da operación Pokémon, que ten 307 tomos e 170.000 folios, e como vexo que hai algúns deputados e deputadas que non leron ese proceso, que non leron ese sumario, pois vou ilustralos e dicirlles de onde vén esa frase que tanto lles gusta.



Miren, no ano 2011 o Partido Popular de Santiago gañou por maioría absoluta as eleccións a un goberno socialista e nacionalista que levaba instalado vinte e oito anos no Pazo de Raxoi. Tras eses vinte e oito anos, había unha estela de corrupción no Concello de Santiago que estaba sendo investigada por un xulgado de Lugo. De feito, había moitos teléfonos pinchados, sobre todo de empresas concesionarias que tiñan chanchullos co Goberno socialista e nacionalista.

Nós tomamos posesión no mes de xullo de 2011, e no Nadal dese mesmo 2011 todos os concelleiros e concelleiras, incluídos os da oposición —que antes eran do Goberno—, recibimos unha chea de regalos que viñan das empresas concesionarias; regalos, por certo, que o Partido Popular —todos os concelleiros e concelleiras do Partido Popular— devolveu a esas empresas. E, miren, efectivamente, había concelleiras do Bloque Nacionalista Galego, (*A señora Prado del Río mostra un documento que contén unha fotografía.*) Socorro García Conde concretamente, que era a tenente de alcalde do señor Bugallo, que recibiu eses *bolsos de la hostia* dos que tanto falan vostedes. ¿Sabe? Ela mesma o recoñeceu. Esta señora hoxe é a xefa de gabinete da alcaldesa de Santiago, Goretti Sanmartín. (*Murmurios.*)

Pero vai máis aló. A señora Marta Álvarez Santullano recibía bolsos de Loewe —cos do PP non chegaban a ese extremo—. Dígoo porque algunha socialista tamén falou aquí de *bolsos de la hostia*; si os que recibían as concelleiras socialistas. Por certo, a señora Santullano é a única compostelá que forma parte da Executiva do Partido Socialista de Galicia hoxe. Esa é a rexeneración. (*Aplausos.*)

Por tanto, o Partido Popular en Santiago ao que foi é a acabar con vinte e oito anos de corrupción dos gobernos socialistas e nacionalistas. ¡Claro que nos sorprendían eses regalos que recibiamos e que devolviamos, señorías! E iso, se len ese sumario, poderán comprobalo. Son 170.000 folios; pero ese apartado son bastantes menos, eu invítoos a lelo.

Pero é que este é un patrón que se observa ao longo de gobernos que levan instalados moitos anos nas administracións. Vímolos co Goberno socialista dos ERE de Andalucía. (*A señora Prado del Río mostra un documento.*). A maior condena por corrupción da democracia foi a dos ERE de Andalucía; ou previamente a corrupción do Partido Socialista, que foi o primeiro partido condenado por financiamento ilegal. ¿Recordan aquel caso de Filesa, Malesa e Time Sport? Pois esa tamén. E aos que falan de corrupción cero, eu invítoos a mirar e falar con outra Socorro, a exalcaldesa de Melide, condenada por prevaricación a un ano e tres meses de prisión, señorías; por non falar do alcalde de Arzúa, que tamén foi inhabilitado por un delito de corrupción.

Pois ben, hoxe imos falar doutra corrupción instalada no Goberno de España e amparada polos socios cómplices do Bloque Nacionalista Galego.

Miren, o 31 de maio de 2018 no *Diario de Sesións* do Congreso, alguén pronunciou esta frase: «*Los españoles no podemos tolerar ni normalizar la corrupción y la indecencia en nuestras vidas y en las instituciones. La corrupción puede ser algo inevitable, pero no puede ser justificable, y la decencia debe ser algo esencial y no accesorio*». O autor desta cita é José Luis Ábalos Meco, entón o primeiro secretario de Organización do señor Pedro Sánchez; hoxe investigado por indicios



de ter cometido os delitos de pertenza a organización criminal, tráfico de influencias, cohecho e malversación. O mesmo Ábalos que posteriormente sería ministro de Transportes no Goberno de Pedro Sánchez pasou do: «*Dimita, señor Rajoy, y todo terminará*», a «*El capitán no abandona el barco cuando viene mala mar; se queda para capear el temporal*», e con el os mariñeiros do Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*)

O que parece que non sabe Pedro Sánchez é que os mellores capitáns son os que evitan que se afunda o barco, e o seu hai tempo que vai a pique, e o que é peor, afundindo con el a todo un partido, a todo un país e a todo un sistema democrático, que teñen auga ao pescozo por un entramado de corrupción institucional, económica e moral nunca antes visto en España.

Si, falamos de «institución institucional» porque é unha corrupción que pagamos todos, ¿non? Estamos vendo como están colonizando as institucións do Estado. Corenta institucións, organismos, embaixadas e ata empresas colonizadas polo sanchismo: Fiscalía Xeral do Estado, Banco de España, Tribunal Constitucional, Consello de Estado, CIS, Axencia EFE, Patrimonio Nacional, Renfe, Correos, AENA, Red Eléctrica, Paradores, CNI, Indra..., e así poderíamos seguir con moitos máis.

¿Que teñen todas en común? Pois as persoas que as dirixen. Nalgúns casos antigos ministros socialistas, noutros simples militantes do Partido Socialista ou incluso consortes do puño e da rosa; todos fieis peóns de Pedro Sánchez. Unha colonización insaciable e que xa non entende de separación de poderes, porque dende que está a Pedro Sánchez no Goberno de España xa non hai separación, todos dependen dun. O poder lexislativo: ¿se se pode gobernar con ou sen el! O señor Sánchez xa dixo que podía gobernar sen o Congreso; dirixe directamente dende a Moncloa. O poder xudicial: leis feitas á medida do presidente e da familia do presidente, dos compañeiros do partido e do Goberno do presidente; a Lei Begoña, para limitar a acusación popular; a Lei Koldo, para invalidar as investigacións da UCO ou a Lei Bolaños, para poñer fin á independencia xudicial, nomear a dedo os xuíces e dar a investigación penal aos fiscais pola vía de urxencia, porque xa sabemos todos de quen depende a Fiscalía; por non falar da Lei de amnistía, que sentenza de morte o imperio da lei e supón a estocada definitiva ao Estado de dereito.

Tamén corrupción económica. O problema do Goberno de España é que gasta mal. Pois, mire, ¿gasta en mellorar servizos ferroviarios? Non. ¿Gasta en arranxar estradas? Non. ¿Gasta en financiar a dependencia? Non. ¿En contratar máis médicos? Non. ¿En vivenda pública? Non. ¿En que gasta? Pois en adxudicar contratos irregulares ás empresas amigas para o trío Koldo-Cerdán-Ábalos. E aquí, en Galicia, sabémolo ben. Aí temos o contrato millonario do tramo ferroviario Monforte-Lugo, que Koldo amañou para que se adxudicase á empresa que tiña contratada á súa muller. E non o temos moi lonxe, porque a colaboradora necesaria e imprescindible era a señora Isabel Pardo de Vera.

E xa o colmo dos colmos é a corrupción feminista. Vostedes son feministas fixos descontinuos —depende do día, son feministas ou non—, señorías, e agora sabemos que aqueles que dicían en público: «*Soy feminista porque soy socialista*», son os mesmos que en privado dubidaban entre «*Carlota, que se enrolla que te cagas, la colombiana nueva o Ariadna, que está*



recién». Son aqueles que, como dicía, propugnaban en público que «*la decencia debe ser algo esencial, no accesorio*» e en privado dedicaban fondos públicos a contratar prostitutas, disfrazándoo de sobriñas.

E a guinda do pastel foi a desta fin de semana. Estes días vimos como quen levaba dende 2018 no Gabinete da Moncloa, o que entrou no Comité Federal do PSOE como Paco e saíu como Francisco, tiña actitudes que os seus propios compañeiros de partido definen como «*babosas*», pero ante as que preferiron mirar cara a outro lado, porque no PSOE o sabían, pero calaron, porque Pedro Sánchez o sabía, pero calou. O último foi o que dixo a súa compañeira Adriana Lastra: «*Como sabe todo el partido, me sometió a una operación de acoso y derribo hasta que dimítí, enferma y embarazada de cinco meses y medio*». E cando o señor Feijóo dixo que iso era un cesamento disfrazado de dimisión, o que lles dixeron foi que era un machista, unha mala persoa e un retorcido, porque sempre a culpa é do PP.

Pois miren, señorías, isto todo que apoian vostedes, todo isto que apoia o PSdeG, que o sábado foi a Ferraz aplaudir a Pedro Sánchez e a dicirlle «*Quítate la culpa, Pedro*» e todo isto que apoian tamén dende o BNG coa súa equidistancia e a súa hipocrísia, jalá vostedes! Nós, dende logo, temos claro que nin Galicia nin o resto de España poden permitirse afundirse por incompetencia do capitán Sánchez. Non queremos seguir capeando a mala mar; queremos que abandonen o barco, que convoquen eleccións e que poidamos iniciar unha nova singradura.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Lara Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidente.

Moi bos días a todos e a todas.

Gürtel, Púnica, Lezo, Kitchen, Taula, Imelsa, Erial, Emarsa, Brugal, Naseiro, Acuamed, Aerocas... Señora Prado, é que non me chegaría todo o período de sesións para falar dos casos de corrupción do Partido Popular, ¡todo o período de sesións! (*Aplausos.*) Somos completamente distintos, afortunadamente.

E voulle relatar. Esta fin de semana pasada vivimos dous escenarios ben distintos en Madrid. Por unha banda, nós estivemos no Comité Federal do noso partido, onde aquelas persoas que están baixo sospeita xa non estaban; pero non estaban porque xa non están no noso partido. E, ademais, afrontámolo doídos, indignados, porque nos repulsa esta situación, os comentarios e os feitos. Estamos, ademais, doídos e indignados por dous motivos, señora Prado: un, pola propia corrupción, que detestamos, castigamos e ante a que actuamos; e outro, polas vítimas, señora Prado, polas vítimas de violencia de xénero, para as que vostedes non teñen nunca unha palabra, polas prostitutas, pola cidadanía vítima da corrupción, polas vítimas da dina — 228 persoas mortas —, polas vítimas do protocolo da vergoña — 291 per-



soas falecidas —, polas vítimas da sanidade, porque a sanidade tamén mata. E o noso secretario xeral, José Ramón Gómez Besteiro... (*Murmurios.*) ¿Dóelles? ¡Pois é certo! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ao mellor, díxeno mal, corríxoo: a política que fai o Partido Popular con respecto á sanidade mata tamén. (*Aplausos.*) Si, señor Pazos, a política que fai o Partido Popular con respecto á sanidade deixa de salvar vidas e tradúcese en mortes. Gústelle ou non lle guste, esa é a realidade, señor Pazos.

Como dicía o noso secretario xeral categoricamente: a corrupción nin a negamos nin a toleramos. Pero ¿que o fai o Partido Popular? O Partido Popular négaa, toléraa, e o que é peor, prémiaa; prémiaa, señores, señorías do Partido Popular. Mentres nós estabamos nese comité, celebraron vostedes un congreso organizado por Ana Millán, imputada por catro delitos na Púnica; un congreso presidido por Albiol, imputado recentemente, e con presenza estelares como a do señor Aznar, que tivo 12 dos seus 14 ministros imputados, implicados ou cobrando sobresoldos; 4 dos seus ministros encarcerados, e a metade dos invitados da voda da súa filla —esa voda de Estado que fixeron—. E a única arma de destrución masiva que encontrou o señor Aznar, señor Pazos, ¿sabe cal foi? O odio, esa é a arma de destrución masiva do señor Aznar, ¡o odio!

E despois, por outra banda, M. Rajoy, alí presente tamén, que cobrou sobresoldos, e a sede de Génova financiada e remodelada en B. Pero, claro, non sabemos quen é M. Rajoy. Pois era aquel señor de barba, de gafas, que estaba ao lado do señor Feijóo. Pero ¿como lle chaman vostedes? Chámanlle Mariano Rajoy a M. Rajoy; vén sendo a mesma persoa. E, ¿sabe que? Vostedes traballan en sedes en B, dormen en vivendas en B e viaxan en narcolanchas. (*Aplausos.*) Iso foi o que levou á caída do seu goberno, si, señor Pazos, o que levou á caída do seu goberno.

E, agora si, nese Congreso, tamén saíu unha nova dirección do Partido Popular. Empezaron a construír a casa polo tellado, e construír as casas polos tellados nunca é boa opción, sobre todo cando coñecemos ese Tellado, que é un *hoolligan* do Partido Popular, acompañado por ese piar estrutural que é a señora Esther Muñoz. O Partido Popular o que fai é cada vez escorarse máis á dereita, xa con pouca diferenza de Vox; case podemos dicir que o Partido Popular se está a converter nunha escisión de Vox; un partido que quere deportar máis de oito millóns de inmigrantes —non sei se os de Vox están incluídos nesa deportación—, prohibir calquera vestimenta islámica, castigar prácticas islámicas, negar a violencia de xénero, negar o cambio climático... E o Partido Popular dicindo e aseverando que non haberá cordón sanitario. Un partido que está condenado por corrupción, que se prolongou durante vinte anos: ministros, alcaldes, presidentes de comunidades autónomas, concelleiros, concelleiras... —e disto a señora Prado tamén sabe, co seu alcalde Conde Roa á cabeza— e en moitos casos manténdolles salarios, coches, como é o caso de Bárcenas, con 28 causas abertas e máis de 50 cargos imputados. Polo Soto do Real xa pasaron 88 políticos, 87 do Partido Popular e 1 do Partido Socialista. E con respecto ao que dixo antes a señora Arias, ese do Partido Socialista non estaba no Comité Federal, non porque estivese en Soto do Real, non estaba porque xa non está no partido, porque nós actuamos de forma completamente distinta, ¡completamente distinta! (*Aplausos.*) O noso é un partido que actúa con inmediatez, con contundencia e sen paliativos, e o Partido Popular é un partido que premia, que premia, cando se ven obrigados, e ademais os despiden entre vitores e aplausos.



Pedro Sánchez empezou o seu comité pedindo desculpas, recoñecendo erros, e só porque saíu o nome dese secretario de organización nun informe da UCO. Nin o PP, nin Feijóo, nin Rueda pediron perdón polos anónimos da señora Candia contra Besteiro, cando se demostrou que quedou todo en nada, primeiro pola propia mala praxe. Ben, o propio Rueda negou a existencia deses anónimos porque creu na palabra da señora Candia. Si, si... *(Murmurios.)* É máis, dígolles agora. E non só pola mala praxe, tampouco tiveron a decencia de recoñecer os erros e de pedir perdón. ¿E que fixeron? Premiouna primeiro o señor Rueda coa silla da vicepresidencia do Parlamento e agora o señor Feijóo cun cargo na dirección. E dígolle, señora Candia, vaia levando xa un paquetiño de folios, porque me parece que lle vai seguir tocando facer anónimos en Madrid.

E nós, mentres tanto, falando de igualdade, de igualdade de xénero, de pensións, de dependencia, de salario mínimo interprofesional, de vivenda, de emprego, de paro, de ingreso mínimo vital, de dereitos, como a efeméride que cumprimos este ano: vinte anos de matrimonio igualitario. *(Aplausos.)* E mentres o PP pola mañá recorre esta lei e pola tarde está botando arroz a un concelleiro do Partido Popular de Ourense que casou, con Feijóo e con Rueda á cabeza. *(Murmurios.)* Nós queremos que se utilicen as leis, porque son para todos... *(Murmurios.)* Non, non estou sinalando para vostede, estou sinalando para a bancada, señor Trenor. Non se dea por aludido. *(O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Trenor, silencio. ¡Silencio!

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: En todo caso, ¿sabe que lle digo? Se quere —porque é unha decisión persoal—, pode casar, porque llo garante o Partido Socialista; iso é o que fai. *(Interrupcións.)* *(Murmurios.)* Si, si, si, porque garante dereitos. *(Aplausos.)* E mire, o único obxectivo que teñen vostedes é derrocar a Pedro Sánchez; é o único, ¡o único!, e cunha directriz que a proclamou o señor Aznar: o que poida facer que faga. É o que están facendo vostedes desde a política, desde o mundo empresarial, desde o financeiro e desde o xudicial. Polo tanto, iso é o que están facendo: o que poida facer, que faga. *(Murmurios.)*

E, por outro lado, tamén están pedindo adianto das eleccións. Pero xa o fixeron. Xa Pedro Sánchez adiantou as eleccións: 23J. ¿E que pasou? Que, como non gobernan, ao día seguinte pediron outra vez adianto das eleccións. E cando volvan perder as eleccións, volverán pedir adianto das eleccións. ¿Queren alternativa?, ¿queren ser alternativa? Presenten unha moción de censura, porque din que só lles faltan catro votos; os que lle faltaban, por certo, hai dous anos. Non son capaces nin de conseguir eses catro votos, porque en vostedes non cre ninguén; ningún grupo parlamentario cre no Partido Popular. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Remate, por favor.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Esa é a realidade. E non o cren —e finalizo presidente— porque a súa traxectoria demostra que non son fiables para ninguén.



Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Tabarés Pérez-Piñeiro.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Grazas, señor presidente.

Ben, eu quería retomar ese ambiente de casorio e de namoro do que falaban antes e que-
ría darlle os parabéns ao Partido Popular por escoller esta iniciativa, porque esta é a última ini-
ciativa do período de sesións que debateremos nun pleno, e eu creo que simplifica moi ben o
que foi o Partido Popular neste período de sesións e o que foi tamén incluso neste ano político.

Poderían traer unha iniciativa de sanidade, de ensino, de servizos sociais ou de vivenda, do
idioma ou da liberdade de expresión, cada vez máis comprometida, pero o que decidiron foi
traer unha iniciativa do que nos resulta bastante frecuente para soltar catro exabruptos;
unha iniciativa que pouco ten que ver con Galiza, desde logo bastante sectaria e cunha alta
dose —iso si que non é tan normal— de cinismo.

Hai unha cousa que me chama a atención: eu creo que na exposición hai obriga de facerlle
tragar á Presidencia deste Parlamento cun sapo que entendo absolutamente innecesario. Eu
non sei se consideran que esta Presidencia, cando exerce discrecionalmente as súas compe-
tencias, non é arbitraria dabondo ou que este Parlamento non está sendo degradado da-
bondo, pero entendo totalmente innecesario que lle fagan facer tragar con ese sapo de
admitir que se chame ditador cando ten no *Diario de sesións* que esa expresión non a admi-
tiría. Creo que nesta iniciativa está de máis.

En todo caso, e como xa dixen unha vez na Comisión 1ª, ¿realmente cren que estas son as
necesidades dos galegos, que o que vai nesta iniciativa é o que lle piden 3 millóns de galegos?
¿As máis de setecentas mil persoas que confiaron en vostedes queren unha iniciativa deste
sentido, con este rigor e con este grao de cinismo? ¿Realmente pensan iso? Pois eu, real-
mente, penso que están moi desconectados desa sociedade galega, mesmo da que confiou
no Partido Popular e á que están traizoando. Están traizoando os valores mesmo da xente
que os votou. Isto non responde aos intereses dos galegos e das galegas; simplemente res-
ponde aos argumentarios que lles mandan dende Génova. Por certo, unha sede pagada en B,
e iso está nunha sentenza firme. (*Aplausos.*)

En todo caso e reiteradamente volvemos manifestar dende o Bloque Nacionalista Galego que
é preocupante o escoitado nuns audios totalmente bochornosos no que se refire ao trata-
mento das mulleres, como tamén no que pode existir de corrupción. Hai que investigar ata
o final. E a presenza do Bloque Nacionalista Galego na defensa da igualdade, da transpa-
rencia e na loita contra a corrupción é garantía, como é garantía da defensa dos dereitos e
liberdades dos intereses dos galegos e das galegas.

E xa sei que perdo o tempo, pero gustárame facer tamén unha precisión, porque no Partido Po-
pular falan constantemente de «pacto de lexislatura cos socios». Non, mire, imos ver, o acordo



BNG-PSOE (*O señor Tabarés Pérez-Piñeiro mostra un documento.*) di ao principio, liña terceira: votar favorablemente o pacto de investidura. E aquí hai unha serie de compromisos, algúns cumpridos e outros non. Custa moito, realmente, que o Goberno do Estado cumpra con Galiza. E outros non están cumpridos porque o Partido Popular non quere, porque a Xunta de Galiza non quere. (*Aplausos.*) Por exemplo, se falamos das competencias.... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Descónteme un pouco o tempo porque a este Montse o botaría da clase. (*Murmurios.*)

Mire, no punto segundo fala de competencias... (*Murmurios.*) É un pouco incómodo, ¡eh! É dicir, eu na clase era mal alumno e tamén gamberro, ¡pero isto!... Aquí somos *mayorcitos* e estamos representando xente...

O señor PRESIDENTE: Señor Pazos, por favor.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Entón, se non sabe estar, ¡home!... (*Aplausos.*) Non pido tanto da Presidencia, pero autocensúrese.

Ben, ía polo punto segundo, falaba das competencias recollidas no Estatuto de autonomía así como das competencias que foron obxecto de consenso no Parlamento de Galiza. Miren, señores do Partido Popular, a isto hai menos dun mes votaron en contra neste Parlamento. ¿Como o vai cumprir o Goberno do Estado se vostedes non o queren? E así hai máis competencias, como os xulgados de violencia etcétera, que non se poden dar porque a Xunta non quere.

Noutro caso seguiremos insistindo para que se cumpra ese acordo —reitero— de investidura. Agora ben, aquí hai outro acordo, que é de lexislatura, o que vostedes asinaron con Democracia Orensana. (*O señor Tabarés Pérez-Piñeiro mostra un documento.*) ¿A cambio de que? A cambio de nada, a cambio dun sillón. (*Aplausos.*) Iso si, falamos de corrupción, poucos días despois de escoitar uns audios validados polo xulgado nos que se falaba de financiamento ilegal, nos que se falaba de dar o *palo a lo grande*... E vostedes con esas persoas, con ese grupo, asinan ese pacto de lexislatura; que, por certo, están cumprindo moi ben para os seus intereses, pero non para os intereses de Galiza.

Despois fan nesta iniciativa do rexeitamento expreso á corrupción instalada no seo do PSOE. *A sensu contrario*, ¿a outra corrupción é boa? ¿A corrupción do Partido Popular non hai que rexeitala? ¿A corrupción de Democracia Orensana non hai que rexeitala? ¡Non, señorías! Por iso a corrupción é mala, como falabamos antes. ¡E que nos veñan agora, despois de anunciar o seu voto en contra á nosa iniciativa, falando da corrupción do PSOE...! Digan non á corrupción, persigan a corrupción, creen instrumentos para que non poida seguir perdurando esta corrupción.

Pero non é a única afirmación, nin sequera a máis sorprendente. Vostedes fan de falla de colaboración do Goberno do Estado coa xustiza, coa investigación da verdade. Certamente, non sei ao que se refiren. ¡Pero, carai, que en abril de 2026 se vai xulgar a operación Kitchen! E a operación Kitchen era unha estrutura pública para impedir o funcionamento da Administración de xustiza, para encubrir delitos do Partido Popular. ¡E atrévense a falar de colaboración co Goberno! (*Aplausos.*) Pero, ¡córtense un pouco! É dicir, un pouco de rigor xa. (*Aplausos.*)



Despois tamén falan de respecto á independencia xudicial e ao Estado de dereito. Volvemos aos audios. Vostedes, que son os autores de «*Esto la Fiscalía te lo afina, hacemos una gestión*»; ou «*Controlaremos a Sala Segunda pola porta de atrás e a sala do artigo 61*»... Por certo, a Sala Segunda é a onde van os aforados. Por exemplo, o señor Baltar e toda esa recua do Partido Popular van a esa sala segunda, por iso a querían controlar pola porta de atrás. E a Sala do artigo 61, que tamén querían controlar pola porta de atrás, é a que determina a ilegalización de partidos políticos ou de candidaturas electorais. Por tanto, non era moi inocente que quixesen controlar a Sala Segunda e a Sala do artigo 61. E conclúe ese señor, que aínda segue sendo liberado do Partido Popular: «*En definitiva, un éxito rotundo, y seguimos influyendo en la Administración de justicia por muchos años*». ¡E agora nos veñen con esta iniciativa falando de independencia xudicial, despois de todas estas cousas que nunca condenaron! (*Aplausos.*) Falan tamén de críticas ás resolucións xudiciais. Aquí o deputado díscolo —que non para calado— é un dos que exhibiu críticas —e paréceme lexítimo—... As resolucións xudiciais son perfectamente criticábeis. Antes... (*Murmurios.*) Si, si, ¡home!, lea a hemeroteca, lea as súas propias frases... (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) (*O señor Tabarés Pérez-Piñeiro vírase e diríxese ao señor presidente.*) Bóteo da clase.

Ben, pero o propio senador do Partido Popular en activo, Monago, falaba de *lawfare* e o propio González Pons —que creo que tamén ascenderon aos ceos neste conclave da pasada fin de semana— falaba do Tribunal Constitucional como o cancro do Estado de dereito —rectificou o do cancro, pero, ben, paréceme que a metáfora a entendemos todos—. Por certo, un Tribunal Constitucional onde vostedes fixeron presidente a un doante e a un militante do Partido Popular, onde vostedes fixeron maxistrado a un exdeputado do Partido Popular en cinco lexislaturas e a outro simpatizante do Partido Popular, que tivo que dimitir doutras responsabilidades por un delito contra a seguridade viaria. ¿Esa é independencia xudicial da que vostedes nos están falando? Vostedes —¡que carai!— penso que tiveron un goberno —algo inaudito en toda Europa— no que, de 14 ministros, 12 pasaron polo Tribunal Supremo, ¡12 pasaron polo Tribunal Supremo!, e 3 con condenas. E, por certo, hai un exsecretario xeral do Partido Popular de Galiza que ten máis anos de condena que deputados hai nesta Cámara neste momento. (*Aplausos.*) Non nos veñan falando de todo isto.

Pero mire...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Xa remato.

Antes de finalizar a miña intervención, de abordar o cúmulo de impropiedades que sabemos que nos vai esperar, (*Aplausos.*) simplemente quería facer varias preguntas que nos preocupan.

O señor PRESIDENTE: Pero mire o tempo, ¡eh!

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Pero...

O señor PRESIDENTE: Se son varias... (*Murmurios.*)



O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ¿Eh?

O señor PRESIDENTE: Pero, mire, iso que está aí é que sobrepasou, ¡eh!, non é que falte.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Pero por causas xustificadas.

O señor PRESIDENTE: Non, non. Remate, por favor.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: A profesora xustificará.

Ben, remato xa, señora presidenta.

De todas maneiras a ver se nos pode explicar que quería dicir —nos audios que son tan importantes— cando dicía que Conde Roa —por certo, condenado—, «*era un perro viejo que iba a tirar de la manta*». ¿A que se refería? ¿Existe responsabilidade política por eses comportamentos, polos seus e polos de Conde Roa? Cando se fala de que quen manipula unhas primarias, manipula unhas eleccións xerais ou locais, ¿vostedes referíanse a un hipotético caso de Nafarroa...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...ou tamén estaban falando de Baltar, condenado por 104 enchufes... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...antes dunhas eleccións primarias? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

Grazas, grazas. (*O señor Tabarés Pérez-Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.*) Xa non se escoita. Non se escoita. Grazas.

(*Aplausos prolongados.*)

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Tabarés, eu tiña por avogado, por letrado e por xurista. É verdade que vostede vén aquí con cuestións xurídicas que le nos xornais. Polo que vexo, segue sen ler eses 170.000 folios, porque, se os lese, vería como o señor Conde Roa, efectivamente, colaborou coa xustiza e iniciouse unha causa contra unha empresa concesionaria coa que tiñan os chanchullos os nacionalistas e os socialistas. ¡Claro que si, señorías! (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) ¡Claro que si!



Mire, señora Méndez, o meu compañeiro Alberto Pazos na pasada lexislatura tivo aquí unha intervención na que relatou trescentos casos de corrupción do Partido Socialista, sen incluír os de nova xeración, estes destes últimos anos. Así que eu lle recomendo que tire da Mediateca e verá todos eses casos do Partido Socialista, que igual vostede non coñece ou non quere coñecer. *(Aplausos.)*

Eu, señora Méndez, pensei que ía empezar a súa intervención cunha mostra de solidariedade coas súas compañeiras socialistas que denunciaron esta fin de semana acoso sexual e acoso laboral por parte dun membro do Goberno de Pedro Sánchez, por un señor que estaba na Presidencia da Moncloa. E, lonxe diso, señora Méndez —lonxe diso—, vostede non tivo nin unha soa palabra para esas mulleres vítimas de acoso sexual e laboral polo Partido Socialista. ¡Cero!, ¡cero! *(Aplausos.)*

Vén o señor Tabarés dicirnos que presentamos unha iniciativa que a Galicia non lle interesa. E díó dez minutos despois de defender el unha iniciativa para a creación dunha oficina anticorrupción, ¡como se non a houbera creada en Galicia! Porque, mire, hai cinco leis de rexeneración democrática que foron aprobadas neste Parlamento, a instancia e por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular, onde está a do Consello de Contas, que xa crea unha oficina anticorrupción, señor Tabarés. *(Aplausos.)* Lamento moito que naquel momento o Bloque Nacionalista Galego non apoiase esas leis de rexeneración democrática. Supoño que será a mala conciencia de seguir apoiando o goberno máis corrupto da historia de España, e por iso hoxe veu vostede aquí branquear un pouco o Bloque con esa iniciativa que —insisto— en Galicia xa existe.

Mire, ¿sabe para que serve esta iniciativa? Pois serve para retratalos a vostedes. Para retratalo a vostede como xurista, que di que o Tribunal Constitucional forma parte do poder xudicial. Supoño que non iría a clase o día que se daba ese tema, porque o Tribunal Constitucional non forma parte do Poder Xudicial, señor Tabarés. Revise os libros de dereito... *(Murmurios.)* Si, si, revise, revise...

Pero miren, señores do BNG e señor Tabarés, vostedes foron os que co seu voto a favor fixeron posible a investidura do presidente que nomeou ministro a Ábalos e consentiu que o Ministerio de Transportes se convertese nun prostíbulo no que negociar mordidas e degradar as mulleres.

E ante a denuncia do Partido Popular, que tiñamos pancartas nas nosas sedes, vostedes, militantes do Partido do Bloque Nacionalista Galego e militantes da CIG, foron á nosa sede e arrancaron esas lonas, señoría. Moléstalles que denunciemos o machismo do que son cómplices, señoría. *(Aplausos.)* ¡Moléstalles que denunciemos o machismo do que son cómplices! Intentan amordazar o Partido Popular cando denuncia o machismo. E logo veñen aquí falar de que non lles gusta que haxa neutralidade ideolóxica nas aulas. ¡Claro que non, porque queren imponer a súa ideoloxía!

E, miren, ademais de apoiar e de investir presidente a Pedro Sánchez, din vostedes: «E vostedes premian os seus». Non, Pedro Sánchez premiou o señor Ábalos levándoo na lista, fa-



céndoo deputado e facéndoo aforado, señora Méndez. Ese é o premio que teñen vostedes aos seus corruptos. *(Aplausos.)*

E, mire, ¿sabe por que non imos aceptar a súa emenda, señora Méndez? Porque, miren, ¡xa está ben! Hoxe vostedes pediron aquí outra iniciativa...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...—si— pedindo maior protección para as persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción. Están pedindo iso para que a xente poida denunciar anonimamente. E vostede sabe que na Deputación de Lugo houbo funcionarios que denunciaron anonimamente —¡anonimamente!— acoso por parte dun xefe de servizo da Deputación de Lugo. Nese momento era presidenta da Deputación de Lugo a popular Elena Candia. E a señora Candia, nun escrito non anónimo, con DNI, nome e apelidos, trasladou as denuncias anónimas deses traballadores, que vostedes meteron nun caixón. Por iso, señora Méndez, non volva dicir que a señora Candia denunciou anonimamente nada. Ela denunciou con nome e apelidos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora PRADO DEL RÍO: É verdade que hai que garantir...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...a anonimidade dos funcionarios...

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora PRADO DEL RÍO: ...porque, se vostedes piden un canal anónimo de denuncias...,

O señor PRESIDENTE: Remate xa.

A señora PRADO DEL RÍO: ...será para que sexa anónimo, señorías.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: Vostedes non teñen escapatoria...,

O señor PRESIDENTE: Terminou...

A señora PRADO DEL RÍO: ...están acurralados pola corrupción e o fango, con... *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos prolongados.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Terminou o seu tempo, grazas.



(Murmurios.)

(A señora Candia López pide a palabra.)

¿Si, señora Candia? ¿Para que quere a palabra e con base en que artigo?

Dean voz ao escano da señora Candia.

A señora CANDIA LÓPEZ: Presidente, en aplicación do artigo 76.1. Fun aludida no debate con xuízos de valor e inexactitudes.

O señor PRESIDENTE: Ten un turno.

A señora CANDIA LÓPEZ: Moitas grazas.

Elena Candia non participou, non redactou nin elaborou ningún documento anónimo e nin sequera denunciou nunca o señor Besteiro. Elena Candia puxo en coñecemento do Ministerio Fiscal dous documentos cuxa autoría estaba perfectamente identificada. Estaban asinados, e incluso un deles tiña rexistro de entrada. Púxoos en coñecemento do Ministerio Fiscal, quen continuou co procedemento.

Efectivamente, esta campaña de desprestixio e de acoso que o Partido Socialista está facendo contra a miña persoa, especialmente desde que encabecei a candidatura de Lugo, só confirma unha cousa: que, efectivamente, non somos iguais. Por un lado, estamos vendo o que está pasando neste momento, aplaudindo o señor Sánchez, (*Protestas.*) orgullosos dun Partido Socialista no que se respira corrupción por todos os seus lados; e, por outro lado, unha persoa que, con total humildade (*Murmurios.*) e en cumprimento do artigo 262 da Lei de axuizamento criminal...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CANDIA LÓPEZ: ...e incluso do artigo 450 do Código Penal: «quen, por razón do seu cargo, profesión ou outros oficios, teña coñecemento dalgún delito público estará obrigado...» — e repítolle ao Partido Socialista: «obrigado» — «...a denuncialo inmediatamente ao Ministerio Fiscal, ao tribunal competente, ao xuíz de instrución ou, no seu defecto, ao municipal».

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación das proposicións non de lei.



Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e dona Paloma Castro Rey.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Iglesias Rey e D^a Paloma Castro Rey, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que avance nas súas políticas en materia de integridade institucional, prevención da corrupción e rexe-neración democrática, segundo as recomendacións do Consello de Contas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey.

Hai unha autoemenda.

Votamos.

Votación do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por ini-ciativa de D^a Paloma Castro Rey e D^a Patricia Iglesias Rey, sobre a demanda ao Goberno galego da creación do Consello da Memoria Democrática de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Borja Vereá.

Hai unha emenda que se acepta, do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Borja Vereá Fraiz e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España co fin de que este apoie a declaración do Xacobeo de 2027 como evento excep-cional de interese público.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Iago Tabarés e don Óscar Insua.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista, que manifestou que aceptaba como engádegas os dous primeiros puntos pero non o terceiro. Quedamos así logo.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e D. Óscar Insua Lema, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que presente un proxecto de lei para a creación dunha oficina antifraude adscrita ao Parlamento de Galicia e encamiñada á prevención da corrupción.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O señor Trenor López pide o uso da palabra.)

O señor PRESIDENTE: ¿Si, señor Trenor? ¿Para que quere a palabra?

Xa se pronunciou dicindo que non. *(O señor Trenor López pide o uso da palabra.)* No debate, xa se pronunciou dicindo que non. *(Murmurios.)* Si, si, escoiteina eu. *(Murmurios.)* Dixo que non, sobre a transacción, xa dixo que non. *(Murmurios.)*

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego ante a proliferación de proxectos para a implantación de plantas de biogás.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 25; votos en contra, 37; abstencións, 9.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.



O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Paula Prado.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista, que non foi aceptada.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e catorce deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de rexeitar os comportamentos que se están a producir desde o Goberno de España ante a investigación por corrupción que afecta o PSOE e as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Executivo central ao respecto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 34.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións.

Continuamos co punto sexto da orde do día, interpelacións.

Interpelación de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e D^a Silvia Longueira Castro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o transporte escolar en Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Abalde.

O señor ABALDE ALONSO: Bos días a todos e a todas.

Presidente.

Conselleiro, despois desta actuación, falar de transporte escolar vai poñer algo de sosego —entendo—.

Pero antes de falar de transporte escolar, quería facer uns comentarios. Creo que hoxe se deu un mal exemplo do que son os principios constitucionais, o que é a separación de poderes e o que é a presunción de inocencia, que é un precepto básico. Se do que tratamos é de medir a corrupción por quilos, ou por métrica, ou cuantitativamente, creo que o Partido Popular gaña por goleada: máis do 60 por cento dos casos de corrupción en España corresponden ao Partido Popular. E tamén, falando da Oficina Anticorrupción, que se comentaba aquí e da cal o Partido Popular votou en contra, hai que dicir que non viría nada mal, porque a Comunidade Autónoma de Galicia está entre as tres comunidades autónomas con máis casos de corrupción; está Andalucía, está Valencia e está a Galicia. (Aplausos.)

E, xa como último comentario, teño que dicir que, como home, como socialista e como feminista, non acepto en absoluto os comentarios e a xeneralización dos comentarios abso-



lutamente deleznable de dúas persoas que xa non están no Partido Socialista e que se asuma que todos os militantes do Partido Socialista se corresponden con esas posicións e esas actitudes. *(Aplausos.)* Como home, como socialista e como feminista, rexéitoos radicalmente. ¡Non, non; non me sinale, señor....! *(Aplausos.)* Non, non, non, non, non... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)* *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor ABALDE ALONSO: Cando a señora Castro falou de puteiros foi dos que non votaban a lei que prohibía a prostitución. Por certo —repito—, como dixen onte, en setembro teñen unha nova oportunidade de votar a favor da prohibición da prostitución, *(Aplausos.)* como imos facer os socialistas e imos levar ao Parlamento. *(Aplausos.)* Polo tanto, teñen un momento precioso e perfecto para comentarllo aos seus compañeiros no Parlamento español, no Congreso, e que voten a favor desa lei de prohibición.

Ben, dito isto, imos ao que corresponde.

O señor PRESIDENTE: Bueno, xa era hora.

O señor ABALDE ALONSO: A verdade é que eu tiña previsto que estivese outro conselleiro aquí contestándome, porque, realmente, esta responsabilidade de transporte escolar xa non corresponde á Consellería de Educación, senón que depende da Consellería da Presidencia; da Dirección Xeral de Mobilidade, que establece todo o sistema de transporte en Galicia, incluído tamén o transporte escolar. Pero, bueno, señor conselleiro, imos intentar salvar o trámite da forma máis adecuada posible.

Como dicía, durante este curso que levamos e en cursos anteriores, as anpas e as comunidades educativas de distintos centros téñenlle trasladado á consellaría responsable e á Dirección Xeral de Infraestruturas unha cantidade importante de alteracións, de situacións, de casos nos que non se están cumprindo os horarios, os autobuses non chegan ás horas adecuadas ou non chegan ás paradas, e os vehículos previstos —que ademais, por contrato, é obrigatorio utilizar— se substitúen nalgúns ocasións por taxis ou por vehículos VTC. Nalgúns ocasións, os vehículos non teñen axustadas ás súas prazas ao número de alumnos que van utilizalo, e iso fai, en ocasións, que haxa alumnos que quedan nas paradas porque simplemente non poden ocupar eses espazos nos autobuses ou incluso que teñan que viaxar de pé nese neses transporte, o cal —como saben vostedes— está prohibido. Tamén en ocasións non se cumpren as condicións dos cintos de seguridade, as idades dos vehículos ou as condicións de conservación destes. Polo tanto, o que se manifesta aquí é unha falta de rigor do servizo que se está prestando por parte da Xunta de Galicia nun servizo tan importante como é o transporte escolar.

Arredor destas —digamos— denuncias que nós poñemos de manifesto en distintas proposicións non de lei, tanto na Comisión como no Pleno, a resposta por parte da Dirección Xeral e da consellaría implicada é sempre que estas son situacións puntuais que non evitan a normalidade deste proceso. A realidade é que temos tantos puntos —todos cando eramos pequenos xogabamos a estas cousas de unir puntos cunha liña para facer unha figura— que



aquí xa non hai necesidade de unilos, porque hai tantos que xa a figura se ve claramente. Polo tanto, esta é a situación que se mostra deste servizo tan importante para a poboación, para o estudantado, sobre todo nas zonas rurais, onde as distancias entre as casas e os centros escolares son moi grandes, e este é un elemento fundamental para a educación e para o desempeño e a asistencia ás aulas destes nenos e nenas nos seus centros educativos. Polo tanto, é importante dispoñer dun bo servizo de transporte escolar para que os nenos poidan estar escolarizados adecuadamente.

Ademais, isto únese ao feito de que, en moitos casos —como moi ben sabe o conselleiro—, non todos os concellos dispoñen dos mesmos ciclos de FP, senón que as familias de FP están distribuídas en moitas ocasións de forma comarcalizada, de maneira que os nenos e nenas se teñen que desprazar dun concello a outro. A realidade é que, neses casos, non existen transportes escolares que permitan que estes rapaces, que son rapaces de quince e dezaseis anos en adiante, se poidan desprazar comodamente a eses centros. E, cando existen eses transportes, porque son transportes públicos non escolares, resulta que os seus horarios non están adecuados ás actividades escolares. Iso non é que suceda en pobos do centro de Galicia, no rural, senón que, por exemplo, pasa no concello de Ares, onde os alumnos que teñen que desprazarse a Mugardos a determinados ciclos que están no instituto de Mugardos simplemente non teñen horarios axeitados para o poder facer.

A realidade é que o non recoñecemento pola Xunta de Galicia destas situacións, destas disfuncionalidades do servizo, fai que, en moitas ocasións, non se tomen medidas. Ademais, ante as queixas que se presentan por parte dos pais, as nais e as asociacións de pais, a Consellería non responde en tempo e forma a estas solicitudes. Incluso, algúns pais e nais foron á valedora do pobo, e a Valedoría do Pobo o que lle deu foi recomendacións á Xunta de Galicia, que seguen sen cumprir. Polo tanto, non é posible que, ante unha denuncia dun mal funcionamento dun servizo, se tarden once ou oito meses, desde logo fóra do curso escolar, en dar resposta a eses pais e nais que protestan.

Ben, neste contexto de situación que xa, como dicía, non é deste curso, senón que xa vén de cursos anteriores, acaba de anunciarse por parte da Xunta de Galicia a contratación dun novo servizo que comezaría a partir de decembro do ano que vén. Este servizo sería o que daría transporte escolar a máis de 42.000 estudantes con aproximadamente 1.200 liñas. Segundo a nota da Xunta, hai unha serie de datos que a min non me cadran, pero ben, vou dicir exactamente os datos que aparecen na nota da Xunta de Galicia.

Anúnciase unha contratación de máis de 95 millóns de euros para a contratación do servizo de transporte público regular de viaxeiros de uso escolar ata 2027. Este servizo poderíase ampliar dende 2027 ata cinco anos, por un montante total de 257 millóns de euros. Non me cadra. É dicir, se son 95 millóns por ano, pois 257 non son nin dous nin tres. Dá igual, asumimos os custos. O que importa non é iso; o que importa é que nesa mesma nota da Xunta de Galicia se publicita que se aumentan os lotes para facer lotes máis pequenos, e iso —din—, para favorecer a competencia entre as pequenas empresas na contratación pública. Non deixa de ser curioso, porque as pequenas empresas de transporte e algunhas



moi localizadas en determinados concellos desapareceron como consecuencia da política e da planificación do transporte urbano e o transporte escolar da Xunta de Galicia, que fixo que practicamente todas as empresas fosen ou absorbidas ou estean incluídas nunha UTE, onde esta unha empresa que todos coñecemos, que é a que ten practicamente o monopolio e a hexemonía do transporte público escolar en Galicia.

Neste contrato, anúnciase que a Xunta de Galicia vai especificar as condicións de medios humanos e materiais, o tipo de transporte, o tipo de servizos e tamén as condicións en que se teñen que desempeñar eses servizos. Ben, pois nós pensamos que este é un bo momento para que a Xunta de Galicia estableza tamén controis e sistemas para vixiar que, efectivamente, se cumpran e, no caso de que se produzan incumprimentos graves, que se rescindan estes servizos dunha forma automática.

Polo tanto, conselleiro, o que queremos preguntarlle é: tendo en conta os prazos marcados na lei, que explicación ten o Goberno para non dar resposta en tempo ás queixas e reclamacións rexistradas polas deficiencias no transporte escolar? ¿Vai tomar ou tomou a Consellería algunha medida para corrixir este problema e cumprir en tempo e forma coa obriga e dar resposta á cidadanía? ¿Considera que as deficiencias no transporte escolar denunciadas reiteradamente nos últimos cursos escolares, especialmente neste curso, están resoltas ou estarán resoltas coa nova licitación? E, por último, como medida de transparencia e rendición de contas, ¿cantas queixas sobre o transporte escolar recibiron neste curso escolar desde o seu inicio?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados.

A verdade, señor Abalde, como membro do Partido Socialista, hai que recoñecer que son vostedes moi disciplinados. Fanlles repetir un argumentario, envíanlles un argumentario da calle Ferraz e plásmalo, cópialo, fúsilalo e repítelo. Dá igual que se fale dunha cousa que que se fale doutra; vostedes o que queren é intentar botar máis auga á lama, a ver se así vostedes sobreviven mellor, pero deberían ter un pouco de prudencia, porque seguramente non lles viría mal. *(Aplausos.)*

Dito isto, vostede fixo unha introdución sobre a cal eu non podo reprimirme a estar calado, non podo reprimirme. Porque, claro, fala de que contaba cun conselleiro e vén outro. Iso pódoo facer este Goberno. Somos un Goberno solidario, un conselleiro pode responder por outro conselleiro. ¿Vostede está seguro que un ministro pode responder por outro ministro?



(Aplausos.) ¿Cantas declaracións temos escoitado na mesma mesa?, ¿como vai funcionar España, como vai funcionar un Goberno, se na mesma mesa sentan unha vez á semana unhas persoas e cada un di o que lle dá a gana? E non pasa nada, non pasa absolutamente nada. Pero non só no Consello de Ministros; tamén nas deputacións ou nos concellos. Porque estamos mirando para Madrid, pero, moi cerca de aquí, moitos membros de deputacións e concellos, que pactaron para que non gobernase o Partido Popular, realmente poden ser de todo menos solidarios. E esa é unha diferenza substancial entre nós; entre o Partido Popular e vostedes. Temos un Goberno unido, un Goberno forte. Acertaremos ou equivocaremonos, pero non xogamos ao escondite, non xogamos ao escondite como practicamente fan vostedes.

Unha frase memorable: «*Soy feminista porque soy socialista*». Entre comiñas, Señor Ábalos. (Murmurios.) Claro, é moi difícil, despois de escoitar o que se escoita, despois do que fai o Goberno, falar de separación de poderes, cun fiscal xeral do Estado imputado. É moi difícil falar da pena do telediario cando vostedes, cando hai unha cuestión nimia ou a inventan, saltan como grupo. E aquí hai unha diferenza substancial tamén: nós confiamos e cremos na presunción de inocencia, mentres vostedes son auténticos xuíces, preconstitúen a proba e despois son xuíces da proba que vostedes preconstitúen. Creo que, para falar no día de hoxe de feminismo, falar da separación de poderes, falar de valores morais e éticos, despois da retahíla de nomes de *sobrinitas* que houbo que escoitar neste país —é que incluso case o plantexan como: «non, somos os señores *de ahí de fuera*»; pero, ¿quen eran eses señores *de ahí de fuera*?—, pois tiñan que ter un pouquiño de decoro, porque realmente o que fan con isto é obrigarnos a falar. Eu viña aquí falar de transporte escolar, pero se vostede plantexa iso no seu inicio, estame obrigando a falar de algo que —estou seguro— aos cidadáns... pois eu non diría que lles cansa, porque hai que falar, hai que dicilo e hai que mostralo, pero, obviamente, se falamos de transporte escolar, de algo tan fundamental, falemos de transporte escolar.

Vostedes veñen aquí cuestionar un servizo público que obviamente é mellorable, pero veñen falar cando, por detrás de todo isto, ou ao lado —mellor, ao lado— de todo isto, están os trens de España; están os trens de España xestionados por un ministro socialista que, cando se lle di algo, é moi bo hilvanando insultos. É algo inaudito que vostedes, cunha desproporción enorme e collendo o todo pola parte, sexan capaces de cuestionar o servizo público educativo, neste caso complementario, neste caso do transporte escolar.

Por suposto, eu dígolle ao meu grupo: se algunha vez ven algún membro do Goberno ou algún membro do Partido Popular dándolle bicos aos autobuses, non o permitan; non o permitan, porque realmente aquí vimos absolutamente de todo. (Aplausos.)

E imos ao caso: servizo de transporte escolar galego. Sen dúbida, un dos máis complexos do conxunto do Estado, sen dúbida. A súa xestión recae neste momento na Dirección Xeral de Mobilidade. Antes estaba o transporte compartido na Dirección Xeral de Mobilidade, e o transporte escolar na Consellería de Educación. Por razóns de eficacia e eficiencia e de organización do servizo, centralízase neste caso na Dirección Xeral de Mobilidade. E hai que dicir que non só cumprimos todo o que ten que ver coa normativa estatal para garantir a igualdade de oportunidades e o acceso ao servizo educativo dunha poboación tremendamente espallada polo territorio como é a poboación galega, senón que isto permite e posibilita a



igualdade de oportunidades. E, ademais de cumprir coa norma, reforzamos e cumprimos por encima do que está establecido nos diferentes marcos legais.

Simplemente porei uns datos encima da mesa, para que nos deamos conta da magnitude, e despois falaremos das incidencias e das cuestións concretas. Estamos a falar de que, entre transporte escolar e transporte compartido —no fondo, a finalidade é a mesma: levar nenos e nenas aos centros escolares—, temos 3.700 rutas, temos en torno a 33.000 paradas, e móvense aproximadamente 80.000 nenos e nenas todos os días. A isto hai que sumar todo o que ten que ver coa Tarxeta Xente Nova, que posibilita que un mozo ou unha moza menor de 21 anos se desprace polo conxunto do sistema de autobuses de Galicia. ¿Custo orzamentario? Coñecido: en torno a 120 millóns, se agregamos ambas as liñas.

¿Perfecto? Obviamente non o é. Sempre hai algunha incidencia, sempre hai algún caso concreto, todo é susceptible de mellora. Agora, tendo en conta a magnitude e, sobre todo, tendo en conta a capacidade de resposta e a capacidade de resolver aquelas queixas que se van poñendo encima da mesa —queixas, insisto, de carácter puntual—, creo que plantexar unha intervención deste tipo peca de desproporción. Obviamente, ¿existen incidencias? Si. ¿A porcentaxe destas? Absolutamente mínimo. ¿Resólvense en tempo e forma, practicamente de xeito inmediato? Si, tamén. ¿Funciona con normalidade o sistema? Por suposto.

Imos a cuestións concretas que vostede citou, un pouco tamén para aclaralas. Fala de que hai moitos problemas coa solicitude de parada; pono na súa exposición. Pois vou poñer encima da mesa simplemente datos. Transporte compartido: 738 solicitudes de cambio de paradas, con todo o que ten que ver a nivel loxístico e organizativo. Transporte escolar: 304. En total, no inicio deste curso, igual que nos cursos anteriores, houbo máis de 1.000 peticións de novas paradas ou de modificacións de novas paradas —por certo, 425 foron presentadas en prazo e 617, fóra de prazo, pero aceptáronse igual—. Delas, o 68 por cento foron aceptadas e foron incorporadas aos novos itinerarios. Adaptáronse moitas decisións para circunstancias especiais vencelladas coa mobilidade, coa tipoloxía do alumnado, con alumnado con necesidades educativas especiais, e incluso coa localización exacta da vivenda. Fíxose un esforzo para poder dar resposta, dentro dos procedementos e dentro dos criterios, a todos estes cambios.

¿Canto mobilizou a Tarxeta Xente Nova? Neste curso escolar, houbo 5,5 millóns de viaxes de estudantes vencelladas á Tarxeta Xente Nova; aproximadamente un aforro para as familias de cinco millóns de euros.

En canto ás queixas, ¿cantas queixas se plantexaron?, ¿cantas reclamacións houbo? En concreto, en transporte compartido, 115 queixas. O 70 por cento foron ao inicio do curso; é obvio, lóxico e razoable. A partir de novembro, a proporción das queixas reduciuse dun xeito radical. Estamos a falar que, de novembro a xuño —é dicir, co curso iniciado, sacando setembro e outubro—, temos unha media de cinco queixas ao mes. Tamén hai que dicir que moitas das queixas que se presentaron en setembro e outubro eran absolutamente repetidas. Eran a mesma cambiada moitas veces ou firmada moitas veces por persoas diferentes.



Sobre a xestión do día a día, ¿contrólase, sanciónase? Por suposto. Hai un seguimento —sempre o houbo— deste servizo con mecanismos que posibilitan que funcione. E ás veces funciona mal, e, cando funciona mal, actúase e ábrense expedientes de penalidades. Transporte escolar: seis expedientes de penalidades. Transporte compartido: sete expedientes de penalidades, que suelen acabar en multas ás empresas que non están cumprindo cos criterios. Hai un seguimento, sen dúbida, continuado, xeneralizado e que posibilita que o servizo funcione perfectamente, aínda que obviamente, tendo en conta a magnitude, con algunhas cuestións que sempre é necesario corrixir ao inicio de curso.

Tamén quero informar da nova licitación. Foi hai uns días ao Consello da Xunta e vai entrar en vigor o 1 de decembro. No que ten que ver co transporte escolar —non o compartido, só co transporte escolar— hai un incremento do 12,2 por cento do diñeiro destinado. Como novidade, fanse lotes máis pequenos. ¿Por que? Para posibilitar unha maior adaptación ao territorio e posibilitar tamén que haxa, en certa medida, unha maior competitividade coas empresas pequenas. Búscase tamén reforzar —como xa digo— que as pemes poidan acudir á contratación pública. Limitase a dez o número de dotes e regúlase o que se entende por grupos de empresa. Redúcese a dez o número de dotes e búscase tamén, no propio documento que aprobamos —xa digo— hai moi poucos días no Consello da Xunta, evitar as baixas temerarias. Reforzamos, por suposto, o control, con sistemas e tecnoloxías que o permiten.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): En definitiva, temos un moi bo sistema de transporte escolar. Co cinco por cento da poboación escolar de España, temos máis do vinte por cento do gasto en transporte escolar de España. Iso fala do compromiso que ten tido sempre Galicia co transporte escolar. Temos un bo sistema, eficiente, eficaz e dunha enorme magnitude, que, cando ten algunha incidencia, fundamentalmente no inicio de curso, o cal, tendo en conta a magnitude do mesmo é algo practicamente inevitable, se resolve no tempo, na forma e no prazo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Por iso, non entendemos moi ben como se pode vir plantexar unha iniciativa nesta liña que realmente o que nos posibilita —agradecemosllo— é poder presentar nesta Cámara o bo sistema que temos de transporte escolar, como está funcionando e como vai funcionar mellor no futuro.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica do señor Abalde.



O señor ABALDE ALONSO: Moitas grazas.

Señor conselleiro, terei que falar con Ferraz, porque debe ser que non teñen o meu correo electrónico, porque eu non recibo ningún argumentario. Fíxese que casualidade. Pero vostede debe recibir, porque hoxe aquí xa é a terceira vez que escoitamos a frase esa: «*soy feminista porque soy socialista*»; a terceira por parte do Partido Popular. (*Aplausos.*) Vostedes si que deben ter argumentarios que se van pasando.

Mire, conselleiro, vostede non estaba no debate completo da iniciativa, simplemente escoitou a miña. Eu o que dixen é que a min me repugnaba exactamente igual a corrupción viñese de onde viñese, que me fastidiaban enormemente os comentarios que se fixeron sobre as mulleres e, sobre todo, que me indignan moito máis como socialista e como home. Polo tanto, iso é o que dixen. Espero que vostede tamén estea de acordo comigo. Pero a min indígname, veña de onde veña, sexa do partido que sexa. Tamén os «volquetes de putas» me fastidian, fastídanme exactamente igual; noutros casos non é tanto así.

Vostede dime e comenta que non dixen o tema de separación polo tema do fiscal xeral do Estado. ¡É que se estaba falando da reforma xudicial que está facendo o Goberno de España sobre a Fiscalía... e resulta que ten informe favorable do Consello Xeral do Poder Xudicial e onte tivo o informe favorable do órgano europeo! ¿De que estamos falando? Estanse largando bulos e falsidades que non se corresponden coa realidade, e aquí estanse asumindo xa indicios de investigación como sentenzas firmes, porque esta mañá se dixo aquí que eran sentenzas firmes. A iso me refería eu co da falta dalgunhas cuestións constitucionais. Iso é unha realidade. Aquí non se pode vir dicir... E repito, ¡repúgname absolutamente todo o que se escoitou neses audios, todo!; pero de todos, de todos. O que non podo facer é poñer ao mesmo nivel uns indicios dunha investigación cunha sentenza firme. Esa é a realidade e, polo tanto, o que reclamo é a presunción de inocencia para todos, (*Aplausos.*) incluído tamén para os membros do Partido Popular, que neste momento se atopan á espera da apertura de xuízo oral. Tamén para eses reclamo a presunción de inocencia.

Imos entrar xa no que nos trae aquí. Vexo que vostede xa viña un pouco coa idea... Eu non fixen ningún xuízo de valor sobre a calidade do servizo de transporte escolar. ¿Escoitoume a min algunha cuestión que dixese que temos un mal servizo? Do que falamos é de como se responden as demandas e solicitudes sobre fallos e situacións onde non está funcionando. ¿Como se pode resolver, incluído para mellorar ese servizo...? ¡Non porque me interese que se mellore o servizo desde o punto de vista da Xunta de Galicia!; porque me interesa que se mellore ese servizo desde o punto de vista dos usuarios, dos pais e as nais, que, nalgúns casos —como me dixeron onte nunha reunión da asociación de pais— teñen que renunciar a parte das horas laborais simplemente para trasladar os seus fillos dun concello a outro, porque están facendo un ciclo de FP nun concello distinto e non teñen servizo escolar. Ou que me din que a situación dos cintos nalgúns autobuses son lamentables ou que, nalgúns casos, a mobilidade dos autobuses está francamente condicionada polas corredeiras polas que se teñen que mover.

A min encántame que vostedes agora defendan a competencia, pero a competencia, as pequenas empresas locais de transporte que había en determinadas comarcas, destruíronas



vostedes coa súa política. Coa súa política de liñas, coa súa política de xuntar todo o transporte, tanto escolar como interurbano, en todas as zonas, fixeron que practicamente todas as empresas pequenas non fosen competitivas e precisamente esas empresas desaparecesen. Neste momento, non existen. Neste momento, non existen empresas para facer esa competencia, porque todas ou están integradas na grande empresa ou teñen que ir en unidades temporais de empresa aos distintos convenios. Polo tanto, non veñan agora dicir aquí que queren arranxar unha cousa, cando foron vostedes coa súa políticas os que estragaron esa situación. Por tanto, hai que ser coherentes.

¡E non me fale de coordinación, eh! Vostede e mais eu coñecémonos desde hai moito tempo, e a coordinación entre distintos conselleiros sendo do mesmo partido, ás veces..., ¿verdade?, non é tanta como parece.

Polo tanto, a realidade é que un goberno se ve polos resultados, polos resultados económicos, polos resultados sociais, polos resultados políticos; por iso se mide un goberno. E teño que dicir que os indicadores deste Goberno —o Goberno de España, o goberno de Pedro Sánchez, o Goberno de coalición de Pedro Sánchez— son magníficos, e non o di só o Goberno de Pedro Sánchez; dino absolutamente todos os indicadores. Iso non o pode negar vostede, porque hoxe o presidente da Xunta de Galicia falou do emprego que hai aquí en Galicia. Pois en parte é consecuencia da reforma laboral e das medidas laborais que adoptou ese goberno socialista. En España, estamos neste momento en récord de emprego. Eses son os indicadores, e iso é polo que a xente ten que xulgar un Goberno; non polo que fagan dous ou tres desalmados en torno a ese goberno.

Porque, repito —son datos—: Galicia é unha das tres comunidades autónomas con maior número de corrupción. En Galicia leva gobernando o Partido Popular, cunha excepción de catro anos e de dous, practicamente desde o principio da autonomía. Polo tanto, menos poñerse *medallitas* e máis poñerse a traballar para evitar a corrupción e actuar no momento en que haxa a primeira indicación real de que hai corrupción. Actuar, e actuar rapidamente; non protexer os corruptos, como fan outros partidos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para pechar esta interpelación, ten a palabra o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e a Formación Profesional.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Dáme a impresión de que imos falar pouco do transporte escolar. Señor Abalde, eu non escoitei aquí a frase «*soy feminista porque soy socialista*». Se estivese aquí seguramente a escoitaría, pero é que esa frase a escoitou toda España, toda España; non fai falta estar neste Parlamento para escoitala. Estou seguro de que quedan moitas cousas por escoitar. Escoitarémolas, de todo; e aí veremos a talla moral das persoas e a ética das persoas.



Efectivamente, hai unha diferenza substancial. Vostede di aquí, como membro nun partido, que está indignado, avergonzado, contrariado. Por suposto, e eu enténdoo. Pero entendan vostedes tamén, cando algo pasa no outro lado da bancada, que poidamos ter o dereito a estar indignados e contrariados como están vostedes. Porque hai unha diferenza substancial. Cando hai un caso, unha mazá podre —como din vostedes— no Partido Popular, vostedes estenden a todo o partido esa mazá; tense escoitado centos de veces. Cando é ao revés, non pasa iso. Cando é ao revés: non, é que é un caso puntual, unha persoa que... «no la conozco», dicía o señor Cerdán: «no la conozco». E quedan tan anchos. Iso é unha diferenza substancial.

E mire, eu só digo unha cousa: ¿que estaría pasando neste país se a situación que ten o Partido Socialista, como un dos eixos vertebrais da democracia española, e o Goberno, a tivese o Partido Popular?, ¿que estaría pasando neste país?, (*Aplausos.*) ¿que estaría pasando en España? Non poderíamos ir nin tomar un café á rúa. E, claro, detrás da frase que dixo este señor: «soy feminista porque son socialista», hai moita hipocrisía, moito cinismo. Igual que a hai cando se fala de presunción de inocencia e non se lle dá ao rival político, pero si que se me aplica a min —escoitámolo así de veces—, e tamén cando a corrupción parece que é máis ou é menos en función de quen a faga. Realmente a cuestión que vostedes plantexan aquí pérdese, porque din: non, non, aquí atacamos os corruptos e non os defendemos. Pois logo non sei que pasou en Estremadura con aquel señor que se fixo aforado, ou non sei por que o señor Sánchez levou a Ábalos nas súas listas para facelo aforado e defendelo. Iso é amparar, protexer e ter dunha dobre moral máis grande que o eucalipto de Chavín. (*Aplausos.*) E que realmente ten moi pouco sentido todo o que din vostedes.

Despois vostede fixo aquí unha presentación de resultados. Entenderá que nos encanta falar de resultados. O importante da política non é o que se di; é o que se fai, e medir o que se fai comparativamente no tempo e comparativamente no espazo. España vai de marabilla, si. É o país que ten a maior taxa de paro xuvenil de Europa, sacándolle a oportunidade aos mozos e ás mozas; é o país de Europa que ten a maior taxa de paro; é o país de Europa onde máis rápido está medrando a pobreza; é un país onde traballar xa non che garantiza non ser pobre, coa maior taxa de Europa e cun custo da vivenda inasumible. Iso son os resultados, por non falar de resultados educativos, que podería; e vostede sabe, e moito, presumir do bo sistema educativo que temos. Pero eses son os indicadores, eses son os resultados: taxa de paro, taxa de paro xuvenil, índice de pobreza. Aí é realmente, onde se ve o que está pasando, os datos fundamentais que afectan moitísimas, miles, millóns de persoas que non dan chegado a fin de mes e non dan pagado a súa vivenda. Iso é froito de políticas socialistas autenticamente desnortadas, sen ningún tipo de sentido.

En todo caso, e volvendo ao transporte escolar, xa dixen: se algún membro do Goberno ou do Partido Popular lle dá un bico á cabeza tractora dun autobús, eu pídolle, por favor, que mo digan claramente, que non fagan o parvo por aí dándolle bicos aos autobuses ou dándolle bicos aos trens como se fixo aquí. (*Aplausos.*) O transporte escolar funciona, os macrodatos xa os din antes: 80.000 estudantes, 3.700 rutas, 33.000 paradas. Orzamento: 120 millóns. A resolución das cuestións que xorden nos inicios de curso é practicamente inmediata. ¿Como non van xurdir problemas, se falamos de 3.700 rutas e de 1.000 peticións de cambio de paradas cada ano?, ¿como non vai haber problemas? É inevitable, pero resólvense.



Despois hai que ter en conta que hai unhas normativas que se están cumprindo absolutamente, e que os alumnos de FP, os alumnos de ensinanza non obrigatoria, non son usuarios lexítimos do transporte escolar, pero se lles posibilita, sempre e cando se cumpran uns criterios e uns requisitos. E teñen a Tarxeta Xente Nova, que lles posibilita facelo gratis.

En todo caso, tamén a seguridade...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...está absolutamente controlada, e sempre xorden problemas. Se realmente hai penalidades, se realmente se detectan, é porque se controlan. Se non se controlase, non se detectaba nada, e faise, faise cun acordo coa propia Dirección Xeral de Tráfico. Co cal, creo que poñer en tea de xuízo un servizo que vai mellorar coa nova contratación, que vai posibilitar unha contratación máis adecuada ao territorio, que vai posibilitar que haxa unha maior flexibilidade, que vai posibilitar que haxa unha maior competitividade, que vai posibilitar que haxa unha menor capacidade para que unha empresa, ou un grupo de empresas, poida ter máis contratos... Creo que é tremendamente positivo, e temos un incremento —como xa dixen—...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...dun doce por cento, neste caso.

—Xa remato, señora presidenta—.

En todo caso —xa digo—, o transporte escolar foi, é e espero que así siga sendo un dos grandes sinais de identidade de Galicia, que funcionou ben con todos os gobernos. Todos os gobernos tivemos a mesmas circunstancias. É un servizo que posibilita —e é moi importante— a igualdade de oportunidades, e que a posibilitou, fundamentalmente hai anos, cando a mobilidade das zonas rurais era moito máis difícil, e —creo—, francamente, se de algo temos que estar orgullosos nos últimos anos e nas últimas décadas é do servizo de transporte escolar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coa seguinte interpelación.

Interpelación de D. José Manuel Golpe Acuña e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a reactivación económica das zonas afectadas pola perda de grandes industrias tractoras

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Golpe.



O señor GOLPE ACUÑA: Grazas, señora presidenta.

Bo día a todas e a todos.

Bo día, señora conselleira. Benvida a este Parlamento.

Grazas por aceptar a petición do Bloque Nacionalista Galego para poder debater sobre a transición xusta na Galiza, porque, se non fose polas nosas demandas, vostede neste Parlamento nunca viría contarnos (*Aplausos.*) que pasa coa transición xusta. (*Aplausos.*)

Hai que dicir que compareceu vostede dúas veces neste Parlamento no que vai de lexislatura: compareceu unha vez, o 25 de marzo pasado, para falarnos de proxectos industriais estratéxicos; e compareceu outra vez, aló polo mes de novembro, despois daquel episodio curioso no trámite da Lei de beneficios dos recursos naturais de Galiza, cando a Presidencia do Parlamento lle retirou o turno de palabra.

En fin, unha vez en ano e medio e outra vez por necesidades do guión, pero ningunha destas dúas ocasións compareceu para falarnos de transición enerxética xusta. E todo isto tendo en conta que, en termos relativos —non o tome ao pé da letra, en termos relativos—, somos a comunidade de todo o Estado con máis concellos afectados pola transición xusta e somos a comunidade de todo o Estado onde máis empregos se destruíron após o peche de centrais no proceso de transición xusta, isto é, nada máis e nada menos que 1.524 empregos. Non sei se a vostede isto lle resulta motivo suficiente para vir dar conta do que está pasando e de como está afrontando esta situación de sangría laboral, pero a nós si nos parece suficiente motivo para chamala e que veña aquí. Semella que non teñen vostedes nada que dicir e que non teñen nada planificado, e a respecto disto, semella que non hai ninguén ao volante, señora conselleira.

Por iso hoxe queremos debater con vostede sobre a nomeada transición xusta, concretamente na Zona de Transición das Pontes, da central térmica das Pontes. E para entrar en materia, voulle ler, de xeito resumido, porque o tempo é limitado, unha resposta que nos enviaron, dende a súa consellería, ás preguntas escritas sobre este mesmo tema, sobre que pasa cos proxectos industriais na Zona da Transición Enerxética das Pontes. Paso a lerllo: «A Xunta considera que se debe ter unha estratexia clara e definida, ao tempo que se debe evitar actuar por impulso...» —subscribo— «Fronte a esta transición enerxética improvisada polo Estado central, a visión da Xunta de Galiza...» —«Galicia», perdón; pois vostedes escribénos así— «...é que é preciso ter certeza dos proxectos que temos xa en tramitación; e para iso necesitamos certezas a nivel laboral, tanto para o persoal propio da central térmica como para o persoal das empresas auxiliares, incluso para o persoal do transporte en toda a comarca; certezas nos prazos da implantación de proxectos e certezas na execución e na viabilidade de todos os proxectos nos cales vimos traballando dende a Xunta de Galicia, de cara a que se produza unha verdadeira transición xusta da nosa industria». Subscribo; creo que ninguén pode estar en contra de todo isto que di. E avánzanos, despois, que hai dúas liñas de traballo específicas, na súa consellería, para esta situación: a primeira é constituír a Mesa para o impulso á actividade económica nas Pontes; unha mesa en que se pretende facer o seguimento e o desmantelamento da central térmica, e o



seguimento tamén dos proxectos industriais e enerxéticos que deben permitir a reconversión e a reindustrialización da comarca. E a segunda liña de traballo da súa consellería, neste senso, é publicar diversas convocatorias de axudas con cargo aos fondos de transición xusta. Fin de *la* cita.

Como lle dixen, esta é unha resposta que a súa consellería nos enviou logo de preguntar, de forma escrita, varias preguntas —valla a redundancia— sobre estes proxectos industriais. E chamar «resposta» a isto é un mero formalismo. É un mero formalismo porque pouco ou nada responderon dende súa consellería sobre as preguntas concretas que lles facían con relación a este tema, pero isto xa é un tema bastante habitual; un tema que se vén repetindo constantemente. Iso de: ti pregunta o que queiras, que eu xa lle responderei o que me pete. Isto amosa o pouco respecto que teñen por este Parlamento e polo maior grupo da oposición, tanto na Xunta de Galiza como na súa consellería.

O caso é que nestas preguntas, ao igual que nesta interpelación que facemos hoxe, queremos saber cal é o papel que está a xogar a Xunta, en especial a consellería con competencias en industria, enerxía e minas —a súa consellería— en todo o que ten que ver dende o proceso de peche da central térmica das Pontes ata hoxe. E vostede dicía, na súa resposta escrita, que precisabamos certezas: certezas a nivel laboral, certezas a nivel da implantación do proxecto, certezas nesa viabilidade...; pero a única certeza que temos de todo ata a data de hoxe —e non poderá dicir que estou mentindo— é que non hai nada feito. Non hai un plan. É que non hai un plan para a Zona de Transición Xusta das Pontes nin hai un plan para o país. Non hai plan, non hai nada.

Dende que Endesa solicitou o peche a remates do ano 2019, fóronse anunciando sucesivos proxectos dentro da Zona de Transición, con moitos períodos —longos períodos— de publicidade. Abonda con ver as hemerotecas para ver que están pragadas de fotos de presentación do proxecto. E incluso, en moitas ocasións co atrevemento e —se me permite— coa desvergoña de indicar datas e prazos para o inicio da construción destes proxectos; datas e prazos que se incumpriron sistematicamente, pois, na data de hoxe, non hai nada feito. É curioso que incluso, para algún destes proxectos que se anunciaban, houbo auténticas pexlexas para apadriñar ese proxecto e para facer a foto ao lado do promotor, non só pola súa banda, senón tamén pola banda do alcalde das Pontes, que quería saír, en todos os medios, ao lado dos chineses.

Cómpre repasar esta lista para darnos conta de cal é a dimensión da posta en escena, ¿non?, de cal é a dimensión de todo este *boom* de información. Imos repasar rapidamente: o proxecto Amadorio, un bombeo reversible do lago, promovido por Magtel; o proxecto [...], un bombeo reversible do lago, promovido por Reganosa e Electricidade de Portugal; o proxecto do centro loxístico do almacenamento renovable, promovido pola propia Endesa, por Enel, na contorna; a primeira fase do proxecto de planta de biofibras no lago, promovido por unha filial de Ence; o proxecto de H2POLE no lago para a xeración de hidróxeno verde; o proxecto Sentury para a fabricación de pneumáticos no lago, promovido por Sentury Tyres Spain; o proxecto SUH2 para a xeración de hidróxeno verde e de amoníaco, tamén na contorna do lago...



De toda esta lista, hai catro proxectos que están declarados como «proxecto industrial estratéxico» ou «iniciativa empresarial prioritaria». Esta declaración suponse que é un mecanismo para vehicular a implantación dos proxectos sobre o territorio. E recupero o tema dos anuncios porque todo, nesta posta en escena, todo, nesta lista que lle acabo de escenificar, non é máis que anuncios de millóns de investimento e de milleiros de postos de traballo; porén, temos a certeza de que nada disto se materializou no día de hoxe, e estamos a cinco anos despois do peche da central

Supoño que coñece vostede perfectamente a fábula de *Pedro e o lobo*. Pois a situación que se está dando na Zona de Transición Enerxética das Pontes parécese bastante a esta fábula. Só que, neste caso, en vez de berrar que vén o lobo, berramos que marcha o emprego, que marcha a industria, que temos un páramo industrial e que ninguén vén socorrer nin vén esco-rrentar ese lobo: nin o Estado central, pois, nin sequera están os seus representantes aquí sentados neste hemicycle, nin a Xunta de Galiza.

Por certo, falando do Estado central, —eu entendo— logo de ver como nos responderon de xeito escrito, entendo que na súa intervención vai cargar as tintas sobre o Ministerio de Transición Ecolóxica. Motivos non lle faltan; motivos non lle faltan polos seus reiterados incumprimentos. Pero permítame recordarlle que é vostede a conselleira de Industria da Xunta de Galiza, e que vostede dixo, nesta mesma tribuna, que Galiza «está medrando, dando certezas e confianza ás empresas. E isto non é algo casual, isto é froito da estabilidade política e institucional que ofrece o país». Iso o dixo vostede aquí, pois saqueino do *Diario de Sesións*.

Non podemos acreditar nesa estabilidade, señora conselleira; non podemos acreditar, cando na Zona de Transición Xusta das Pontes avanza o desemprego a unha velocidade imparable, como está a suceder cunha das empresas senlleiras nesa comarca, que é Einsa, Edicións Informatizadas S. A. Einsa —permítame recordarlle— foi a primeira empresa que se montou nas Pontes a raíz daquel plan Miner, un plan asinado entre a Consellería de Industria, Endesa, e forzas sindicais; un plan que se asinou dez anos antes de que pechase a actividade na mina —dez anos antes—. Pois esta empresa, que contaba con case 400 empregos no ano 2012, despois de sufrir unha triste e cuestionable xestión económica e xestión comercial, no ano 2023 presentou un ERE, no cal foron ao paro 120 persoas, e quince meses despois, agora, presenta un novo ERE, incumprindo os acordos do primeiro, e que pon en risco os 115 empregos que aínda permanecen dentro da propia empresa. Vaia dende aquí o noso apoio ao comité de empresa e a toda a masa laboral de Einsa, na súa reivindicación por un posto de traballo digno.

E aí ten vostede un retrato do que está pasando, as certezas que se están cometendo dentro da Zona da Transición, porque, se ben acabo de citarlle o caso de Einsa, que é no mesmo concello das Pontes, no polígono de Penapurreira, apenas a trinta quilómetros de alí, isto é, no veciño concello de Narón, a empresa Guidoni Quartz acaba de presentar tamén un expediente de extinción de 122 persoas. Por certo, Guidoni Quartz, que foi unha empresa que se montou a través da intervención pública, a través de Sodiga —que Sodiga xa desapareceu antes de que vostede chegara á Consellería—, unha sociedade de investimento tamén da Xunta de Galiza.



E agora —como lle dicía—, cinco anos despois de que se anunciase ou de que se solicitase o peche...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que rematar, señor Golpe.

O señor GOLPE ACUÑA: ...—estou rematando, presidenta—... da central térmica, o plan é que non hai plan. Non temos plan. Só temos un Estado central que incumpre sistematicamente os seus compromisos. Non podo esquecer, neste momento, a xestión do nó de transición xusta, pois deixáronnos sen megawatts. E por outro lado, temos unha Xunta que se converteu nunha especie de portelo burocrático, onde se tramitan expedientes, onde se tramitan declaracións de contido baleiro que non chegan a materializarse.

Agardo que sexa vostede quen de achegar a información sobre cal é o punto en que nos atopamos e, sobre todo —tal e como repetían vostedes na súa resposta escrita nese documento—, de achegarnos certezas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira de Economía e Industria, a señora Lorenzana.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta.

Señorías, bo día.

Señor Golpe, non pode acreditar na estabilidade institucional do Goberno de Galicia. Supoño que no que acredita é na estabilidade institucional do Goberno de España; por iso o apoian: (*Aplausos.*) pola estabilidade institucional do Goberno de España. (*Aplausos.*)

Eu, sinceramente, non entendo nada da súa intervención —non entendo nada—. O Goberno da Xunta converteuse nunha especie de «xanela burocrática...» —ou algo así dixo— «...pero non chegan os proxectos». Supoño que os proxectos non chegan polo que animan vostedes, o Bloque Nacionalista Galego, a que cheguen os proxectos industriais a Galicia. (*Aplausos.*) Supoño que esa é a fórmula que ten o BNG ou, ¿é que o BNG soamente quere industrializar a zona das Pontes? (*Aplausos.*)

Cren que cando unha empresa vai desenvolver un proxecto ou cando vén de fóra para desenvolver un proxecto, distingue que é na zona das Pontes onde hai que industrializar porque aí é a que lle gusta ao BNG, pero no resto de Galicia non se pode industrializar, e por certo, cos proxectos que lle gusten ao BNG; iso é o que defende o Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*) E vostede vén aquí dicirme que non teño proxecto para Galicia. (*Aplausos.*)



Volvo repetir o que dixen nesa intervención: claro que Galicia ten unha estabilidade institucional máis que recoñecida e máis que pública; e por esa razón —por esa razón— é pola cal somos capaces de atraer proxectos industriais e de estar desenvolvendo Galicia, do punto de vista económico e do emprego, e fundamentalmente do emprego industrial. E así o din as cifras, non o di a conselleira de Economía.

Vostede preguntou que que opina a Xunta do proceso de transición xusta nos concellos afectados. Na Xunta apoiamos de forma indubidable a transición xusta, apoiamos a transición xusta cara á descarbonización porque é a clave para a loita contra o cambio climático e para a nova economía que temos que implantar nos territorios; pero si opinamos que no ámbito industrial e enerxético as transicións teñen que ser transicións non abruptas. Hai que fixar uns prazos e hai que fixar uns obxectivos que sexan alcanzables e que permitan ás empresas, pouco a pouco, irse adaptando, sen poñer en risco —que é o que está pasando agora mesmo— a actividade industrial e o emprego. Sen embargo, desgraciadamente, parece que este obxectivo de mantemento da actividade industrial e de mantemento do emprego non é compartido por todos, e, neste caso, vólvese demostrar isto.

Mire, no caso dos procesos de peche das centrais térmicas de carbón, o Goberno central, co apoio de todos os socios —que están apoiando o Goberno central—, decidiu unilateralmente e sen encomendarse a ninguén adoptar unha serie de decisións drásticas, entre elas, o peche das centrais térmicas, cando non estaba nin planificado nin garantido o obxectivo xeral de dispoñer de alternativas para que estivesen os novos proxectos en marcha. É moi sinxelo dicir aquí que é que tardan moito en tramitarse os proxectos, e, por outra banda, dicir, onde se queira escoitar, que non está garantida a viabilidade ambiental dos proxectos porque non están ben examinados polos técnicos da Xunta. Por unha banda, hai que examinalos ben, pero, por outra banda, non se pode tardar tanto tempo. ¿Non será que hai que previr os procesos de transición para que os novos proxectos poidan ter unha tramitación adecuada e comezar a construción de xeito que o emprego quede garantido? Ao mellor é iso.

E non estaban garantidos a maduración nin o deseño dos proxectos cando unilateralmente o Estado, nin sequera o Ministerio de Transición Xusta, senón o Goberno de Pedro Sánchez, tomou unha decisión política, que foi o peche das centrais térmicas, por unha cuestión política, é dicir, por vender que se acababa co carbón. E nesa foto están vostedes porque a vostedes tamén lles interesaba vender isto. E nese momento non pensaban no emprego, e agora si o están pensando. Por iso é bo recordar que o BNG tamén é responsable da situación —aínda que agora lle queira dar a volta— que hai nas zonas de transición xusta en Galicia.

Mire, no pacto de investidura co PSOE, no ano 2020, no cal vostedes lle deron o apoio a Pedro Sánchez para ser presidente de Goberno, acordaron —cito textualmente—: «...realizar as modificacións necesarias para incluír Galicia no Plan de acción urxente para países do carbón e centrais pechadas». E dicían: «...que se desenvolvan as modificacións necesarias coa máxima urxencia». Coa irresponsabilidade industrial que os caracteriza, pedían urxencia para todo o que era o peche do carbón; pero o día que sacaron a foto, ao día seguinte, xa se olvidaran de que había que contar cos novos proxectos. Para que existan



novos proxectos é necesario crear un clima favorable á industria; é necesario que os investidores teñan claro que a Galicia se pode vir investir, e que non imos ter unha oposición continuada de pancarta por vostedes, polo seu sindicato de cabeceira e polas súas plataformas, todos os días, antes de que se comece a construción do proxecto. *(Aplausos.)* ¡E vostede vén aquí falar da industrialización das Pontes! *(Aplausos.)* ¡Por favor, por favor! *(Aplausos.)*

O seu único obxectivo, e o obxectivo do Goberno central, era exclusivamente este. Cando conseguiron a foto, ¿que pasou no seguinte pacto de investidura? Agosto de 2023, peche definitivo e unilateral da central das Pontes por parte do Goberno de Pedro Sánchez; novembro de 2023, volveron asinar un pacto de investidura e xa non había urxencia. Esa urxencia que vostedes reclamaban para saír na foto, acabando co carbón..., ¿xa non hai urxencia en falar do emprego, en falar dos investimentos, en falar dos Fondos para a transición xusta? Tanto é así —e díxenllo xa máis veces— que non se menciona a industria en todo o pacto de investidura, e o señor Sánchez non dixo nin unha palabra nin sobre a industria nin sobre a enerxía. Este é un exemplo máis da oposición continua á industria e ao progreso de Galicia que vostedes están liderando —que é o que están liderando—; e, por outra banda, defenden o emprego industrial sen industria —sen industria—.

Polo tanto, señoría, preguntábame: ¿cal é a valoración do Goberno de Galicia sobre o proceso de transición xusta nos concellos galegos afectados? Pois manifestamente mellorable, evidentemente. Pero a cuestión é, ¿quen son os responsables do que agora está ocorrendo? Pois evidentemente, o peche á brava das centrais térmicas fíxoo o Goberno central. E, que eu saiba, nin o Partido Popular nin o Goberno da Xunta apoiaron isto; si o BNG, que apoiou a investidura de Pedro Sánchez.

Dicían que rexeitamos promover un plan para a reactivación económica e industrial do concello das Pontes. Pero, ¿que plan, se non contaron en ningún momento coa Xunta de Galicia? Nós estamos desenvolvendo un plan xeral e ambicioso de política industrial en toda a comunidade. E isto —que lles dicía antes— o amosan as cifras que temos agora mesmo en emprego industrial. Son as cifras da EPA: «Galicia supera o Estado en porcentaxe de persoas ocupadas no sector industrial». Estamos nun 16,9 por cento; a media estatal está nun 13,4 por cento. Se imos á evolución da ocupación industrial, en interanual, no primeiro trimestre, temos 21.000 persoas máis ocupadas na industria que hai un ano. Somos a comunidade que experimenta o maior incremento en termos absolutos de ocupación industrial. En termos porcentuais, temos un crecemento interanual dun 12,14 por cento. ¿Sabe cal é o ritmo medio de subida en España fronte ao noso 12,14 por cento? Un 3,16 por cento. Entón, son cifras boas. E por suposto que hai que seguir loitando, traballando e acompañando, ¡por supostísimo!, pero son cifras boas.

O panorama non é o que vostedes están definindo. Non hai unha desolación industrial. E Goberno da Xunta ten un plan, claro que ten un plan. Estas cifras, entre outras cuestións —ademais do traballo inxente de todos os empresarios e dos traballadores de Galicia—, tamén son porque existe esa estabilidade institucional e unha férrea defensa do presidente da Xunta e de todo o Goberno da Xunta, da industria, da enerxía e do desenvolvemento económico de Galicia; *(Aplausos.)* cuestión que non vemos na oposición en ningún caso. *(Aplausos.)*



E por todo iso seguimos traballando co total convencemento de que no concello das Pontes —e en todos os concellos onde se está dando a transición xusta— é posible traballar para novos investimentos. Hai que axilizar as tramitacións, por suposto. Por iso falamos de tramitacións áxiles aí, e con Fondos de transición xusta tamén. Eses fondos estanse tramitando —e vostede sábeo—: asinamos 110 millóns de euros; o Igape xa convocou máis de 47 millóns de euros entre axudas e préstamos parcialmente reembolsables; o Inega convocou 12,5 millóns de euros para proxectos singulares de mellora da sustentabilidade enerxética; acabamos de aprobar, no Consello da Xunta pasado, un convenio entre a Consellería de Emprego e as organizacións sindicais e empresariais, salvo a CIG —salvo a CIG—, para tratar de facer un plan individualizado de acompañamento no proceso de transición aos traballadores para a reinserción no mercado laboral. E ese é o camiño: continuar acompañando os investimentos e continuar apoiando os traballadores. E vostedes, que nunca reclamaron ao Goberno do Estado que os fondos Next Generation se poidan descentralizar na Comunidade Autónoma de Galicia, veñen aquí dicir que por que non facemos un plan con fondos propios. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

En fin, miren, non se pode defender unha cousa e a contraria de xeito permanente, é moi complicado; vostedes non poden arremeter todos os días, os seus sindicatos e as súas organizacións de influencia, contra os proxectos industriais estratéxicos de Galicia e pretender, ao mesmo tempo, erixirse como abandeirados da industrialización ou da industrialización por zonas. Mire, ese papel de defensores da industria —creo—, de verdade, teñen que olvidarse del *(Murmurios.)* porque xa non o cre ninguén. Vostedes son o «non»: o «non» ás empresas, o «non» ás enerxías renovables, o «non» ás minas e o «non» ao emprego industrial.

Teñen unha portavoz que fixo unha entrevista en *La Voz de Galicia*, esta fin de semana, na cal falaba de que «Estamos gobernados por un presidente gobernado por un lobby eléctrico». ¡A única comunidade autónoma e o único partido político que acaba de obrigar as eléctricas a facer unha repotenciación sen axudas públicas! *(Aplausos.)* En cambio, os seus socios de Goberno en Madrid, eses non están co lobby eléctrico, *(Aplausos.)* cando levan sacado axudas para a repotenciación, defendidas neste Parlamento tamén polo Partido Socialista Galego. Mentres, o presidente da Xunta resulta que é o amigo do lobby eléctrico.

Mire, se Galicia non sofre unha fuxida continuada de investimentos, é grazas, en boa medida, á férrea defensa da empresa e da industria que está facendo este Goberno; e, moi ao noso pesar, non está acompañada esta defensa polos partidos da oposición, que só buscan oportunismo na política industrial que pretenden defender.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Grazas.

Réplica do señor Golpe.

O señor GOLPE ACUÑA: Señora conselleira, eu quero ser como vostede. *(Risos.)*



Eu quero ser conselleiro de Industria, sentar no meu coche oficial e ver pasar as cousas pola ventá. *(Un señor deputado pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.) ¡Pero cállate la boca, hombre! (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (O señor Golpe Acuña diríxese á señora presidenta, Candia López.) Chámelle vostede a atención. Isto é insoportable, parece o patio do colexio. (Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¡Silencio, por favor! *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

O señor GOLPE ACUÑA: Díciálle, señora conselleira, que me gustaría iso: poder ver pasar a vida a través dos cristais do meu coche oficial sen que nada me importase, botando sempre a culpa ao BNG. *(Murmurios.)*

Eu voulle dar unha noticia que, ao mellor, non coñece: vostedes gobernan Galiza. Aproveitar dez minutos de intervención para non dar un só dato de como están os proxectos industriais na contorna das Pontes é para poñerlle nota; jé para poñerlle un dez! *(Aplausos.)*

Mire, eu entendo que é un papelón ter que vir aquí e non poder dicir nada porque nada hai. Eu pregunteille, aló por maio de 2024, sobre Sentury, sobre o primeiro proxecto que Endesa, no seu plan Futur-e, levou á zona da transición xusta, para ver que nos podía dicir, porque había novas nos medios de comunicación sobre que Sentury non se ía materializar. Vostede, con bo criterio —entendo—, díxome que non ía falar de cousas que saían nos periódicos, pero que todo seguía adiante. Isto foi hai máis dun ano e todo segue igual, e Sentury está incumprindo os prazos, ao igual que H2POLE. Ten unha declaración ambiental e non hai unha pedra posta. ¿Por que non nos conta o que está pasando? ¿Son anuncios? ¿Vaise materializar algo? ¿Que saben vostedes de todo isto?

Vostede dicía que hai que crear un clima para que os proxectos cheguen. ¿Que lles hai que poñer?, ¿aire acondicionado? *(Murmurios.) (Risos.)* Hai solo industrial, hai auga, hai enerxía..., ¿que é o que falta, señora conselleira?; ¿que é o que falta? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* A ver, ¡cóntenos! *(Murmurios.)*

Mire, eu preparando onte esta intervención, tiña aquí unha retahíla de cousas para recordarlle, para lembrarlle. Vostede mencionaba os Fondos de transición xusta que dedican á formación. ¿Cantos ciclos de formación profesional se crean con estes fondos? Díganos e explíquenos, ¿cantos ciclos de formación profesional se van crear? ¿Que vai pasar coa auga da transición xusta?; ¿que vai pasar coa concesión de auga que deixou a central térmica vacante?; ¿vaise utilizar como auga de transición xusta, tal como se recolle na Lei de augas? ¿Pódeno aclarar?; ¿pódeno explicar?

Mire, vou deixar os datos á parte. Eu creo que os que estamos metidos en política, os que nos dedicamos á política, temos que ter, cando menos, empatía: empatía para poñernos na



pel do outro; empatía para poñernos na situación dos problemas que intentamos atallar ou que intentamos resolver. E eu hoxe pónome na pel dun extraballador de Endesa que teña a miña idade ou un pouco máis, que xa estea próximo á xubilación e que escoite a súa intervención. ¿Que lle deu vostede a ese traballador nesa intervención, señoría?; ¿que lle deu, señora conselleira? Non hai un só proxecto materializado e non hai nada sobre o territorio; hai destrución do emprego. ¡E iso é unha realidade, non o pode negar!; iso está aí.

O PIB vai moi ben, os datos de emprego van moi ben, pero non nesta zona. E eu o que lle estou preguntando é pola Zona de Transición Xusta das Pontes. E o peor de todo isto é que noutros procesos de reconversión, noutros procesos de cambios de uso na industria, o traballador sempre tivo ferramentas para defender a súa posición ou ferramentas para reivindicarse; pero no caso do que está pasando coa transición xusta das Pontes, isto non é así. Deixaron vostedes os traballadores sen unha mesa, sen onde poder falar, sen onde poder protestar. ¿Sabe que lles queda? A pancarta de que vostedes falan.

Por certo, mañá hai convocada unha manifestación pola CIG —esa central sindical a que vostedes non convidan aos convenios— para rodear o Concello das Pontes en reivindicación dun verdadeiro plan industrial. Eu convídoa a que participen, aínda que teñen alerxia ao plástico das pancartas, das faixas.

É moi triste, señora conselleira; é moi triste que non sexan vostedes capaces de empatizar, que non sexan vostedes capaces de dar un mínimo de certezas e un mínimo de esperanza a un pobo que esmorece e a unha comarca que esmorece. Mire, eu tiña aquí unha gráfica para amosarlle, pero que ata perdeu xa todo o sentido. *(O señor Golpe Acuña mostra unha gráfica.)* Estas son as afiliacións á Seguridade Social no concello das Pontes, a evolución nos últimos anos. Isto é o que está pasando, esta é a verdadeira realidade, e bótelle vostede a culpa ao BNG, se quere. O BNG nin goberna nas Pontes nin goberna na Xunta, son vostedes os que gobernan aquí e o Partido Socialista o que goberna nas Pontes. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que rematar, señor Golpe.

O señor GOLPE ACUÑA: Remato, señora presidenta.

Mire, faga un exercicio de imaxinación cando suba aquí outra vez e entenda que non lle está respondendo a un voceiro do Bloque Nacionalista Galego, entenda que lle está vostede respondendo a toda unha comarca que esmorece. Déalle certeza, señora conselleira.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para dar resposta, ten novamente a palabra a señora conselleira de Economía e Industria.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Señor Golpe, creo que os proxectos... Non sabía que esperaba que viñese aquí dar un listado de proxectos que están nas Pontes e do estado de tramitación no que están, cando vostede acaba de dicir



precisamente cales son os proxectos, e moitos deles están tramitados e, ademais —e agora vou dar algún dato—, con absoluta celeridade.

Hai tres proxectos industriais estratéxicos, que son H2Pole, Sentury Tire, Biofibras de Galicia, do grupo Ence e hai unha iniciativa empresarial prioritaria, o Centro verde de hidróxeno e amoníaco Universal H2, por centrarme nos que están cualificados por estas figuras. Os tres proxectos industriais estratéxicos teñen xa formulada a declaración de impacto ambiental, e un deles, que é H2Pole, xa ten mesmo a autorización ambiental.

E se falamos de prazos, dende a finalización da información pública, por exemplo do proxecto de H2Pole, tivo a DIA formulada en menos de cinco meses e o proxecto de Sentury Tire, que é un proxecto, ademais, con moitísimos empregos e moitísimo investimento, en tres meses.

Desgraciadamente, estes proxectos agora mesmo non están aínda funcionando. Creo que xa ao principio da miña intervención lle dicía que a causa ou a razón de ser pola que estamos aquí é por unha decisión unilateral, onde non se tivo en conta que para acomodar, para madurar e para establecer novos proxectos é necesario planificar as cousas con anos de antelación, non decidir isto nun despacho en Madrid porque se quere sacar unha foto abandeirando que somos os máis verdes e os máis descarbonizados da historia para deixar despois as persoas sen emprego. E iso —con vostedes, que nada están dicindo— é o que fixo o Goberno de Pedro Sánchez; iso exactamente. *(Aplausos.)*

A estes proxectos que están autorizados e que, polo tanto, poderían mañá empezar a construírse, ¿que lles falta? Pois, mire, non lles falta aire acondicionado, non é iso, o que lles falta é fundamentalmente un acompañamento económico e unha conexión eléctrica. ¿E saben por que non teñen un acompañamento económico? Pois porque os fondos Next Generation están centralizados, coa súa complicidade, polo Goberno central, e non se deixa que as comunidades autónomas poidan establecer mecanismos para que eses fondos Next Generation cheguen precisamente a proxectos transformadores como os que se poderían instalar nas Pontes. ¿E sabe por que non chegan? Porque tampouco teñen conexión eléctrica.

Esas dúas cuestións son claves, non o aire acondicionado, así como tamén un clima estable para a empresa; un clima onde a empresa saiba que pode investir en condicións de seguridade. Por iso lle digo que as súas pancartas non aportan nada a Galicia, o que fan é facer fuxir aos investidores. *(Aplausos.)*

Este proceso de cogobernanza do que lle estou falando, no que lle digo que, como mínimo, deberían apoiar que a Xunta de Galicia, aínda que non sexa do seu partido, teña algo que dicir na transición e nos fondos que van —Next Generation neste caso— para a transformación económica de España... Dío o propio informe que vostede sinala na súa interpelación. Din se coñece o informe da USC sobre o impacto do peche da central térmica das Pontes. É que este informe precisamente di isto: que a gobernanza do proceso de transición enerxética está sendo un proceso vertical —estou lendo, jeh!— no que a maioría das decisións importantes se toman a nivel nacional; están desatendidos os go-



bernos locais a miúdo. Isto dino aquí, non o estou dicindo eu. Dío o informe no que vos tede basea a súa interpelación. E vostedes, mentres tanto, seguen apoiando que a Xunta de Galicia non teña fondos nin poida desenvolver as súas competencias en materia de industria con normalidade.

Esa cuestión da que vostede falaba é transcendental sobre os concursos de transición xusta. De nada nos vale que As Pontes, efectivamente, sexa unha zona que ten potencia, se non saen os concursos. Primeiro había 1.400 megawatts, que quedaron liberados cando desapareceu a central. Ben, xa lles debía caer a cara de vergoña, e, entón, sacan 945. Perdéronse 450 megawatts nas Pontes, esenciais para proxectos que, evidentemente, eu aquí non podo mencionar, pero que están chegando e que non teñen potencia suficiente co que agora mesmo temos nas Pontes.

¿Que están vostedes dicindo en Madrid? Todo isto que me están preguntando a min... Conexión eléctrica non é aire acondicionado, conexión eléctrica son fondos para os proxectos, porque a tramitación que ten que facer a Xunta de Galicia xa se está facendo. *(Aplausos.)* Vaian reclamar onde teñen que reclamar e, se non, serán cómplices, por moito que lles pese, do que está facendo Pedro Sánchez. Non hai outra, é o que están facendo.

Poñen de exemplo o plan industrial que se activou con motivo do peche da mina das Pontes. Pois está ben que o poñan. Este convenio asinouse entre a Xunta, as centrais sindicais e Endesa no ano 1997. E ¿sabe cal foi a súa orixe? Que a finais dos noventa se soubo, evidentemente, que non se podía utilizar o carbón procedente do xacemento das Pontes, e, pensando no peche a 1 de xaneiro de 2008, asinouse; con dez anos de antelación, que é o que lle estou dicindo. Aquí o que se fixo foi un peche unilateral e sen contar con ningunha administración. Pero agradezo que recoñeza...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): ...o papel da Administración central —xa remato, señoría— e da Administración da Xunta de Galicia naquel momento, ambas, por certo, gobernadas polo Partido Popular. *(Aplausos.)*

En fin, remato xa, señoría.

Repítolle, para finalizar, o que lle dicía ao principio: é realmente incongruente que vostedes veñan defender a industria de Galicia por trozos e que vostedes crean que o clima que están creando contra a industrialización de Galicia se pode defender no mundo internacional e no comercio en xeral no que estamos imbuídos por trozos. O que vostedes están facendo, esa mala fama que intentan poñerlle a Galicia dende o punto de vista da instalación de industrias, afecta tamén, aínda que vostede non o queira recoñecer, o concello das Pontes. Pero ¿sabe que? Afortunadamente para Galicia e desafortunadamente para vostedes a poboación sabe perfectamente como son as cousas e sabe o que vostedes están facendo, e por esa razón periodicamente, cando teñen que decidir, saben perfectamente que gobernantes prefiren.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Interpelación de D^a Noa Olalla Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a eficacia do sistema de protección ás vítimas de violencia de xénero

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.

Bo día, señora conselleira.

«Se cruzamos os brazos, seremos cómplices dun sistema que lexitimou a morte silenciosa». Isto escribiuno Ernesto Sábato en referencia á ditadura arxentina; outro contexto e outros crimes, pero plenamente vixente para falar hoxe, no ano 2025, do terrorismo machista. Cruzar os brazos ou responder con indiferenza ante os feminicidios é un enorme risco que as mulleres galegas non podemos permitírnos. E iso, lamentablemente, señora García, é o que está facendo o seu goberno. Por iso a interpelamos hoxe.

Desde o BNG pensamos que, se caemos na monotonía, se acabamos instaladas na rutina, recibindo a violencia machista case como unha estatística máis, acabaremos sendo, como di a cita de Sábato, cómplices da súa normalización, da súa permanencia, e máis aínda nun contexto histórico que é preocupante, nun contexto histórico, o de hoxe, que non é inocuo e que exige tamén por parte dos poderes públicos da máxima reacción. Estamos nun momento no que o rearme do machismo e o avance das dereitas máis extremas nas institucións xa non se limita ao cuestionamento da existencia da violencia machista, senón que xa se está articulando para desmontar e retrotraer dereitos que estaban conquistados e dando pasos atrás en dereitos como o aborto.

Preocúpanos o contexto, preocúpanos a falta de reacción nun país no que hai un repunte da violencia machista en materia de intentos de feminicidio e tamén de feminicidio, como estamos vendo nos últimos meses. Preocúpanos enormemente que haxa 3 feminicidios en Galicia, 2 recoñecidos e un pendente de recoñecemento, mais, evidentemente, producido nun contexto de violencia machista onde o sistema fallou e que pareza que non pasa nada. Peor aínda, vimos unhas declaracións lamentables e afortunadamente rectificadas por parte do subdelegado do Goberno do Estado e vimos tamén como o Concello de Moraña equiparaba agredida e agresor, algo que aínda non foi desautorizado nin por vostede nin polo Partido Popular. Nós preguntámonos se esa é a neutralidade ideolóxica que busca o Partido Popular e se da mesma maneira que equipararon xa hoxe xenocidas e exterminados, pois lles parece lóxico equiparar maltratadores e maltratadas.

Vemos que o Goberno galego está ocupado noutros asuntos mentres acontece todo isto, por exemplo, en levar o control ideolóxico ás aulas; todo isto despois de quitar a materia de



Igualdade e votar en contra outra vez neste Parlamento hai escasas semanas dun plan de educación afectivo-sexual e contra a transfobia.

Neste panorama preocúpanos que haxa unha escalada evidente e constatable de violencia machista en Galiza e que pareza que non hai reacción nin por parte do seu goberno nin por parte do Estado, ou, cando menos, non a reacción necesaria. En Galiza vostedes non quixeron constituír e desprezaron a proposta dun comité de crise propio con escusas peregrinas, que din que sería duplicar. ¿Duplicar o que? Se o do Estado nin sequera estaba constituído e se en Galiza hai instrumentos propios que temos que coordinar desde aquí, porque non os hai noutros puntos do Estado.

Se non lles gusta a proposta, señorías, poden facer outra, pero o problema é que non se tomen medidas extraordinarias cando hai un repunte extraordinario e cando nos están matando.

E o mesmo dicimos respecto do Estado, que tardou semanas en convocar un comité de crise —que aínda se celebra mañá— e do que aínda non se coñecen medidas extraordinarias. Pregúntome cales van ser as que vai trasladar a Xunta de Galiza no día de mañá. Nós desde o BNG traemos tres propostas nas que entendemos que o Estado e a Xunta deberan traballar conxuntamente, cada unha no seu ámbito competencial.

A primeira é a revisión urxente do VioXén e aumentar efectivos para sumar a valoración psicossocial, pois é evidente que está habendo problemas de valoración. Preocúpannos especialmente os máis de cinco mil casos activos de risco non apreciado ou de baixo risco. Vimos neste país hai escasas semanas un intento de asasinato por parte dun maltratador que si tiña acceso a armas, e aínda así estaba cualificada a vítima como de baixo risco. Non podemos permitir que isto volva acontecer unha soa vez.

A segunda proposta é que hai que centrarse en aumentar os recursos humanos tanto para o persoal que se ocupa da seguridade como tamén para o persoal, por exemplo, que hai nos CIM, e así poder garantir que no período estival non vai haber unha mingua de ningún servizo, pese a haber concorrencia de vacacións.

E a terceira é que entendemos que tamén é o momento de reforzar o discurso público, de reforzar a conciencia social, de facer unha campaña específica nos medios de comunicación públicos e privados para alertar da situación que estamos vivindo, porque historicamente o período estival é un período no que aumentan os casos de violencia machista, no que aumentan tamén os feminicidios, e estas semanas previas ao verán foron absolutamente de máxima alerta.

Todo isto preocúpanos, e preocúpanos, ademais, que todo isto, toda esta escalada de violencia machista, aconteza nun contexto no que o Partido Popular de Galiza, o presidente da Xunta ou vostede mesma, señora García, aínda non explicaran un mes despois —aínda non explicaron un mes despois— por que estiveron catro meses amparando un presunto agresor no Consello da Xunta, por que estiveron catro meses en silencio, por que aínda, no día de hoxe, non se investigou a filtración da identidade da vítima ou por que un mes despois aínda



non hai palabras de solidariedade coa vítima por parte dos máximos responsables políticos neste país. *(Aplausos.)*

Hai que preguntarse que mensaxe envía isto ás mulleres; que mensaxe envía isto ás mulleres que poidan estar pensando en denunciar. E digo isto, precisamente, porque hai uns poucos días, cando comparecía o señor Barba neste Parlamento para dar conta dos datos de violencia machista de 2024, afirmaba que era unha noticia positiva que no 2024 houbera un lixeiro descenso das denuncias por agresión sexual. E eu preguntome —porque nós pedimos a máxima alerta sobre este dato e que se estude e analice desde a Xunta de Galiza ao abeiro do Observatorio Galego de Violencia Machista e tamén dos organismos de coordinación— por que pode haber ese descenso de denuncias, porque se cando aumentan as denuncias en xeral por delitos de violencia de xénero, como acontece no 2024, dicimos que é unha boa noticia, porque realmente isto o que quere dicir é que hai unha violencia que estaba invisibilizada, e que agora se denuncia máis porque as mulleres senten que no sistema se pode confiar e que pode axudalas, ¿por que, se aplicamos iso para as denuncias en xeral por violencia de xénero, non aplicamos o mesmo parámetro, a mesma vara de medir, ás denuncias especificamente por delitos de agresións sexuais?

A nós preocúpanos que, detrás dese descenso, poida estar o cuestionamento crecente que hai na sociedade respecto das vítimas impulsado polo discurso da dereita. Preocúpanos que, detrás desa baixada de denuncias, estea o cuestionamento da dereita á entrada do consentimento dentro do marco legal e ás leis de violencia sexual. Preocúpanos que, detrás desa baixada, estea tamén o cuestionamento que ven as mulleres que se fai de moitas vítimas; o cuestionamento que viron as mulleres deste país e do Estado español, por exemplo, da vítima que denunciou o señor Errejón, o cuestionamento da vítima que viron neste país e no Estado tamén da denunciante dun conselleiro do Goberno galego, ou o cuestionamento que tantas mulleres ven doutras mulleres que denuncian a violencia sexual.

Por iso —insisto—, tendo en conta a complexidade da violencia sexual e o feito de que o propio Poder Xudicial estima que só chegan aos xulgados un 20 por cento das agresións que se cometen, pedimos que a Xunta estude esta baixada no número de denuncias dentro do Observatorio da Violencia e nos organismos de coordinación, e que se aborden aí tamén os feminicidios e intentos de feminicidio que coñecemos nos últimos meses. Hai que revisar se fallou algo e ver que podemos mellorar, porque, dende logo, o conformismo non nos leva a ningún lado. Estamos vendo moito conformismo e folga de brazos caídos por parte do Goberno galego.

Hoxe, a lei galega segue sen desenvolver un aspecto crucial, que é o apoio psicolóxico garantido dentro da atención primaria; un artigo aínda incumprido da lei galega de violencia machista. Vemos como están moi preocupados polo proxenetismo, pero a respecto do Plan da trata, que acabou o ano pasado, aínda non se coñecen publicamente os datos e o informe concreto e público da súa valoración, e o Goberno galego afirmou que ata final do verán non estará o seguinte plan. Vemos como non queren incrementar a contía económica das axudas de violencia machista e como ocultan os datos dos centros de crise 24 horas que privatizaron. Vemos como non se coñece aínda a diagnose que, en teoría, estaban facendo para ese novo plan de reforzo dos CIM do que tampouco hai concreción. Vemos como non



usan o autogoberno para impulsar desde Galiza unha axuda para as vítimas da violencia sexual, escudándose na lentitude do Estado; e vimos como, onte mesmo, votaban en contra dunha lei que defendeu o BNG nesta Cámara para defender medidas de igualdade no ámbito do deporte.

Polo tanto, vemos que non lles gustan as nosas propostas, non lles gusta o que concreta a lei galega pendente de desenvolvemento. Se non lles gustan esas propostas, fagan outras, pero saian do seu conformismo, porque, se hai unha repunta de violencia machista e se hai indicios de que hai cuestións que non funcionan e hai que mellorar, hai que actuar.

Polo tanto, hoxe preguntámoslle, señora García, se vai seguir o seu goberno de folga de brazos caídos en materia de violencia machista mentres aumentan os intentos de asasinato e os feminicidios en Galiza. ¿Van seguir de folga de brazos caídos ou van actuar, señora García? *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda para dar resposta, a conselleira de Política Social e Igualdade, a señora Fabiola García.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Moitas grazas, presidenta.

Deputadas e deputados, moi bos días.

Señora Presas, como xa lle indiquei no último pleno, o compromiso da Xunta de Galicia na loita contra a violencia de xénero é indiscutible. Un compromiso que se reflicte no impulso de políticas públicas integrais, que están dotadas de orzamento; se traduce no apoio a todas as vítimas, tanto económico como psicolóxico, e tamén, na aposta permanente pola sensibilización de toda a sociedade.

Mire, durante todos estes anos, Galicia conseguiu situarse como unha comunidade de referencia a nivel estatal; unha referencia polo impulso de medidas pioneiras tanto no ámbito lexislativo como na dotación de recursos para a prevención. Fomos a primeira comunidade en ter un decreto de formación en igualdade, e de prevención e loita contra a violencia de xénero para o persoal da Administración pública. Fomos a primeira comunidade en poñer en marcha o servizo de quenda de garda para mulleres vítimas de violencia de xénero e tamén para os seus fillos menores, e, por suposto, seguimos sendo a primeira comunidade en ofrecer esa asistencia integral de todos os nenos orfos por violencia machista. Fomos tamén a primeira comunidade en ofrecer vivendas tuteladas para vítimas de violencia de xénero con enfermidade mental, e fomos unha das primeiras comunidades en recoñecer a violencia dixital como unha forma de violencia de xénero; unha cuestión sobre a que afondaremos nesa futura lei de violencia dixital. Pero, ademais de poñer en valor todo o feito pola Xunta de Galicia durante todos estes anos, tamén quero aproveitar para pedir hoxe a máxima prudencia ante os posibles casos de violencia de xénero.

No caso concreto de Moraña, polo que vostede me pregunta, e pese ás circunstancias que rodean o suceso que todos coñecemos, a realidade é que, hoxe, non se ten clasifi-



cado de xeito oficial como de violencia de xénero ou, o que é o mesmo, non está determinado aínda por parte do Ministerio de Igualdade, que é o único competente para facer esta clasificación. Polo que, señora Presas, hai unha investigación, hai un procedemento aberto; convén esperar e ser prudentes. E lémbrolle tamén, en todo caso, que a Xunta de Galicia non determina se nos atopamos ou non ante un caso de violencia de xénero, senón que hai un procedemento establecido que é moi claro e que debemos respectar. En todos os casos, debe emitirse o informe da Fiscalía, o informe do Poder Xudicial e tamén o correspondente informe das forzas e corpos de seguridade do Estado. Todos estes informes son sometidos a unha análise pormenorizada polos técnicos do Ministerio de Igualdade, e son estes técnicos do Ministerio de Igualdade, á vista de todos estes datos que van recabando, os que determinan se se trata ou non se trata dun crime por violencia de xénero. No caso de Moraña, debido á complexidade desta investigación, isto aínda non se produciu, polo que cómpre esperar e ver en que conclúe esta investigación.

Neste punto tamén quero aproveitar para facer un chamamento. Quero facer hoxe un chamamento a evitar xuízos anticipados e tamén a actuar sempre con respecto, con sensibilidade e con responsabilidade. E quero pedir, ademais, que o fagamos tanto dende as institucións, que temos unha gran responsabilidade, como dende a sociedade no seu conxunto.

Mire, piden vostedes que se poña en marcha un comité de crise en Galicia, pero, señora Presas, esta figura xa existe, polo que crear outro comité distinto sería redundante e sería pouco efectivo. Pero mire, de feito, xa existen dous comités diferentes. O primeiro, un comité técnico de coordinación de todas as administracións que se reúne na Subdelegación do Goberno de cada provincia cando hai un caso de vítima mortal. A máis recente foi a reunión celebrada na Coruña tras o asasinato de Maritza no pasado mes de xuño. E, en segundo lugar, o segundo comité, o comité de crise que hai a nivel nacional, que foi creado en xullo do ano 2022 no seo da Conferencia Sectorial de Igualdade e que se reúne cando hai máis de cinco casos nun mes. De feito, mañá mesmo, como vostede ben dicía, o 10 de xullo, haberá unha reunión deste comité no Ministerio de Igualdade; un encontro no que imos participar todas as comunidades autónomas ante a repunta en España de casos de violencia de xénero.

Neste comité, ¿que se fará? Neste comité farase unha análise pormenorizada de todos os casos acontecidos entre os meses de abril e xuño que foron confirmados como tal pola Delegación do Goberno contra a violencia de xénero. Polo tanto, neste comité o que se vai facer é unha análise a nivel técnico de cada un dos casos que aconteceron. Analizaranse os feitos, os antecedentes e as circunstancias a ter en conta dende todos os puntos de vista. En definitiva, o que se fará será unha radiografía perfecta de cada caso para analizar en profundidade se algo fallou, e tamén propoñer esas melloras, eses axustes que moitas veces son necesarios no sistema.

Mire, nesta lista que se vai analizar mañá e que está remitida polo Ministerio ás comunidades autónomas, non está incluído o caso polo que vostede me pregunta, que é o caso de Moraña. E, ¿por que non estea incluído o caso de Moraña? Precisamente porque non está cualificado polo momento como un caso de violencia de xénero.



Señora Presas, eu estou de acordo con vostede nunha cuestión. Estou de acordo con vostede na necesidade de unidade de traballo conxunto entre todas as administracións, tamén na colaboración permanente a favor das vítimas de violencia de xénero; pero tamén hai que fuxir sempre do sensacionalismo e traballar de forma coordinada. Mire, a loita contra a violencia machista exige que fagamos as forzas, que nos unamos todos e que establezamos eses mecanismos de cooperación que son necesarios entre os concellos, as comunidades autónomas, o Goberno central e tamén os distintos organismos públicos, porque debemos ser sempre conscientes de que a coordinación interinstitucional non é unha opción, senón que é unha responsabilidade ética e unha responsabilidade política. Por iso, debemos seguir sempre reforzando as redes de atención, debemos continuar sempre mellorando a protección de todas as vítimas e sempre, por suposto, como estamos facendo nestes momentos, garantindo os recursos suficientes.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica da señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidenta.

Señora García, de verdade, se se producen dous feminicidios recoñecidos oficialmente polo Estado e despois un pendente de investigación —que, en todo caso, sabemos que era nunha circunstancia de maltrato habitual na que o presunto agresor estaba condenado e tiña que estar ingresado no cárcere—, e, ao mesmo tempo, coñecemos nestes últimos tres meses importantes intentos de feminicidio exercidos, a metade deles, por parte de maltratadores que estaban en VioGén e sobre os que había ordes de afastamento, e todo iso non son motivos suficientes para que a Xunta de Galiza constitúa un comité de crise ou algún tipo de medida ou organismo extraordinario, eu non sei que ten que acontecer neste país. *(Aplausos.)*

Non lle gusta a proposta do comité de crise. Pois mire, fagan outra cousa, pero saian da rutina e do conformismo. Porque, mire, é que tamén hai mesas de coordinación quintuplicadas. Hai mesas de coordinación locais e iso non invalida que haxa mesas de coordinación a nivel circunscrición e a outros niveis, señora conselleira. Polo tanto, do que se trata é de reaccionar cando hai este cúmulo de intentos de feminicidio e de feminicidios; reaccionar cando hai situacións que se sabe que son graves e nas que é posible que o sistema non funcionase e haxa que facer axustes, e enviar tamén unha mensaxe á sociedade de non normalización. Se a desculpa é que xa hai un comité no Estado, pois mire, vaia compromiso coa igualdade e vaia compromiso tamén de paso co autogoberno.

En todo caso, eu fíxenlle propostas en nome do BNG para que poidan levar vostedes a ese comité de crise mañá ou que poidan vostedes trasladar nos ámbitos de coordinación da Xunta. Entendemos que hai que facer unha revisión urxente de VioGén. VioGén está organizado fundamentalmente polo Estado, si, pero vostedes poden facer propostas de mellora. Preocúpanos especialmente que non se estean revisando os casos nos que non hai risco alto estimado, porque son moitos e porque pode acontecer algo sobre o que despois nos botemos as mans á cabeza. E, tamén —e é responsabilidade da Xunta—, hai que incrementar a va-



loración psicosocial, porque é aí onde se atopan claves para poder protexer e atender adecuadamente as vítimas. Pedimos tamén que haxa un aumento dos efectivos, tanto das cuestións que son competencia da Xunta, que son as máis sociais, como as que teñen que ver coa seguridade, e que se faga unha campaña de concienciación social específica, porque estamos en alto risco; o verán é historicamente alto risco, iso din os estudos cuantitativos e cualitativos.

E hai máis cuestións que queremos poñer enriba da mesa. Mire, señora conselleira, eu si cuestiono o compromiso da Xunta de Galiza. Creo que é un compromiso que está retrocedendo, porque creo que o Partido Popular está retrocedendo, tamén en Galiza. É certo que aquí hai unha sociedade crítica que responde socialmente se hai un intento de retroceso, e, polo tanto, non se atreven vostedes, como xa fixeron outros, a eliminar, por exemplo, axudas económicas; pero están facendo unha folga de brazos caídos, e iso tamén se nota, señora conselleira. Si cuestiono ese compromiso e, ademais, máis aínda hoxe despois do que tivemos que ler este fin de semana. Ponencia do Partido Popular: outra vez amparando o discurso da extrema dereita, das denuncias falsas —¡atención!—: «*Hay que ser implacables con las denuncias falsas*» —as que o propio poder xudicial cualifica de absolutamente residuais—. Falo de memoria, pero creo recordar que son un 0,008 no último estudo do poder xudicial. «*Estamos en contra de las posturas que infantilizan a la mujer. No se trata de pasar de la primacía del hombre a la primacía de la mujer*». «*Primacía de la mujer, ya avanzamos demasiado*». Iso é o que di a extrema dereita. (Aplausos.) Por iso estamos preocupados, señora conselleira, ¡claro que estamos preocupados. ¿Como non o imos estar?

Vostede mesma fixo un relatorio aquí de cuestións nas que Galiza no seu día foi avanzada, pero faga vostede como conselleira un relatorio das cuestións da lei galega que aínda non desenvolveron e dos incumprimentos que están facendo nese ámbito. ¿Por que non empregan o autogoberno para facer unha axuda propia para as vítimas de violencia sexual cando hai capacidade e cando poderían facelo —porque vostedes si teñen como acreditar as vítimas de violencia sexual—? ¿Por que non? ¿Por que levamos case un ano esperando ese famoso plan dos CIM? Non se coñece a diagnose e non se coñecen as propostas concretas. ¿Por que non aceleraron —pese a que o pedimos unha e outra vez e están tan preocupados polo proxenetismo— o Plan de loita contra a trata? ¿Por que non impulsaron aínda esa axuda para saír da prostitución que propuxo o BNG neste Parlamento e que contou co seu voto? Teñen traballo de sobra, o que non teñen é unha actitude de non estar en folga de brazos caídos. Iso é así porque están secuestrados pola dirección política do partido estatal, señora conselleira, supoño que na súa liña habitual. Despois de facer a estratexia da avestruz, fará a estratexia da manipulación e a difamación e virá aquí co vitimismo e coa criminalización. Despois de que hoxe viramos como se compara un pobo que sofre o xenocidio co pobo que llo exerce, calquera cousa podemos esperar. Pero xa lle advirto que non vai funcionar connosco, que imos seguir centradas no importante e que traeremos para o próximo pleno unha proposta ambiciosa de medidas para mellorar o marco de protección contra a violencia machista, porque non é suficiente con non retrotraer cuestións que conseguimos, hai que avanzar, hai que ser ambiciosas e non hai que conformarse.



Polo tanto, seguiremos insistindo, seguiremos insistindo con esa revisión de VioGén; seguiremos insistindo con elevar esas axudas económicas; seguiremos insistindo con claridade en aumentar o persoal dos CIM e con mellorar as categorías; e seguiremos insistindo...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que rematar.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...con que se revise aquilo que non funciona e con non normalizar, cando en tres meses hai dous feminicidios recoñecidos oficialmente, un absolutamente sospeitoso en circunstancias de maltrato e moitos intentos de feminicidio absolutamente graves como os que vivimos neste país no que vai de período de sesións, que foi un período de sesións absolutamente escandaloso, en termos de violencia machista, pero tamén absolutamente escandaloso na convivencia do Partido Popular...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que rematar, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e na falta de transparencia e ocultación dun caso grave de presunta agresión sexual no Consello da Xunta, do que vostedes aínda non deron nin explicacións, nin transparencia, nin sequera unha palabra de solidariedade coa vítima.

Hoxe é o último pleno deste período de sesións, teñen a oportunidade de rectificar. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Ten novamente a palabra a señora conselleira para o peche.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidenta.

Señora Presas, unha vez máis, vén vostede aquí a poñer en dúbida de novo todo o traballo feito pola Xunta de Galicia en materia de violencia de xénero. Vostede vén aquí e sobe a esta tribuna a poñer en dúbida unha vez máis os recursos que destinamos a todas as vítimas, a poñer en dúbida as medidas impulsadas e tamén mesmo o propio compromiso do Goberno coa erradicación desta lacra. Pero, con todo, unha vez máis, os seus mantras non teñen en conta a realidade: que Galicia é unha comunidade referente na atención ás vítimas e que conta con recursos e con programas específicos.

Mire, se mo permite, eu non vou entrar a valorar as declaracións do subdelegado do Goberno, que el mesmo cualificou como desafortunadas, neste caso, e tampouco vou falar da actuación do Concello de Moraña. Pero o que si vou volver pedir hoxe é a máxima prudencia e o traballo conxunto de todas as administracións e tamén de toda a sociedade galega.

Porque, miren, as vítimas necesitan ter confianza, as vítimas necesitan saber que estamos todos do seu lado, sen matices e sen medias tintas, e a sociedade necesita mensaxes que sexan claras, que sexan firmes e que sexan comprometidas coa erradicación da violencia machista.

As vítimas tamén necesitan sempre estar seguras, e o VioGén, ao que vostede fai referencia, é unha boa, moi boa ferramenta, e moi necesaria, pero, como xa reclamei hai uns meses, necesita ser máis eficiente; ten que ser máis eficiente o antes posible.



Mire, señora Presas, eu tamén lle tendo a man. ¿Por que non unimos forzas? ¿Por que dende o Bloque Nacionalista Galego —que vostedes son socios do señor Pedro Sánchez e son socios do Goberno— non nos axudan á Xunta de Galicia a continuar reclamando novos xulgados de violencia? Porque dende a Xunta de Galicia levamos moito tempo demandando que se poñan en marcha novos xulgados de violencia sobre a muller, pero que non se faga a custa de eliminar xulgados de instrución, como si se prevé facer en Vigo e na Coruña. Así llo reiteramos hai pouco ao ministro de Xustiza, e aínda estamos, no día de hoxe, esperando a recibir resposta. Pero xa saíu o señor Abel Caballero a dicir que non, que se ía crear un novo xulgado de violencia sobre a muller pero sen suprimir o xulgado de instrución. A ver se desta acerta o señor Caballero, porque non sempre as decisións e o que conta o señor Caballero son ratificadas polo Goberno de España. Pero, se é así, agardamos que se materialice, que se faga o antes posible, que se publique no *Boletín Oficial do Estado* e que non aconteza como noutras ocasións. Pero, se o Goberno rectifica isto en Vigo, seguiremos exixindo dende a Xunta de Galicia que se faga exactamente o mesmo na cidade da Coruña, onde tamén se prevé suprimir ese xulgado de instrución para crear un xulgado de violencia sobre a muller. E o feito de que o Goberno de España o rectificase en Benidorm demostra que tamén ten marxe para vir a Galicia ratificar o compromiso con todas as mulleres da nosa comunidade.

Miren, señorías, teñan moi claro que o que nunca fará o Goberno galego será revitimizar a todas as vítimas de violencia de xénero nin reabrir vellas feridas, nin abandonalas á súa sorte, senón que seguiremos poñendo en marcha cada vez máis recursos á súa disposición, como é esa axuda mensual —que é única en España— para que contén con todo o apoio económico do Goberno galego e que poidan refacer a súa vida en liberdade. Imos continuar ampliando e reforzando os centros de acollida e seguiremos ofrecendo apoio psicolóxico para poder reparar un pouco todo ese dano feito.

Señora Presas, sigamos; sigamos todos xuntos reclamando esas actualizacións, esas melloras do sistema VioXén. Vostede fala das axudas para vítimas de violencia sexual. ¿Por que non as poñemos en marcha? Porque non nos deixa o Goberno, non nos deixa o Ministerio de Igualdade. Pediunos (*A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.*) —compróbeo vostede, señora Presas— a todas as comunidades autónomas que non puxésemos en marcha estas axudas para as vítimas de violencia sexual porque, se non, creabamos discriminación dunhas mulleres a outras mulleres nas distintas comunidades autónomas e que tiña que existir unha axuda igual para todas elas a nivel nacional. ¡A ver se estuda un pouco, señora Presas!

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Procedemos á suspensión da sesión, que se reanudará ás dezaseis horas.

E traslado bo proveito a todos e todas.

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e seis minutos da tarde e retómase ás catro da tarde.



A señora PRESIDENTA (Candía López): Boa tarde.

Imos reanudar a sesión. (*Murmurios.*)

Silencio, por favor.

Comezamos coas preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a dotación da Administración de xustiza das ferramentas precisas para poder desenvolver a súa xestión en galego ou en castelán de forma in-distinta

A señora PRESIDENTA (Candía López): (*Murmurios.*) Silencio, por favor.

Para facer a pregunta, ten a palabra dona Iria Taibo Corsanego.

A señora TAIBO CORSANEGO: Grazas, presidenta.

As persoas que deciden traballar en lingua galega na Administración de Xustiza véñense penalizadas cun 40 por cento adicional de traballo, xa que o programa informático de xestión actual, o Minerva, asumido voluntariamente pola Xunta de Galiza, non dispón de versión na nosa lingua nin inclúe modelos documentais en galego. Para elaborar a documentación en galego, a persoa que fai o traballo vese obrigada a facer a tradución nun procesador de texto e, posteriormente, substituír o modelo correspondente no Minerva polo documento traducido, multiplicando a súa carga de traballo nun sector que xa sabemos que está saturado.

A tradución dos programas informáticos de xestión da Administración de xustiza e dos formularios de uso cotián figura no Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado —como saben— en 2004 e que agora queren actualizar. En vinte anos non deron un só paso para avanzar no cumprimento deste punto concreto, por non falar das outras nove medidas que establece o plan para a Xustiza. A Lei de normalización lingüística tamén establece que a Xunta de Galiza debe promover a progresiva normalización do uso do galego na Administración de xustiza. O Estatuto de autonomía indica que os poderes públicos deben garantir o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciar o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa. A Lei orgánica do poder xudicial, na súa modificación deste mesmo ano, tamén obriga a establecer os medios materiais que permitan que o conxunto do procedemento, as comunicacións e os actos de impulso procesual poidan desenvolverse integramente en todas as linguas oficiais do Estado. A realidade é que hoxe non é posíbel tramitar os procedementos integramente en galego nin tampouco está garantido e que a cidadanía reciba a notificación das súas resolucións en lingua galega, polo que o dereito a elixir a lingua non está garantido na práctica. Isto, ademais, pode vulnerar o dereito fundamental a un procedemento xusto e con todas as garantías. O Goberno galego, como é natural, ten o deber eliminar estas limitacións.



Estamos nun momento crucial, pois o novo programa que facilita o Ministerio de Xustiza vai ser implantado en poucos meses. Xa que o investimento do programa non o vai facer o Goberno galego, entendemos que o custo da tradución debe ser asumido pola Xunta de Galicia. Nas pasadas semanas, fíxose pública unha carta asinada por máis de trescentos cincuenta profesionais do ámbito da Xustiza na que demandan que a nova aplicación poida utilizarse indistintamente en calquera das dúas linguas desde o primeiro momento —isto é importante—. É urxente que o Goberno galego asuma a súa responsabilidade e traduza o programa Atenea canto antes para que estea en galego desde este primeiro momento. De non ser así, a presenza do noso idioma na Xustiza estará seriamente comprometida; xa o está, mais continuará a estar seriamente comprometida.

¿Cales son os plans que ten o Goberno galego en relación coa normalización do noso idioma no ámbito da Xustiza? E ¿teñen previsto, sobre todo, asumir a tradución do programa Atenea á lingua galega?

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, don José López Campos.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitísimas grazas, señora presidenta.

Señora Taibo, como ben sabe, como é sabido, o Goberno galego ten unha folla de ruta clara e decidida en relación con todos os ámbitos nos que temos que seguir traballando na mellora, no prestixio do uso da nosa lingua. Posiblemente vostedes non estean ao tanto dos avances, dos compromisos adquiridos, porque, ben, como é de esperar, o BNG non está nese grupo de traballo, nesa mesa de negociación, nesa man tendida que fixo o Goberno galego para intentar traballar a prol da lingua galega. Sabemos que non é nada raro, non era de esperar que vostedes estiveran. Fixemos un esforzo importante por conseguir atraelos a ese contorno de diálogo e de consenso, pero, ben, parece que non fomos quen de conseguir ese obxectivo. Si están o resto das forzas políticas e está o resto da sociedade galega, representada nesas máis de once comisións de traballo, onde hai máis de cento trinta expertos e expertas no uso da lingua, de distintos sectores da nosa sociedade, que están traballando para mellorar eses retos que temos no ámbito do uso da lingua galega, e, ademais, tamén axudando e colaborando nesas medidas de implementación inmediata que puxo en marcha este goberno, esas máis de cincuenta medidas de implementación inmediata que o Goberno galego está xa executando.

Certo é que dentro dun dos ámbitos —onde, ademais, non o dicimos nós, dío a Carta europea das linguas— temos maior problema, maior dificultade, é no ámbito da Xustiza; evidentemente, iso é así e así o reafirmamos por parte do Goberno. Pero tamén cremos que debemos ser leais e debemos estar dentro do sistema que a propia zona ministerio establece para poder ter un programa único en todo o ámbito xudicial, excepto nalgúnhas comunidades autónomas.



Nesas comunidades autónomas que adoptan o sistema propio, desde logo, provoca distintas disfuncións ou problemas de operatividade. Nós, desde Galicia, cremos que debemos estar en colaboración co Ministerio, e así o fixemos. E un dos primeiros problemas con que nos encontramos foi non que este goberno non quixera facer nada en vinte anos en relación coa aplicación do galego no programa Minerva, senón que intentamos adaptar e puxemos os medios para que así fose, pero o propio programa, o propio sistema operativo non estaba preparado para asumir, para afrontar ese reto do uso dos dous idiomas.

Isto lévanos a un novo escenario, que, como vostede ben sabe e comentou na súa pregunta, é a implantación do novo programa Atenea. E nesa liña estamos traballando e tendemos a nosa man ao Goberno, e así llelo transmitimos tanto ao delegado do Goberno como ao propio Ministerio de Xustiza. Temos toda a nosa vontade e todos os nosos medios á disposición para resolver, para intentar avanzar nesa implementación do galego no ámbito da Xustiza, que é un dos grandes obxectivos que temos nese reto do Pacto pola lingua...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): ...e, ademais, é un dos ámbitos que a sociedade nos está a exixir.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica da señora Taibo.

A señora TAIBO CORSANEGO: Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, é unha desgraza, é unha lástima, é unha mágoa que ten bastante traza de que imos continuar coa situación de parálise que vivimos co programa anterior, a situación de parálise para a lingua galega na Xustiza.

Levamos anos a agardar, por moito que diga o señor conselleiro. Desde que se aprobou o Plan xeral, reduciuse significativamente a presenza da lingua galega neste ámbito, que xa era cativa. E o señor conselleiro, pola présa que leva, pola urxencia que leva, tal e como nos dixo agora, debe considerar que isto é por unha cuestión relacionada coa selección natural. As ferramentas impiden o uso do galego na Xustiza; non sei, está claro que algo terá que ver isto con que se reduza o número de procedementos neste idioma.

Señor conselleiro, o Goberno galego supoño que terá algunha responsabilidade no que acontece coa lingua galega. Se de verdade non hai nada que vostede poida facer agora mesmo desde a súa consellería, seguramente o que debe facer é dimitir.

E non sei para que queremos unha consellería que leva a lingua no nome se vostede non ten nada que dicir. Hoxe non ten nada que facer para promover a presenza do galego na Xustiza, non ten ningún compromiso que poida adquirir hoxe en relación coa tradución do programa Atenea. Están vostedes aquí a organizar estas comisións para actualizar o Plan xeral, mais,



polo que vivimos no pasado, tampouco se vai cumprir o que se aprobe nelas; polo tanto, vai ser un traballo baldío. E no plan xa figura tradución dos programas de xestión. Nestes vinte anos non se fixo. Vostede bóttalle a culpa ao Goberno central. ¿Que ten previsto facer? Polo momento, non especificou nada concreto.

Non podemos perder o tempo, non perdan vostedes o tempo nin llo fagan perder á sociedade galega, nin tampouco aos profesionais, que si que queren que se poida utilizar o galego con normalidade, independentemente da lingua que falen no exercicio da súa profesión. Como mínimo, o galego ten que estar presente, ten que estar dispoñíbel, e a súa principal preocupación debería ser protexer as persoas que queren traballar con normalidade en galego na Xustiza e os dereitos lingüísticos da cidadanía. Non podemos agardar máis.

Ten vostede hoxe unha oportunidade perfecta.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora TAIBO CORSANEGO: Comprométase, por favor, a asumir a tradución do programa Atenea. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica do señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moi ben.

Moitas grazas, señora presidenta.

Ben, non sei que parte non entendeu ou non fun capaz de explicarlle da miña intervención. Creo que está claro que hai un novo escenario dentro do ámbito da Xustiza; ninguén o discute, creo que ata vostedes son capaces de aceptalo, estando sempre en contra absolutamente de todo.

Non sei se viu vostede hoxe, se tivo a oportunidade de ver a intervención do señor Rego na comparecencia do presidente. Foi moi explícito, moi claro; falaba de que, aínda que non se ten cumprido nin un só dos obxectivos que se tiña marcado o BNG nese pacto de acordo co Goberno, do Partido Socialista, seguirán vostedes sustentando o Goberno. Esa é a realidade do Bloque Nacionalista Galego. Veñen aquí exixir o que non son capaces de reclamar en Madrid. *(Aplausos.)* Cando vostedes están xustificando, por exemplo, cousas tan básicas e tan elementais que seguimos defendendo neste Parlamento de Galicia da coherencia de que falan e xustifican gastar 144 millóns de euros en implantar as linguas cooficiais no Parlamento Europeo, pero xustifican e sosteñen un goberno que di que non ten fondos para adaptar un programa informático que se vai implantar, despois do problema que teñen e que tiveron en Galicia co programa informático no ámbito da Xustiza, no programa Minerva, que non son capaces, non son quen de facelo co programa Atenea. *(O señor Tabarés Pérez-Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Quere que lle conteste a vostede ou contéstolle á señora deputada? ¿Ou non pode falar ela? *(O señor Tabarés Pérez-Piñeiro pro-*



nuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.) Non, non, ao mellor non considera vostede suficiente que teña...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Silencio. (O señor Tabarés Pérez-Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.)

Señor Tabarés... (O señor Tabarés Pérez-Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): ...interlocución coa señora deputada. (O señor Tabarés Pérez-Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Silencio, por favor. (Murmurios.)

A ver, saben...

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Pódolle asegurar que é bastante molesto... (Murmurios.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Silencio.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): ...ter alguén xusto detrás incordiando constantemente, pero ben... (Murmurios.) (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Un momento, señor conselleiro. (Murmurios.)

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Estaremos... (O señor Tabarés Pérez-Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.) Non, estou exercendo... (Murmurios.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Silencio.

(Aplausos.)

Interrompín o tempo.

(Aplausos.)

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Xa sei que lle molesta que o Goberno veña aquí dar explicacións, creo que é o máis democrático. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Un momento, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Ao mellor non están vostedes acostumados a esa hixiene e a esa lealdade democrática que ten este goberno. (Murmurios.)



A señora PRESIDENTA (Candia López): Un momentíño, por favor.

Interrompín o tempo.

Como saben, o tempo para dar resposta e xa para planteala son moito máis curtos, son só tres minutos e dous minutos. E é súper importante respectar os tempos. Sempre o é, pero quizá nas preguntas máis, así que interrompín porque eu era imposible que escoitara o que estaba contestando vostede, para canto máis quen lle estaba facendo a pregunta. Así que reanude.

E prégolles, por favor, que garden silencio.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitas grazas, señora presidenta.

Continúo.

Nese compromiso por parte do Goberno galego puxemos en marcha cursos de capacitación lingüística para o persoal a través de cursos de linguaxe xurídica. Puxemos en marcha o deseño en galego da Oficina Xudicial, competencias e accións que emanan dese Plan xeral de normalización da lingua galega. Puxemos en marcha cursos de lingua galega como criterio de avaliación para a traxectoria profesional. Asinamos convenios co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, coa Fiscalía, co Colexio de Notarios, coa propia Irmandade Xurídica Galega, e con esa Irmandade Xurídica Galega acordamos nunha reunión hai quince días que a Xunta de Galicia ía asumir as súas competencias na implantación, na implementación deste novo programa en galego e en castelán.

Entendemos e cremos que debería ser un compromiso realizado por parte do Goberno, é o Goberno neste caso quen diseña ese programa informático. Polo tanto, é o Goberno o que debería ofrecer ás comunidades autónomas, que temos a lealdade de estar dentro do propio sistema que establece a zona ministerio para implementalo nas linguas cooficiais. Se non é así, estamos en contacto, xa lle dixen antes, co delegado do Goberno, co propio secretario de Estado, co propio ministro, para crear ese clima de negociación. Se non é así, se o Ministerio non ten recursos para poder implementar ese programa Atenea en galego, temos tamén a vía aberta a través da Amtega, en colaboración coa Consellería de Presidencia, para que a Xunta de Galicia asuma de xeito decidido esa implementación do programa Atenea en Galicia, e garántolles que ou temos un boicot do Goberno central ou teña por seguro que ese programa se vai implementar en castelán,...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): ...pero, por suposto, tamén en galego.

Moitas grazas. (Aplausos.)



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Alteración da orde do día

A señora PRESIDENTA (Candía López): Continuamos e substanciamos unha alteración da orde do día, consistente en dar resposta agora á pregunta rexistrada co número 26242.

Pregunta de D^a Nicole Grueira Fernández e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas que a Xunta de Galicia está a desenvolver para promover o uso da lingua galega entre a mocidade

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta, por parte do Grupo Popular, ten a palabra o señor Santamaría.

O señor SANTAMARÍA GONZÁLEZ: Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, señorías, a lingua galega é unha das maiores riquezas patrimoniais que posuímos, é un elemento fundamental de identidade de Galicia, é unha ponte entre xeracións e tamén unha ferramenta clave que contribúe a enriquecer a diversidade lingüística, social, económica e cultural da nosa comunidade. O galego, en definitiva, é a nosa lingua, é o que nos diferencia do resto, ligándonos á nosa historia no pasado, no presente e guiando o noso futuro, por suposto, nas mans da mocidade.

Neste sentido, a mocidade galega é unha peza clave para garantir a vitalidade e continuidade do galego, e o noso compromiso co uso da lingua é esencial para fortalecer a súa presenza en todos os ámbitos da nosa sociedade.

A xuventude non só é o futuro do galego, xa é o seu presente. E temos a sorte de contar cunha mocidade cada vez máis preparada. Cada vez máis mozos e mozas apostan por vivir en galego, crear en galego e emprender en galego; proxectos culturais, musicais, empresariais, tecnolóxicos ou educativos dan boa mostra deste dinamismo.

Nos últimos anos déronse pasos moi importantes para fortalecer a presenza do galego na sociedade. A lingua está presente no ensino, nos medios públicos, na Administración, no mundo da cultura e incluso en sectores emerxentes, como poden ser a creación audiovisual ou incluso as redes sociais.

Isto é froito do esforzo de moitas institucións, pero tamén da implicación de milleiros de persoas, especialmente mozos e mozas que fan do galego a súa lingua, aínda que non podemos obviar os retos que están aí e que precisan, por suposto, o compromiso de todas e de todos.

Diante deste contexto é importante coñecer as medidas e os proxectos que está a levar o Goberno galego e que está a desenvolver para promover o uso da lingua entre a mocidade, asegurando que o galego siga sendo unha lingua de presente, pero tamén de futuro.



E neste sentido, señor conselleiro, gustaríame coñecer con máis detalle cal é a folla de ruta do Goberno galego para seguir avanzando neste camiño. Por iso permítame facerlle a seguinte pregunta: ¿en que estado cre vostede que se atopa a lingua galega e que medidas está a impulsar o Goberno galego para promover o seu uso entre a xuventude galega?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para dar resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Cultura e Lingua Xuventude.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitísimas grazas, señora presidenta.

Señor Santamaría, creo que é importante destacar, desde logo aquí se acredita, a importancia que lle damos as formacións políticas ao noso idioma; hoxe, nin máis nin menos, vir aquí a contestar dúas preguntas a este Parlamento en relación co uso e á implementación en distintos ámbitos sociais da nosa lingua. Parece que a algúns lle molesta que algún partido político se preocupe e insista na realidade social do uso do galego, pero a responsabilidade do Goberno é tomar decisións, e, desde logo, creo que dende o primeiro momento nos puxemos en marcha para aplicar esas medidas de estímulo, esas medidas de impacto, tanto de forma inmediata, como dicía antes, con esas máis de cincuenta medidas de aplicación inmediata que puxemos en marcha, como aquelas que significan pois unha estratexia máis a medio e longo prazo, como é a actualización do Plan xeral de normalización da lingua galega. En todos eses ámbitos hai medidas concretas, específicas, para a xuventude. Creo que temos que recoñecer que a sociedade galega foi mudando, foi mudando moito nestes últimos anos, de xeito rápido, de xeito acelerado, e neses ámbitos de socialización é onde debemos intentar fomentar un maior uso social do galego.

Creo que temos unha das xeracións, como ben apuntaba vostede, de mozos e mozas máis preparados, mellor formados, e temos que conseguir seguir avanzando nese nivel de competencias. Hoxe podemos dicir que Galicia é a comunidade autónoma con lingua cooficial que ten o maior nivel de competencias lingüísticas no seu idioma. E este é un aspecto que é indiscutible, desde logo, con respecto ao resto das comunidades autónomas que forma parte do Estado. Pero temos que seguir avanzando, temos que seguir mellorando, e creo que nesa liña moitos dos nosos mozos, dos mozos que empregan o uso do galego con certa normalidade fano grazas a diversas manifestacións culturais, á implicación tamén da Xunta de Galicia nese compromiso. de distintas formas, que poñemos en marcha. Por exemplo, coas campañas que fixemos no ámbito das letras galegas neste ano 2025, onde milleiros de rapaces e rapazas no ámbito escolar participaron de forma directa nesa tradición, nese legado cultural que supuxeron as cantareiras e a tradición oral popular. Fixémolo sentirse propia, desde logo, esa fonda tradición cultural.

Ou tamén, como ben apuntaba vostede, nos concertos e festivais, onde a nosa música e a nosa cultura está ocupando un espazo de relevancia; ou mesmo con iniciativas como a ini-



ciativa Xabarín da TVG, que emite eses contidos en galego para o público infantil, que é outro público ao que nos queremos dirixir.

Efectivamente, o pacto é un novo escenario, é unha nova porta aberta nese proceso de diálogo, e na seguinte intervención explicareille máis polo miúdo todas aquelas medidas que están, que estamos poñendo en marcha xa de forma inmediata, e aquelas que derivarán da aplicación dese esperado Plan xeral de normalización...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): ...da lingua galega.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Réplica do señor Santamaría.

O señor SANTAMARÍA GONZÁLEZ: Grazas, presidenta.

Ben, conselleiro, dende o Grupo Popular queremos agradecer a súa resposta e, por suposto, recoñecer o traballo que o Goberno galego está a facer para seguir fortalecendo o uso do galego e, neste caso, pois o uso do galego entre a xente nova. Pese a certos discursos que intentan agochar a realidade, os datos amosan que a xuventude si fala galego, e iso é motivo de orgullo.

É fundamental poñer en valor eses datos que vostede acaba de recoñecer e acadar ese compromiso que a Xunta amosa co idioma, cun enfoque, por suposto, de consenso, construtivo e de futuro. Sabemos que son numerosas as medidas que se están a impulsar para fortalecer e promover o uso do galego entre os máis novos, e iso demostra que hai vontade, que hai acción para achegar a lingua a eses espazos que adoita habitar a mocidade.

Dende o Grupo Popular reiteramos o noso compromiso cunha política lingüística integradora, plural, sen exclusións e sen imposicións. O galego, por moito que lle pese aos da bancada contraria, é de todas e de todos, é un patrimonio común que temos a responsabilidade de coidar e, por suposto, de transmitir. Porque, como ben sabemos, cando a xuventude fala galego, o galego ten futuro.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica do señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitísimas grazas, señora presidenta.



Pois, efectivamente, no Goberno estamos traballando nesa dobre dirección, na dirección das medidas de aplicación inmediata, aquelas que requiren xa dun plan de estímulo para poder chegar fundamentalmente a esas xeracións máis novas, como ben apuntaba vostede, e aquelas que deriven dese documento, dese Plan xeral, sobre as cales —xa lle avanzo— poderemos ter algún tipo de información nas próximas semanas. Pretendemos ter as primeiras propostas antes de finalizar este mes de xullo, para ir cumprindo con ese obxectivo que tiñamos de poder ter o documento listo, pechado, antes de final deste ano 2025.

Pero no ámbito da xente nova falamos de propostas concretas. Falamos, para os máis cativos, da posta en marcha, xunto coa Televisión de Galicia, da plataforma Galega.gal ou do portal Xabarín.gal, que son dúas ferramentas importantísimas para poder achegar o mellor contido animado en galego aos máis cativos e ás máis cativas. Ou as axudas de Agadic para a dobraxe de contidos audiovisuais, que tamén temos en marcha. Tamén programas de voluntariado lingüístico, para que os mozos galegofalantes poidan colaborar, poidan axudar con aquelas persoas que desexen aprender o noso idioma. Ou actividades, por exemplo, de promoción do uso da lingua galega que implementamos nos campamentos de verán, que veñen de comezar hai unha semana, e que, dende logo, tiveron un éxito de acollida extraordinario; son máis de once mil seiscentas prazas as que temos nas distintas modalidades de campamentos e onde estamos facendo accións concretas para o uso e a promoción do uso da lingua galega.

Unha axuda que eu destacaría polo seu éxito foi a posta en marcha da liña de axudas, que xerou unha grande expectativa, moita ilusión e, desde logo, que tivo un resultado extraordinario, cun investimento de arredor de 170.000 euros, que é a creación de videoxogos en galego. Creo que é outro dos ámbitos nos que temos que achegarnos á mocidade dunha maneira máis próxima ás súas necesidades, e por iso xerando ese contido dixital de calidade, feito aquí, feito en Galicia, por suposto, integramente en Galicia, pero tamén feito en galego, da man de grandísimos creadores que temos hoxe no sector do videoxogo en Galicia.

Tamén temos que facer fincapé na especial relevancia que merecen aqueles rapaces e rapazas que chegan de fóra e que non tiveron contacto co galego, e, polo tanto, impulsamos unha serie de medidas no ámbito do neofalantismo, como o portal Neo.gal, en colaboración coa Facultade de Ciencias da Información. Asinamos convenios con Cáritas, por exemplo, para uso e promoción da lingua. Ou marcámonos o obxectivo de chegar este ano a superar os cen cursos de galego impartidos para neofalantes.

Creo que con todas estas medidas pretendemos fomentar o uso do galego, que o noso idioma continúe durante moitas xeracións máis, sendo a nosa forma de estudar, de pensar, de xogar, de vivir e estar no mundo como galegos.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coas preguntas.



Pregunta de D^a Rosana Pérez Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións e previsións do Goberno galego no que concirne ao impulso da investigación e do control dos residuos radioactivos depositados na foxa atlántica fronte ás costas galegas

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Señora conselleira, 140.000 toneladas de residuos radioactivos vertidos no Atlántico fronte a Galiza, segundo algunhas estimacións arredor de 220.000 barrís durante máis de corenta anos e ata 1982, data na que mariñeiros galegos, a bordo do palangreiro de Ribeira Xurelo, conseguiron que cesaran definitivamente, levan estes residuos —digo— décadas sen ser supervisados nin controlados por ningún.

Nestes momentos estase a levar a cabo a primeira misión para vixialos por parte dunha expedición francesa, que se centra nun único punto de vertedura, situado a cincocentos quilómetros de Galiza, dos doce identificados polo Organismo Internacional da Enerxía Atómica ao longo da costa atlántica europea.

Non é o único punto de verteduras radioactivas preto das costas galegas, pero nin este nin os demais forman parte de ningún programa regular de vixilancia de radioactividade, tal e como recoñeceu a Comisión Europea no ano 2023 ante as preguntas da eurodeputada do BNG, Ana Miranda, que leva anos pedindo unha investigación europea, que aínda, por desgraza, non chegou.

Estamos a falar, por tanto, conselleira, dun asunto moi preocupante e non só de máxima actualidade, senón tamén tratado neste parlamento en moitas ocasións durante anos. Malia isto, vostede, que foi deputada no Congreso dos Deputados entre 2010 e 2011 e que fai parte do Goberno galego dende hai dez anos, vén de fachendear nas súas propias redes sociais dun descoñecemento ou dun cinismo supino —ou dos dous— sobre este tema; e non só vostede; a que foi conselleira do Mar durante catorce anos no Goberno galego amosouse sorprendida e vén de pedir explicacións ao Goberno central respecto dos bidóns de residuos radioactivos. Que pida explicacións parécenos ben; o que nos chama a atención é que non as pedira nin ela nin ningún do PPdeG ao señor M. Rajoy durante oito anos nos que tamén o PP gobernaba aquí en Galiza. Non é só que non pediran explicacións, senón que non pediran nin fixeran absolutamente nada.

Por iso, hoxe preguntámoslle se agora van facer algo para que se investiguen e se levan a cabo controis sobre o estado dos residuos radioactivos na foxa atlántica. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para dar resposta, ten a palabra a señora conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, dona Ángeles Vázquez.



A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto):
Grazas, presidenta.

Señora Pérez, señorías, este goberno, o Goberno da Xunta de Galicia, ao igual que o resto dos galegos, comparte esa preocupación; preocupación que, por suposto, está xerada aínda máis a raíz das informacións que coñecemos a través dos medios de comunicación —non sei se vostedes as coñecían porque forman parte dese Goberno central e debería dárnelas—, por unha expedición francesa que identificou nun principio —e así saía nos medios— 3.000 bidóns de residuos radioactivos en zonas profundas do Atlántico nordés, fóra das augas territoriais españolas. Aínda que a competencia, por suposto, non é da comunidade autónoma, en absoluto, a Xunta actuou dende o primeiro momento, como non podía ser doutra maneira, porque é unha cuestión que nos preocupa e que nos preocupa a todos, pero, sobre todo, preocúpanos dar a información necesaria.

Estean seguros de que a Administración galega actuou con dilixencia, pero tamén o facemos con rigor. E cando falo de rigor, falo de que tivemos unha ministra, quen ten as competencias nesta materia, que estivo aquí, en Galicia, o día 25 de xuño e que nada dixo ao respecto, a pesar de que saía nos medios de comunicación. Polo tanto, o día 26 de xuño a Consellería de Medio Ambiente, a través da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, reclamou información a través de escritos oficiais ao Consello de Seguridade Nuclear, que é o organismo competente en materia de protección radiolóxica no Estado. Galicia quere coñecer e facer seguimento das posibles actuacións que se adopten dende un punto de vista técnico, pero tamén dende un punto de vista medioambiental e, ¡como non!, dos residuos. Esta solicitude de información levouse a cabo ante a falta de datos —tal e como lles dicía: ningún dato, ningunha chamada, ningunha reunión por parte do Goberno central— e, polo tanto, nós queremos esa información, que ten que ser oficial; non pode ser que a coñezamos a través dos medios de comunicación.

Pois ben, o Consello de Seguridade Nuclear, ante a nosa petición —aínda que debería ternos informado antes—, o día 1 de xullo afírmanos por escrito que os niveis de radioactividade están moi por debaixo do fondo radiolóxico natural e por debaixo dos límites legais e dos niveis considerados nocivos. Na súa resposta, ademais, o Consello de Seguridade Nuclear fainos pois un cronograma descritivo do que foi a historia en si, e, por suposto, dinos que estes tres mil bidóns dos que se fala a través dos medios de comunicación —que ratifica de novo o Consello de Seguridade Nuclear— están a 750 quilómetros da costa galega.

Saiban tamén, señoría, que estas prácticas, efectivamente, quedaron prohibidas a partir do ano 1993 grazas ao convenio OSPAR.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto):
Ademais, é preciso dicir que hai unhas obrigas, que despois lle describirei no seguinte turno. (Aplausos.)



A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten un segundo turno.

Moitas grazas.

Réplica da señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Conselleira, vostede comezou a súa intervención dicindo que comparte a preocupación con todos os galegos, pero no seu caso menos, menos, porque todos os galegos e galegas coñecemos este problema dende hai décadas, e vostede, segundo vostede mesma dixo, enterouse a semana pasada, entón, *un poquito menos*. (Aplausos.)

Durante todos estes anos, señora conselleira, dende a Xunta de Galiza cruzáronse de brazos, cruzáronse de brazos e non fixeron valer en ningún momento a necesidade de garantir a protección das verteduras de residuos nucleares tan preto de Galiza. Fíxese, imos falar de rigor, que dicía vostede. O deputado do Partido Popular por Ourense no Congreso dos Deputados señor Guillermo Collarte, lembrado por todos os galegos e todas as galegas por ter que pedir perdón por manifestar —leo literalmente— «que as pasaba canutas» para chegar a fin de mes cun salario de máis de cinco mil euros no ano 2012, en plena recesión económica, este señor, este deputado por Ourense, no debate dunha PNL do BNG, nese ano, no 2012, no Congreso, na que xa daquela o BNG pedía o control e o seguimento periódico do estado dos bidóns de residuos radioactivos, foi quen de respondernos o seguinte: «*Creo que ya tenemos bastantes problemas. Por tanto, generar inquietud en una cuestión que afortunadamente no parece que plantee dificultades me parece que es gratuito y no tiene demasiado sentido*». E con estes seus argumentos o señor Collarte e o Partido Popular no Congreso votaron «non» —xa daquela eran vostedes «os do non»— á PNL do BNG.

E esta, señoría, é a dobre vara de medir do Partido Popular. Cando gobernan no Estado, non é un tema que plantee dificultades, e cando non gobernan, como agora...,

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...falan, textualmente, dun material potencialmente perigoso para a nosa costa. No 2012, para vostedes non era un tema preocupante...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Rematou o seu tempo, señora Pérez.

Moitas grazas.

(*A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) (Aplausos.)

Rematou o seu tempo, señora Pérez. Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, a señora conselleira.



A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): Grazas, presidenta.

Señora Pérez, o preocupante é ver como vostedes se empeñan en lavarlle a cara ao señor Pedro Sánchez día tras día, neste asunto e en todos os demais. Vostedes forman parte dese goberno; tería que darnos vostede explicacións do que se fixo ao longo de todos estes anos, entre outras cousas porque non é competencia da Xunta de Galicia, é competencia do Goberno central.

Dito isto, hai que dicir que de «brazos cruzados» absolutamente nada. É que, cando hai unha expedición e nos enteramos polos medios de comunicación, o primeiro que pedimos é información ao Goberno central, información que é certo que foi bastante laxa, pero entendemos que terán un mínimo de rigor e, polo tanto, dirán o que teñen que dicir. Ao final, dixéronnos: «Comunidade Autónoma de Galicia, estean vostedes tranquilos porque os niveis están moi por debaixo». Eles teñen unha obriga, obriga que vostedes deben interiorizar, porque, como digo, forman parte deste goberno —aínda non racharon con eles—, e esa obriga é realizar de maneira continuada a vixilancia radiolóxica ambiental en todo o litoral español, pero tamén no litoral de Galicia. É unha actividade que conta, por suposto, coa colaboración do Cedex, pero tamén da Dirección Xeral de Costas e Salvamento Marítimo.

Non estamos cos brazos cruzados. Os funcionarios non están de brazos cruzados. Galicia está en boas mans. O problema radica naqueles que lles tenden a man a outros que de «boas mans» absolutamente nada.

Os controis inclúen, ademais, recollida trimestral de mostras en múltiples puntos. Precisamente destas análises despréndese, como me referín anteriormente, que os niveis de radioactividade están por debaixo dos permitidos. Polo tanto, dámoslle tranquilidade a Galicia sobre o que se está facendo aquí e no que colaboramos nós. E do que fan no outro lado, sería bo que vostedes obtiveran a información, porque, como digo, van de ganchete.

A Xunta, de calquera xeito, vai estar atenta a calquera noticia que poida xurdir. É máis, eu podo dicirlles dos controis que se realizan, que nos competen a nós: no ano 2024 fixéronse un total de 60 inspeccións, das que 50 se corresponden con instalacións radioactivas, 4 con transportes de material radioactivo. Deste xeito, paulatinamente e de maneira planificada, tamén lles avanzo que no ano 2025 se inclúen 37 controis de instalacións radioactivas, 22 de radiodiagnóstico médico e 5 de transportes e material radioactivo.

Esa é a nosa obriga, esa é a nosa competencia: estar, colaborar e ter respecto institucional. A partir de aí é bo non crear alarma. Pero tamén teño que dicirlle que no ano 2021 a Comisión Europea, a través dunha comisión de verificación dos sistemas de vixilancia, dixo que nas costas galegas as exixencias que se realizan son as correctas. Polo tanto, seguiremos colaborando, seguiremos pedindo información e fagan o favor —sobre todo para ser cribles—...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.



A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): ...de dicirlles aos galegos que están facendo tamén por formar parte deste Goberno. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Grazas.

Pregunta de D^a Cecilia Vázquez Suárez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación financeira da Universidade da Coruña descuberta tras a liquidación do exercicio 2023

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Rodríguez Martínez.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde, conselleiro.

A finais do pasado ano coñecemos, a través dos medios de comunicación, que a Universidade da Coruña presenta actualmente unha situación de desequilibrio contable unha vez pechada a liquidación do exercicio 2023. Foi daquela cando o novo equipo reitoral destapou, tal e como constatou o informe de auditoría, un descadramento financeiro de 13 millóns de euros, cantidade na que os gastos do exercicio 2023 excederon os ingresos, como consecuencia, por unha banda, da inflación dos últimos anos e do aumento dos gastos correntes —provedores, mantementos e servizos—, e, por outra, porque «os ingresos previstos nos orzamentos, especialmente por convenios extraordinarios, estiveron por debaixo das previsións».

Estes 13 millóns de desequilibrio impediron formular as contas para o ano 2024 e cumprir co programa co cal o actual reitor gañou as eleccións, para ter que afrontar unha redución do gasto do 30 por cento dos créditos contraídos —excluídos os gastos de persoal— e valorar a adopción de medidas como a posible venda de inmobles ou o aumento da débeda da universidade.

Estamos nunha situación de desequilibrio que debemos ser quen de reconducir, e só coa redución do gasto corrente non é factible revertir a situación, nas palabras do propio vicerreitor de Economía e Planificación Estratéxica da UDC.

Polo tanto, este desequilibrio afecta gravemente a xestión interna da UDC e require de actuacións inmediatas e contundentes que permitan garantir a súa estabilidade económica e institucional. Por iso, a Xunta de Galicia e a propia Universidade acordaron a creación dun grupo de traballo conxunto, integrado por técnicos da Consellería de Facenda, da Secretaría Xeral de Universidades e da propia UDC, co obxectivo de analizar as causas que deron lugar ao desequilibrio e elaborar un plan de equilibrio financeiro plurianual.

Por outro lado, o apoio financeiro do Goberno galego ás universidades públicas galegas, a través do vixente plan de financiamento estable de 2022-2026, permitirá ás tres universi-



dades recibir o maior apoio económico da historia, 3.200 millóns. Ademais, tal e como se deu a coñecer recentemente, con base nos últimos datos pechados dispoñibles do exercicio 2023 e usando a metodoloxía do ministerio, os fondos públicos que reciben as universidades galegas xa equivalen ao 1 por cento do PIB, un obxectivo fixado para 2030 na actual Lei de universidades estatal, ao que Galicia se adiantou sete anos.

Á vista do exposto, preguntámoslle neste escenario, señor conselleiro: ¿como valora a Xunta de Galicia a situación financeira da Universidade da Coruña, descuberta logo da liquidación do exercicio 2023?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Boa tarde, señor presidente.

Señor deputado, a verdade é que se Galicia nos últimos anos ten destacado por algo, é por ser capaz de facer conxuntamente coas universidades plans de financiamento universitario plurianuais estables, que dan certeza e aporta ingresos previsibles ás universidades. De feito, os dous últimos, que eu tiven a honra de xestionar xunto coas universidades, fomos capaces de aprobalos dun xeito unánime, consensuadamente coas tres universidades, e posibilita unha serie de achegas económicas que dan certeza e que as universidades, dentro da súa autonomía universitaria, xestionen os recursos postos á disposición de Galicia para que poidan desenvolver as súas misións.

Os resultados están aí: somos a terceira comunidade autónoma do conxunto de España por financiamento por alumno —vostede tamén o dixo— e, tendo en conta os fondos públicos achegados á Universidade, xa chegamos ao 1 por cento do PIB. Fomos capaces tamén de impulsar medidas que favorecen que a universidade sexa accesible a todas as persoas e que se impulse a igualdade de oportunidades. Vimos de aprobar unha medida inédita en España, que é a matrícula universitaria para todos os alumnos. Isto lévanos a unha situación que debemos avaliar con moito detemento.

O actual plan de financiamento do ano 2022 ao 2026 permite aportar e mobilizar ás universidades arredor de 3.200 millóns de euros para o período falado, o que nos posibilita ter as achegas máis importantes dos últimos anos ás universidades. De feito, estamos a falar de 538 millóns de euros no ano 2025. Repito: o plan de financiamento foi aprobado de xeito unánime e consensuado coas tres universidades. E a isto súmanse outras liñas, como pode ser o plan de financiamento.

Por iso chaman a atención os datos que puxo encima da mesa o equipo reitoral da Coruña: fálannos dun déficit significativo nas súas contas e, pese a que escoitamos por parte dos



seus propios responsables que hai un déficit estrutural, hai que ter en conta que, con todo, o fondo estrutural desde o ano 2016 na Universidade da Coruña é o único que medra das tres universidades; estamos aproximadamente nun 28 por cento do fondo estrutural, que xa creceu un 2 por cento; e ese 28 por cento é semellante ao número de alumnos—. Tamén chama a atención que, das tres universidades, tanto Vigo como Santiago teñen superávit —o superávit de Vigo é de 3,6 millóns, e o de Santiago, de 1,6 millóns—, e que temos liquidacións positivas en todos os anos anteriores menos neste último.

Isto lévanos a pensar que existe na Universidade da Coruña unha xestión ou unha praxe contable que xera este problema. Este é un problema serio que temos que avaliar e no cal tendemos a man e plantexamos unha serie de xuntanzas co equipo reitoral para intentar saber de onde sae este burato e así poder plantexar medidas para deseñar un plan de estabilidade que posibilite unha axenda financeira que dea estabilidade...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...e posibilite que a Universidade da Coruña poida traballar sen ningunha problema. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Réplica do señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Grazas, señor conselleiro, pola súa resposta e preocupación.

O Sistema universitario galego goza de boa saúde, pese a que hoxe, neste pleno, só falamos dela por razón deste burato e dun plaxio dunha noticia publicada nun medio de Castela e León. A UDC vai camiño xa de cumprir corenta anos de vida. Neste tempo ten axudado de xeito determinante ao desenvolvemento socioeconómico de Galicia a través da xeración de talento, porque unha sociedade vale o que a suma do talento da súa cidadanía. Fíxoo a través dun firme compromiso co estudo, coa docencia, coa investigación, coa responsabilidade social e, ata o ano 2023, cunha prudente e saneada xestión económica.

Para o ano 2025, a UDC vén de presentar uns orzamentos que ascenden a un total de 172 millóns de euros, dos cales o 70 por cento —exactamente, un total de 122 millóns de euros— proceden do Plan de financiamento do Sistema universitario de Galicia, compromiso do Goberno galego que permitirá darlle continuidade ao esforzo investidor da UDC, que contará con máis de 26 millóns de euros. Por iso resulta imprescindible recuperar a viabilidade económica da UDC, unha institución con vinte e tres centros entre os seus campus da Coruña e Ferrol, para así garantir as titulacións presentes e as futuras, que, máis alá do consenso, precisarán tamén dunha UDC cunha economía totalmente saneada.

E, por iso, consideramos de interese que, na medida do posible, señor conselleiro, nos informe vostede nesta aclaración respecto das medidas que están enriba da mesa para paliar ese desequilibrio económico de 13 millóns de euros, descuberto tras liquidarse o exercicio do 2023.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas.

A propia universidade fala dun descadre económico, dun desaxuste económico, e plantéxao nos propios órganos de goberno da Universidade, pero a verdade é que tamén desde ese plantexamento poucos avances se teñen feito. O propio equipo reitoral di que hai unha serie de cuestións vencelladas a unha partidas suprafianciadas que, obviamente, se executaron e que non había ingresos para soportalas.

Non houbo desde aquel momento unha serie de medidas de calado que posibilitasen camiñar nunha axenda financeira que dese estabilidade; houbo, iso si, a man tendida da Xunta de Galicia, e hai aproximadamente cinco meses púxose en marcha un grupo de traballo para intentar buscar solucións. A verdade é que a Universidade da Coruña cada vez é máis dependente do financiamento público; de feito, como xa dixeran, foi a única en que medrou o seu fondo estrutural. Ten ademais baixa capacidade, comparada coas outras dúas, para captar fondos fóra do plan; de feito, capta tres veces menos, un terzo, que as outras.

Desde a perspectiva da contabilidade nacional, tamén vemos como o propio Estado di que hai un empeoramento constante da súa capacidade económica; no ano 2020 pártese dun superávit e no ano 2024 hai un déficit xa coñecido. Como xa dixeran, a Consellería de Educación, xunto coa Consellería de Facenda, impulsamos un grupo de traballo para intentar saber cales son as causas deste desequilibrio e plantexar as medidas necesarias para poder superalas. Hai cinco meses que comezamos a traballar; a propia Intervención Xeral vén de presentar un informe (*O señor Rodríguez González amosa un documento.*) —que temos aquí diante— con criterios técnicos no que se di que unha das cuestións máis significativas é que se carece de información: a Universidade da Coruña non está aportando toda a información necesaria para poder saber realmente o que pasou, ou o que está pasando, desde a perspectiva económica para saber a situación na cal se atopa. Hoxe mesmo, ao longo da mañá, mandou unha información, que non era a requirida, para que a Intervención Xeral poida extraer as conclusións e tomar medidas.

Por suposto, temos a man tendida, queremos avanzar e imos plantexar de xeito inmediato unha nova reunión coa Universidade da Coruña para que nos aporte a información pertinente, para que nos diga se estamos ante un desequilibrio estrutural ou ante unha cuestión puramente contable para saber o que temos que facer para evitar que o prestixio da institución se devalúe. O certo e verdadeiro é que temos o máximo respecto pola institución, queremos axudar a institución, pero ten que deixarse axudar, ten que aportar a información, ten que dicirnos se os datos que transmitiu nos seus órganos de goberno son reais ou non, e ten que ser transparente e aportar toda a información requirida. A partir de aí, obviamente, hai que tomar as medidas pertinentes.



Xa digo: co mesmo plan de financiamento, a Universidade de Santiago e a Universidade de Vigo dan superávit. A Universidade da Coruña plantexa unha situación económica que non se corresponde cos datos que aporta, e descoñecemos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...o resto, porque, sinceramente, non se están aportando, neste caso, á Intervención Xeral. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de dona Noelia Pérez López... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Perdón? Si, señor Abalde, ¿para que quere a palabra?

O señor ABALDE ALONSO: *(O señor Abalde Alonso pronuncia palabras que non se perciben)* ...o artigo 76.1, fronte a xuízos de valor e inexactitudes.

O señor PRESIDENTE: Eu non estiven en toda a pregunta... *(O señor presidente diríxese á Mesa.)* Non sei, ¿nalgún momento foi mencionado el? *(A Mesa nega. O señor presidente diríxese de novo ao señor Abalde Alonso.)* Din que non houbo ningunha alusión persoal a vostede. *(Murmurios.)* ¡Non; dimo ela! No momento que estiven eu aquí, non escoitei en ningún momento mencionar o seu nome. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non; dime a vicepresidenta, que estaba presidindo, que se falou da institución, e non de ningún nome.

Mire, hai un exemplo disto. ¡Claro!, houbo moitos conselleiros no seu día que eran deputados, así que a presidenta Villarino dixo: «Non lle vou dar nunca a palabra a ningún que me fale de tal conselleiro ou de tal conselleiro, porque como hai aquí varios, non o podo facer». E non se deu ningún nome. *(Murmurios.)* Non. Por esa cuestión, tendo en conta o que me di a vicepresidenta e o que escoitei eu mentres estiven no debate, vostede non foi aludido; polo tanto, eu non lle vou dar a palabra. *(O señor Abalde Alonso pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, señor Abalde, non ten a palabra. Con isto de estar en institucións xa sabe o que pasa; unha cousa é o nome e outra cousa é... Grazas, en todo caso.

Pregunta de D^a Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia verbo do real decreto que regula o traspaso das competencias en materia de menores non acompañados

O señor PRESIDENTE: Para a pregunta, dona Noelia Pérez López, do Grupo Parlamentario Popular.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Grazas, presidente.

Ben, están un pouco nerviosos...



Conselleira, España ten hoxe un goberno secuestrado por un presidente que dedica máis tempo a pensar en como seguir aferrado ao colchón da Moncloa que a resolver os problemas diarios dos cidadáns: familias con dificultades para chegar a fin de mes; o mal funcionamento do transporte público —non hai que ver máis que o transporte ferroviario—; ou a falta de médicos para afrontar este verán —co que se empeñan o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego en botar a culpa ao Partido Popular, cando é responsabilidade do Goberno estatal—. É un presidente que para manterse no poder vai facendo cesións e regalando o que faga falta. É un patrón que coñecemos ben nestes últimos anos, coa amnistía a golpistas ou o cupo e a condonación da débeda a Cataluña, pero despois a comunidades como Galicia, que si cumpriron, néganlles cartos, por exemplo, para o emprego ou para a atención á dependencia. Fai pactos con herdeiros da ETA —o que está tamén dentro do seu manual de resistencia—, porque non olvidemos que Bildu é socio preferente de Sánchez, e tamén do Bloque Nacionalista Galego, xa que concorren con eles ás eleccións, aínda que despois neste parlamento intenten poñer cara de bos ás veces.

Hoxe, en España o que está a suceder é que unha trama socialista de amiguetes, que anda á caza de contratos a dedo e de mordidas, utiliza as mulleres como mercancía e foxe da Xustiza, son os que marcan o rumbo de España a través do *Boletín Oficial do Estado*; gobernan desde a Moncloa, pero non para os españois, senón para os seus propios intereses persoais. Todo vale para manter a cadeira, ata usar os menores migrantes como moeda de cambio política. Estamos a velo estes días, conselleira, coa utilización dunha cuestión tan sensible como é a protección dos menores migrantes non acompañados para seguir alimentando esa maquinaria de cesións e privilexios aos seus socios que permitan ao señor Sánchez sobrevivir.

Disfracen como queiran o decreto de repartición de menores migrantes, pero, desde logo, non é un plan de acollida. Unha vez máis, é un pago político do sanchismo para seguir un pouco máis, con respiración asistida. É un real decreto feito á medida de Puigdemont, que deixa fóra da repartición de menores Cataluña e o País Vasco, mentres impón 317 a Galicia, sen preguntar se temos capacidade de acollida, sen preguntar nin coordinar nada, sen consensuar e sen poñer nin un euro enriba da mesa; o Goberno xa confirmou que non nos vai dar cartos para garantir a atención e o benestar dos 317 nenos e nenas que van vir a Galicia.

Por iso, señora conselleira, desde o Grupo Popular queríamos saber como valora a Xunta este real decreto, que degrada a política migratoria, que vulnera a equidade entre territorios e que transforma a acollida humanitaria nunha transacción política máis do sanchismo.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidente.

Deputadas e deputados, moi boas tardes.



Señora Pérez, Galicia sempre se caracterizou por ser unha terra solidaria e unha terra acolledora. Así o demostramos nos últimos anos e seguiremolo demostrando nestes momentos. Pero hai que recoñecer que a acollida debe facerse ben; hai que traballar con previsión, con planificación e con coordinación; hai que contar cunhas regras de xogo claras e equitativas e que sexan, sobre todo, iguais para todos os territorios. Pero tamén necesitamos as comunidades autónomas dispoñer dos recursos necesarios para poder garantir unha atención axeitada a todos os menores migrantes mentres formen parte do sistema galego de protección, que é o máis importante.

Pero ¿que pasa agora? Agora o que pasa é que o Goberno central quere impoñer unha repartición de menores migrantes inxusta e unha repartición arbitraria pactada co señor Puigdemont e cos seus socios de Goberno. E quéreno facer —tal como nos confirmou onte mesmo o Ministerio— sen os fondos suficientes, xa que soamente vai financiar a preparación da acollida. O resto, é dicir, o cen por cento do financiamento terémolo que poñer o resto das comunidades autónomas.

Polo tanto, estamos ante unha imposición, estamos ante un novo trágala, que Galicia non vai aceptar, e que demostra o noso total acerto ao recorrer ao Tribunal Constitucional, xunto con outras dez comunidades autónomas, do Partido Popular, pero tamén do Partido Socialista.

Ata hai uns días non tiñamos os datos concretos sobre todos estes traslados de menores migrantes. Agora si.. Tras moitos meses de especulación, sabemos cales son as intencións claras por parte do Goberno central, e ¿cales son esas intencións? Pois ben, pretender impoñer o traslado obrigatorio de 317 menores migrantes a Galicia, 317 máis dos que van enviar a Cataluña e 317 máis dos que van enviar ao País Vasco. Curiosamente, Cataluña e o País Vasco non van recibir menores migrantes.

O Goberno quere, polo tanto, impoñer unha repartición de menores sen consenso, sen planificación e sen fondos. Pretende renunciar, unha vez máis, ao diálogo e á negociación, como se fixera ata o de agora coa repartición de todos os menores migrantes. Estamos, polo tanto, ante unha nova chantaxe que Galicia non vai admitir.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, a señora Pérez López.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Grazas, presidente.

Despois de escoitala, señora conselleira, vaime permitir que faga unha invitación á reflexión a todos os deputados desta Cámara, pero en especial aos que, no día de hoxe, seguen a soste o sanchismo. Eu preguntolles se, de verdade, cren que a imposición pode ser a forma ordinaria de gobernar nun estado democrático. Eu non sei se lles parece iso aceptable. Preguntolles se ven normal que decisións tan sensíbles que afectan as comunidades autónomas se



tomen de forma unilateral, sen diálogo, sen consenso e sen o máis mínimo respecto polas institucións autonómicas. Sobre todo preguntolles, señores deputados, se están dispostos a que os cidadáns galegos paguen do seu peto —estou falando de cartos— o prezo que imponían os socios de Sánchez para que este poida seguir un pouco máis na Moncloa. Eu preguntolle ao Bloque Nacionalista Galego se lle parece normal pedirlle máis recursos á Xunta e calar diante do señor Sánchez, neste caso.

Mire, Galicia nunca deu as costas á solidariedade. Non necesitamos leccións nin do delegado do Goberno nin de ninguén. Galicia é solidaria e sempre o foi —acaba de recordalo agora tamén a conselleira—, pero isto non é solidariedade, isto é abuso, imposición e desgoberno. Isto non vai nin de dereitas nin de esquerdas, vai de sentido común, de legalidade —si, señores, si— e de respecto institucional. Sobre todo, vai de defender os intereses de Galicia e de defender e protexer a quen máis o necesita: eses menores que non poden converterse, por culpa do Partido Socialista, en vítimas colaterais dunha operación de resistencia política. Por iso, tamén hai comunidades, a pesar do seguidismo do Partido Socialista de Galicia, que van recorrer ese decreto.

Pero aquí, en Galicia, facemos política seria, señora conselleira, e coñecemos o traballo que fan pola integración dos nenos, dos adolescentes e dos nenos cativos sen distinguir a súa procedencia. Se pode, por favor, gustaríame que nos afondase un pouco máis durante a súa intervención neste tema.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, a conselleira de Política Social e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidente.

Señora Pérez, o único certo é que os criterios feitos á medida polos socios do señor Pedro Sánchez van quebrar claramente o noso sistema de protección, que é un dos sistemas máis integradores de toda España; un sistema baseado na integración dos adolescentes, sen os distinguir nunca pola súa procedencia, senón que o fai sempre apropiando e priorizando a proximidade e o arraigamento na contorna; un sistema no que non hai macrocentros e no que non hai guetos, xa que se prioriza o acollemento familiar, sendo esta a segunda comunidade autónoma cos mellores datos. É un sistema que ten nestes momentos, como recoñecemos, unha sobreocupación do 108 por cento, polo cal non está en condicións de facer fronte, en ningún caso, á chegada de 317 menores migrantes. Esta repartición imposta demostra, ademais da ausencia de política migratoria por parte do Goberno de España, unha política do Estado que o Goberno central insiste, unha vez máis, en descargar en todas as comunidades autónomas —ben, en todas non—.

Os menores migrantes non acompañados e as comunidades autónomas non podemos ser, en ningún caso, reféns da nula vontade de diálogo e do desleixo por parte do señor Pedro Sánchez. Non podemos aceptar, en ningún caso, este descontrol migratorio e que se em-



preguen todos os menores migrantes como moeda de cambio. Señora Pérez, solidarios, si, pero non podemos ser solidarios co que non temos.

Por iso, volvémoslle exixir unha vez máis ao señor Pedro Sánchez e ao Goberno que retomen a vía do consenso e a vía do diálogo coas comunidades autónomas, como se fixo ata agora coa repartición nos anos anteriores. Pedimos que esta repartición se faga de maneira consensuada e que se financie a estancia completa de todos os menores migrantes porque, neste ano 2025, chegaron cero euros para todos os menores que viven nestes momentos en Galicia, o que se suma ao cen por cento do custo durante todo o tempo que os menores estean no sistema de protección, ata que saian deste sistema.

Polo tanto, non nos vale a preparación da acollida. O que exiximos é o financiamento, a coordinación e o diálogo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a Patricia Iglesias Rey e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a postura da Xunta de Galicia ante a demanda da execución urxente dunha variante na circunvalación de Carballo para conectar o polígono de Bértoa coa zona sur da localidade e facilitar a ampliación do devandito polígono

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra dona Patricia Iglesias, do Grupo Parlamentario Socialista.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

Boas tardes de novo.

Teñan coidado, deputados e deputadas do Partido Popular, porque o abrazo do oso da extrema dereita de Vox, un partido negacionista, racista e machista, pode acabar aplastando o Partido Popular e, como dixen hoxe pola mañá, (*Murmurios.*) sabemos tamén que no PPdeG Vox está dentro. Son nenos e nenas, non números.

Boas tardes, conselleira.

(*Murmurios.*) Xa van dezasete anos de promesas incumpridas coa circunvalación do polígono industrial de Bértoa para que se una esa circunvalación co barrio sur de Chorís, en Carballo. É unha infraestrutura prioritaria, comprometida xa no Goberno de Touriño, reclamada tamén insistentemente pola comunidade de propietarios do polígono e mesmo anunciada polo señor Feijóo en campaña, tanto en eleccións locais como tamén nas distintas eleccións autonómicas cada vez que pisaba Carballo, señora conselleira. Pero a realidade é outra. En dezasete anos, o único que fixeron foi aprobar, en abril de 2025, esa declaración ambiental logo de anos de parálise. Incluso deixaron caducar unha DIA. Non houbo nada de licitación pública e nada de execución, só atrasos, excusas e propaganda.



E non será porque non o advertimos os socialistas de Galicia. Levei esta iniciativa catro veces á Comisión de Industria, en forma de PNC e en forma de pregunta ao director xeral de Infraestruturas, e sempre tivemos o mesmo resultado, señora conselleira: o deputado carballés do PP, o señor Lorenzo, votando en contra de que Carballo tivese esa circunvalación, e o director da Axencia de Infraestruturas repetindo escusa tras escusa, mentres os veciños, as veciñas e as empresas seguen agardando.

Hai apenas tres semanas, volvíñ visitar a comunidade de propietarios do polígono de Bértoa, en Carballo, acompañada por José Ramón Gómez Besteiro. Reiteraron o que era xa evidente: esta obra é urxente e imprescindible para garantir a seguridade viaria dunha zona escolar por onde pasan camións para ir ao polígono e para impulsar tamén o desenvolvemento económico dun polígono estratéxico.

Carballo e a comarca de Bergantiños están cansos de ser tratados como cidadáns de segunda pola Xunta de Galicia. Temos exemplos, como o da autovía da Costa da Morte, pola que lle preguntei a semana pasada, que quedou a medio facer, señora conselleira. Anunciaron eses 5,5 quilómetros, pero non vai ser unha autovía, ¡vai ser un corredor! Non vai haber unha dobre vía, que o saiba tamén a veciñanza das bisbarras da Costa da Morte e de Bergantiños. Tamén está esa peaxe inxusta que seguen pagando os usuarios de Carballo á Coruña, que nin eliminan nin aplican tampouco as bonificacións que se aplican polo Estado, como sabe, do 75 por cento á AP-9 e á AP-53. Isto ten un pouco de hipocrisía, parécenos a nós. Falamos tamén da ampliación do polígono industrial de Carballo, que anunciou a conselleira de Economía e Industria e que, como moito —¡como moito, señora conselleira!—, veremos no 2028; eu creo que son moi optimistas.

Por iso lle pregunto...:

O señor PRESIDENTE: Grazas, ten outro turno despois.

A señora IGLESIAS REY: ...¿cando vai executar a circunvalación do polígono de Bértoa?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Ten outro turno despois.

Dará a resposta a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, dona María Martínez Allegue.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Grazas, presidente.

Señora Iglesias, non teña ningunha dúbida de que, dende a Xunta de Galicia, traballamos por unha Galicia cada vez mellor vertebrada, máis cohesiva, mellor comunicada, con infraestruturas seguras, con infraestruturas punteiras e que axude no desenvolvemento económico. Por iso, dende o Executivo galego estamos a incrementar as vías de altas prestacións e os quilómetros de vías de altas prestacións. Neste ano e tres meses que levamos de lexis-



latura, temos en marcha a vía de alta prestación Tui–A Guarda; o desdoblamento de Brión–Noia; Santiago–A Estrada, a AG–59; e tamén Nadela–Sarria. Por iso, rescatamos as concesións das autovías que tiñan unha peaxe en sombra: tanto a da Barbanza como a do Salnés, a de Ourense–Celanova e a de Santiago–Brión. Isto permítenos dispor de 330 millóns de euros, que tiñamos consignados orzamentariamente ata o remate das concesións, e seguir a incrementar as vías das altas prestacións, sen olvidarnos da conservación e do mantemento das nosas estradas.

Efectivamente, hai quince días facíame a pregunta sobre o compromiso da Xunta de Galicia coa prolongación da autovía da Costa da Morte, e cumprimos. Xa está sometida á información pública esa prolongación dende Santa Irene ata a estrada denominada estrada de Camariñas. E hoxe preguntan pola variante de Carballo e dígolle o mesmo: o compromiso da Xunta de Galicia é claro. Sabemos do dobre obxectivo desta variante: por un lado, ser alternativa a ese tráfico que discorre polo núcleo urbano de Carballo e que ás veces alcanza picos de quince mil vehículos; e, por outro lado, dar tamén, por suposto, soporte a un punto estratéxico e dinamizador como é ese polígono de Bértoa.

Estamos a traballar, efectivamente, xa dende o ano 2022, nunha primeira fase que se someteu, como ben dixo, á avaliación ambiental simplificada; unha primeira fase que está orzada en 19 millóns de euros. Iso denomínase compromiso. Pero o que facemos dende a Xunta de Galicia é moi claro: o que facemos é planificar, orzar, tramitar administrativa-mente —cos prazos que ten a tramitación administrativa— e, despois, executar.

Señora Iglesias, non dubide de que o compromiso da Xunta de Galicia con esta alternativa á nosa estrada autonómica é claro e de que o cumpriremos.
Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, a señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

As súas palabras, señora conselleira, son a mellor demostración de por que Carballo leva dezasete anos esperando por esta infraestrutura prioritaria da circunvalación do polígono industrial. Falan de planificación e de trámites de estudos, pero a realidade é que non teñen vontade política, señora conselleira.

E digo isto con coñecemento de causa: como lle dixen, levei e defendín esta iniciativa na Comisión de Industria e Enerxía e sempre foi votada en contra polo Partido Popular, polo deputado carballés. Mentres tanto, tamén o director da Axencia de Infraestrutura se limitou a dar escusas técnicas, como se realmente fose un problema de burocracia ou de tramitación administrativa.

¿Queren probas? Dezaseis anos despois seguen sen licitar nada, sen proxecto construtivo e sen partidas claras nos orzamentos. Só veñen a Carballo, como dicía, en campaña electoral. E mentres vostedes poñen paus nas rodas, os nenos e as nenas seguen indo ao colexio por



esa estrada e as empresas de Bértoa ven como se lles negan as condicións mínimas para competir e medrar, señora conselleira.

Agora vou dicilo claro: Carballo e a comarca de Bergantiños están fartos do abandono do Goberno galego do PP. Están fartos de promesas incumpridas da autovía da Costa da Morte e da peaxe da Coruña, que ninguén quita.

Por favor, déame —píddollo de verdade— unha data de inicio aproximada do proxecto de execución da variante do polígono de Carballo, unha data certa, por favor, conselleira.

Nada máis, grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, a señora conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Grazas, presidente.

Mire, desculpe, señora Iglesias, nótase que non goberna, porque descoñece a tramitación administrativa e procedemental que ten a creación dunha nova infraestrutura viaria. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ten prazos de tramitación ambiental, áreas de protección e áreas de afección. Debería saber que estamos xa traballando no proxecto de trazado desa primeira fase namentres, paralelamente, tramitamos esa avaliación ambiental simplificada.

A Xunta de Galicia mantén o compromiso intacto coa variante de Carballo porque queremos crear unha nova infraestrutura que evite o tráfico de longo percorrido polo núcleo de Carballo e que evite as molestias e a contaminación. Queremos, efectivamente, dar respostas á veciñanza, que non ten por que soportar ese tráfico pesado. Non teñen por que circular vehículos pesados diante dos colexios, dos establecementos deportivos ou do instituto Alfredo Brañas. Queremos que facilite os desprazamentos seguros da veciñanza. Se mo preguntan, insisto: si, o compromiso coa variante de Carballo é pleno.

Efectivamente, ben o dicía: no mes de abril aprobouse a avaliación ambiental simplificada. Estamos xa nun fito moi importante, que nos permite seguir a traballar nese proxecto de trazado, que aprobaremos, provisionalmente, este mesmo ano 2025 e que someteremos a información pública, para efectos expropiatorios, o antes posible.

Xa que o din, os orzamentos do 2025 recollen, efectivamente, unha partida orzamentaria; existe un plurianual orzamentario de 22 millóns de euros. Ese é o compromiso que, por suposto, temos con esta infraestrutura.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Pregunta de D^a Alexandra Fernández Gómez e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns do cambio de criterio da Xunta de Galicia no réxime de adxudicación das vivendas de promoción pública (VPP) e o paso do arrendamento á compravenda

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, presidente.

Conselleira, vivimos unha crise de vivenda especialmente grave polas súas características. Hoxe hai o dobre de fogares que só poden acceder á vivenda en alugueiro do que hai quince anos, ao tempo que temos unha burbulla de prezos moito máis acusada, precisamente no alugueiro. Isto fai que esta sexa a crise onde cada vez máis persoas nin poden comprar nin tampouco poden alugar no mercado libre.

Ante isto, a pregunta que está abrindo o paso e que soa cada vez máis forte na sociedade é: ¿onde está a vivenda pública? ¿Onde está esa vivenda que permitiría a milleiros de familias poder pagar rendas adecuadas ás súas capacidades? ¿Onde está? Ben, a vivenda pública enterrouna o Partido Popular. Nos últimos sete anos entregaron 33 vivendas por ano, pero, ademais de incorporar a nada esa miseria, normalizaron a venda desa vivenda de promoción pública. Construír vivenda pública para logo vendela é un auténtico despropósito, primeiro, porque merma a solución a esta crise actual de vivenda, que require de moita vivenda pública en alugueiro; e segundo, porque esta decisión impide que a creación da vivenda pública sexa un proceso acumulativo que garanta a sustentabilidade interxeracional deste recurso para non deixar cada nova xeración desprovista de vivenda e exposta a que, cando se aplican políticas de recortes, como estamos vendo agora, sexan totalmente vulnerables. Estamos vendo como a xeración entre os vinte e os trinta anos quedou abandonada e sen opcións polos dezaseis anos da antipolítica de vivenda do Partido Popular.

E miren, vender vivenda pública non é algo novo en Europa. De feito, converteuse en consigna a partir da onda neoliberal dos anos oitenta. Falamos de países como, por exemplo, Inglaterra, que tiña máis de cinco millóns de vivendas públicas, que cubrían o 31 por cento dos fogares, e acabou por reducilas á metade. Evidentemente, esas receitas de vender vivenda pública teñen consecuencias aínda máis dramáticas cando se aplican aquí, onde nin tan sequera houbo un impulso previo, o cal nos deixa cun ridículo 0,3 por cento de parque público de vivenda. Hoxe toda Europa cuestiona o feito de dismantelar nos últimos anos os parques públicos de vivenda, pero parece que a Xunta é insensible ao seu contexto social e ao seu tempo político.

Dende o BNG, queremos que conecten co que está pasando, que entendan a importancia de acabar coa venda da vivenda de promoción pública e que blinden o parque público, permitindo só o seu alugueiro ou a súa cesión temporal. Estabamos contentos porque parecía que xurdira efecto cando, en 2023, vostedes anunciaron o seguinte: «A Xunta deixará de vender vivendas públicas e só as ofertará na modalidade de alugueiro». Naquel momento aplaudimos a decisión, pero hai apenas uns meses anunciaban que o 25 por cento das novas promocións de vivenda pública ían ser vendidas. Máis bandazos e outro paso atrás.



Preguntámonos, señora conselleira: ¿que cambiou de 2023 a agora? ¿Que cambiou na súa consellería, á parte —por suposto— da conselleira? ¿Cre que rematou a urxencia de entón por incrementar os alugueiros públicos da vivenda? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Grazas, señor presidente.

Señora deputada, na Xunta de Galicia e nesta consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas temos como obxectivo claro facilitar o acceso da nosa cidadanía a unha vivenda digna, de calidade e a prezo asumible, en renda e en venda. Os nosos compromisos son claros e transparentes: duplicar o parque público de vivenda. Levamos xa máis da metade en marcha. Creamos xa esta operativa, a nosa sociedade de vivenda pública de Galicia, a nosa Vipugal. Somos unha comunidade autónoma pioneira en España, pois somos a única comunidade autónoma que está a desenvolver solo a través dos proxectos de interese autonómico; solo urbanizable que converteremos en solo urbano para que se poida construír máis vivenda pública, máis vivenda protexida e, por suposto tamén, máis vivenda libre.

Estamos a conveniar cos concellos de todas as cores a cesión dese solo de titularidade municipal para a construción de vivenda protexida que a Xunta de Galicia vai construír, de vivenda pública. Conveniamos xa con Teo, con Ames, coa Estrada, con Lalín, coa Coruña, con Pontevedra, con Lugo e, a semana pasada, con Vilagarcía. ¿Sabe cal é o único concello co que aínda non conveniamos? Co Concello de Santiago, que está pivotado por unha alcaldesa do Bloque Nacionalista Galego. Por iso, non é quen de dar exemplo, señora Fernández.

Señorías do BNG, do Bloque Nacionalista Galego, temos moi claro que defender a vivenda digna é un dereito constitucionalmente establecido, pero semellan esquecer que o dereito á propiedade tamén é un dereito constitucionalmente establecido no artigo 33; un dereito fundamental, un dereito individual e piar esencial da liberdade e da estabilidade social. A Constitución prohibe a inxerencia arbitraria neste dereito.

Si, señoría, somos claros: o 25 por cento das novas vivendas públicas que se constrúan serán para menores de 36 anos en réxime de venda. ¿E sabe por que? (*Aplausos.*) Porque foi este Executivo galego quen blindou, con carácter permanente e indefinido, a protección destas vivendas de promoción pública, sexan en venda ou sexan en renda; é dicir, sempre estarán suxeitas a prezos máximos de renda e tamén de venda.

Grazas, señoría. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica da señora Fernández.



A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Non respondeu, señora conselleira, á miña pregunta: ¿que mudou entre a instrución de 2023, que prohibía a venda de vivenda de promoción pública, e a de 2025? Esa é a pregunta: ¿que mudou? Vostedes —ben, vostede acaba de facer unha oda á propiedade— escribían unha nota de prensa no ano 2023 xustificando que tomaran a decisión de pór fin á venda de vivenda pública porque existía, nese momento, unha necesidade de incrementar o parque residencial público destinado ao alugueiro. Iso é o que escribían vostedes en 2023. ¿Que é o que cambiou en 2025? ¿Xa non é necesario? ¿Acaso mellorou a situación do mercado libre e é máis fácil alugar? Non, todo o contrario. Por tanto, os argumentos cos que se toma a decisión en 2023 están aínda máis vixentes agora mesmo e vostedes, nunha resposta que nos mandaron escrita, dicían que esa medida só era aplicable ao IGVS e non ao Vipugal. ¡Home!, claro, Vipugal non existía no ano 2023. A pregunta é: ¿por que vai Vipugal adoptar un criterio distinto ao do IGVS, cando vostede é a presidenta, o vicepresidente dese organismo é o director xeral do IGVS e as necesidades son exactamente as mesmas?

Ademais, vostedes deberían ser os primeiros interesados en estender a prohibición de vender vivenda pública, porque non van dar chegado ás súas promesas de 8.000 vivendas públicas en 2028, cando só teñen 900 vivendas en proceso de construción. Se aínda por riba se dedican a vender o 25 por cento dese parque, impedindo que se incorporen ao parque público de vivenda, están boicoteando os seus propios obxectivos. Ademais, van na dirección contraria ao que marcan os tempos. Segundo un informe elaborado polo Goberno estatal a partir da información que facilitou a propia Xunta, Galiza é a comunidade autónoma que máis vivenda social ten en venda. Mentres a maioría das comunidades teñen máis dun 80 por cento do seu parque en alugueiro, Galiza fai á inversa, cun 70 por cento en venda. ¿Iso é a innovación da Xunta de Galiza, señora conselleira?

Por certo, nese informe confírmase tamén que son vostedes o Goberno da propaganda, porque foi a única comunidade incapaz de presentar un calendario de execución de vivenda pública con catro anos vista. Son o Goberno dos anuncios que se esfuman e dos criterios...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...que mudan. Díganos que cambiou entre 2023 e 2025 para que muden de criterio. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Rematou o seu tempo, grazas.

Para o peche da pregunta, a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Grazas, presidente.

Señora Fernández, ¿que mudou? Acabo de dicirllo: o carácter e a protección indefinida das vivendas de promoción pública. Pero o que temos claro, por suposto, dende este executivo galego é que, para dar resposta ás necesidades que precisa a nosa sociedade para acceder á vivenda, temos que dinamizar o mercado do alugueiro, por suposto. Por iso, estamos a construír vivenda de promoción pública en réxime de alugueiro; por iso, temos o compromiso



de que, destas vivendas de promoción pública que construíamos, polo menos o 40 por cento serán destinadas a menores de 36 anos en réxime de alugueiro; por iso, estamos axudando e incentivando promotores para que constrúan vivenda protexida en réxime de alugueiro; e por iso, temos bonificacións fiscais, precisamente, para quen constrúa vivenda protexida en réxime de alugueiro.

O que non se pode facer é o que está facendo o Goberno central, ese que vostedes apoian dun xeito totalmente incomprensible. Dende o Executivo galego temos claro que para dinamizar o mercado do alugueiro o que se ten que facer é non criminalizar os propietarios, non apoiar a okupación ilícita, non apoiar a iniquiokupación e dar seguridade xurídica ao propietario. Por iso —si—, mañá mesmo publicaremos no *Diario Oficial de Galicia* «O noso fogar vivo», con esas axudas a propietarios que, tendo vivendas baleiras, necesiten facer reformas para á súa disposición no mercado do alugueiro e tamén para eses seguros de impago das rendas e eses seguros de multirrisco no fogar.

Miren, señores do Bloque Nacionalista Galego, é curioso que vostedes critiquen, ou poñan en tela de xuízo, as formas de adxudicar as vivendas de promoción pública, porque lles recordo, por se non o saben, que é o Decreto 253/2007, aprobado polo Bipartito, o que regula o réxime de adxudicación das vivendas e regula que poden ser en venda ou en renda. Parece que iso naquel momento non lles soaba mal. E tamén lle recordo que foi ese decreto o que permitiu descualificar dun golpe, dun plumazo, milleiros de vivendas protexidas. Máis de dez mil vivendas protexidas foron descualificadas polo decreto aprobado polo Bipartito cunha carteira do Bloque Nacionalista Galego. O que pasa é que semella que a memoria é fráxil. Ou iso ou que son vostedes moi hipócritas, porque predican unha cousa e fan totalmente a contraria.

Neste executivo galego temos moi claro o que temos que facer: temos que actuar con sentido. Por iso, modificamos a Lei de vivenda galega e establecemos a cualificación e a protección permanentes de todas as vivendas de promoción pública, tanto do Instituto Galego de Vivenda e Solo como das que constrúa Vipugal, das que constrúan os promotores privados —vivendas protexidas construídas por promotores privados nun ámbito que fose desenvolvido por unha administración pública—, das que estamos a adquirir aos particulares ou das que temos que adquirir á Sareb.

Remato xa. Teñan en conta que, efectivamente, a vivenda é un dereito constitucional que o noso Goberno vai salvagardar, pero tamén a propiedade é un dereito constitucional que o noso Goberno...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): ...vai salvagardar.

Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Pregunta de D^a Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a postura da Xunta de Galicia respecto da pertinencia dun plan sanitario urgente para O Salnés co obxecto de cubrir o incremento da demanda derivada da presión turística estival

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora CASTRO REY: Boa tarde, conselleiro.

A desinformación, as mentiras e os bulos desprestixian a política e, polo tanto, cómpre aclaralos. Por iso, convén que eu inicie hoxe esta pregunta aclarando que a UDC non ten nin déficit nin débeda, senón un superávit de 1,6 millóns de euros. (*Aplausos.*) E como nos silencian, teño que aplicar eu na miña quenda este tempo para aclaralo.

Conselleiro, ademais destas cousas —das desinformacións e dos bulos—, tamén hai outras que claman ao ceo. Pola que eu lle vou preguntar hoxe aquí é unha delas. Non teño, nin sequera, que desenvolver dotes divinatorias para dicirle que este verán, un ano máis, a comarca do Salnés volverá vivir un verán de colapso sanitario, sen que a Xunta de Galicia faga nada por evitalo. Un ano máis, a veciñanza e os milleiros de visitantes que enchen as nosas vilas atoparanse cun sistema sanitario desbordado, sen recursos, sen persoal suficiente e sen previsión ningunha por parte do Goberno galego.

Os datos son claros e contundentes, non os inventamos nós: son máis de oitocentos oitenta mil os desprazamentos rexistrados no mes de agosto de 2024, con picos de presenza en concellos como Sanxenxo que superan as 170.000 persoas. Iso é multiplicar por dez a poboación habitual de concellos como Sanxenxo, O Grove ou a Arousa. A pregunta é ben sinxela: ¿multiplicouse tamén —xa non digo por dez— o persoal sanitario? ¿Melloráronse os servizos? ¿Abríronse consultas extraordinarias? ¿Reforzáronse as urxencias? A resposta é, rotundamente: non. É máis, no canto diso, reducíronse o número de camas e dividírase o persoal sanitario.

O Hospital do Salnés e os centros de saúde da comarca están ao límite. O Centro de Saúde de Baltar é incapaz de asumir a demanda. O Centro de Raxó —anuncian vostedes— vano pechar para o reformar en pleno verán. ¿A quen se lle ocorre? O Centro do Grove está sen persoal e o de Vilagarcía, sen pediatras e sen cobertura de persoal. Trasladaron a ambulancia medicalizada do Hospital do Salnés en Vilagarcía, novamente, dende o martes pasado. ¿Para que seguen vostedes, como cada verán, desvestindo un santo para vestir outro? Deixan unha parte da comarca desprotexida e xustifican esta decisión con datos poboacionais que son falsos, porque o traslado débese, unicamente, a criterios políticos.

Mire, vostede sabe que a distancia entre a Illa e Sanxenxo é de 25 quilómetros, mentres que con Vilagarcía é de 7 quilómetros. Con Caldas é de 30 quilómetros e con Catoira é de 40 quilómetros, mentres que a distancia destes concellos con Vilagarcía é da metade. ¿Van deixar toda esta poboación sen ambulancia medicalizada? O reforzo dunha ambulancia para esta



zona na tempada estival é esencial, e non o pedimos nós, senón que tamén o piden os colectivos sanitarios e as emerxencias da zona.

Entón, dende o Grupo Parlamentario exiximos que deixe de vivir de costas á realidade da comarca do Salnés. É inadmisíble que nun dos principais destinos turísticos de Galicia a sanidade funcione a medio gas durante a época de maior demanda. É unha irresponsabilidade e un desprezo tanto á poboación residente como a quen nos visita.

Non queren asumir as súas responsabilidades: a atención primaria está saturada; as urxencias, colapsadas; os profesionais, extenuados; e a cidadanía, desatendida. ¿Que máis ten que pasar para que se actúe? ¿Considera vostede que a Xunta de Galicia ten que aprobar un plan sanitario estival para a comarca do Salnés? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Caamaño.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, presidente.

Señora Castro, debe ter moito tempo para pensar desde o seu escano, porque se pensa que a Consellería de Sanidade está cos brazos cruzados, entón é que pensa mal; e se pensa que, ademais, non temos en conta as necesidades asistenciais de todos os puntos de Galicia durante o verán, equivócase tamén outra vez. Tamén se equivoca se pensa que non tomamos medidas adaptadas a esas necesidades, que teñen en conta o incremento da poboación que cada verán experimenta, por exemplo, a comarca do Salnés.

O pasado 23 de xuño aprobamos no Consello da Xunta o Plan de cobertura de necesidades de persoal médico durante o período estival. É unha planificación de verán completa e ben pensada, que inclúe medidas concretas para os concellos da comarca do Salnés. O Plan de verán está dotado con máis de 12 millóns de euros para blindar unha cobertura sanitaria axeitada en toda Galicia. Estarán dedicados 8,8 millóns á contratación de substitucións e reforzos nas zonas que o precisen —por exemplo, o caso do Salnés—; e os 3,2 millóns restantes destínanse a catro accións principais.

En primeiro lugar, un programa de dispoñibilidade de médicos de familia nos PAC; case se sumaron máis de cento corenta profesionais. Tamén implementamos un programa de apoio á atención primaria por parte do 061, para que o persoal médico participe voluntariamente nas gardas dos PAC; xa contamos con máis de vinte profesionais nesta bolsa. A terceira medida é a oferta de mobilidade temporal de profesionais cara a centros con necesidades prioritarias, como poden ser centros de saúde turísticos, como son os do Salnés. E, por último, volvemos poñer en marcha a encomenda para que os MIR, que están a rematar a especialidade, reforcen os centros de saúde. Contamos con noventa e cinco residentes que aceptaron participar neste programa. Eses MIR rematarán a súa formación a finais de xullo, polo que se poderán incorporar aos contratos ordinarios do Sergas como adxuntos.



Mire, todas estas medidas permítennos reforzar a atención primaria e as urxencias extra-hospitalarias na comarca do Salnés con ata dezasete profesionais, que estarán repartidos onde e cando se precisen e garantirán a atención en todo momento conforme unha planificación perfectamente axeitada. Do mesmo xeito, planificamos con criterios asistenciais o transporte sanitario urxente, que reforzamos no Salnés cunha ambulancia para a mellor resposta ao conxunto da cidadanía.

Señoría, pode vostede estar tranquila; queda patente que na Consellería de Sanidade nos anticipamos, planificamos e actuamos para que a asistencia sanitaria estea garantida en todos os centros de Galicia. Iso é o que se fai cando un se preocupa de verdade da sanidade pública, pero cando interesa máis o ruído político e o rédito político, fanse outras cousas, como pode ser apoiar os carteis que lle dan á xente información falsa sobre a atención sanitaria e alentar actos incívicos nos centros de saúde.

Máis nada, polo momento, e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica da señora Castro.

A señora CASTRO REY: Señor conselleiro, pois tendo en conta que eu paso o verán na comarca do Salnés, tan tranquila non estou, porque o colapso do sistema sanitario é evidente e repítese todos os anos: hospitais e centros de saúde que non poden atender axeitadamente a demanda asistencial por falta de recursos, persoal, infraestruturas ou planificación; listas de agarda interminables; e doentes durante horas sen atender.

Señorías, non se pode presumir de récords turísticos mentres se abandonan os servizos públicos que fan posible que eses visitantes se sintan seguros, atendidos, ben acollidos e tranquilos.

Mire, fala vostede desa planificación da Xunta e atende vostede a voluntariedade do persoal sanitario; gustaríame que me aclarase algo desa voluntariedade: ¿canta dela corresponde a médicos extracomunitarios sen título de médico de familia homologado?, porque sabe vostede que están incumprindo a lei de ordenación de profesionais sanitarios, como fixeron o verán pasado; foron este tipo de profesionais extracomunitarios os que cubriron máis da metade destes profesionais voluntarios.

Fala vostede, ademais, de planificación. Eu creo que debería mudar o termo «planificación» por «autoxestión», e digo «autoxestión» porque a planificación é que os médicos e enfermeiros autoxestionen entre eles e elas, ampliando a súa xornada ou ben co modelo de intersubstitucións ou ben co modelo de prolongacións —ou con ambos combinados—. Polo tanto, debería mudar «planificación» por «autoxestión».

Desde o PSdeG temos claro que a atención sanitaria de calidade non pode entender de estacións e que non pode haber cidadáns de primeira no inverno e de segunda no verán. Reclamamos un plan de reforzo sanitario serio con máis profesionais cualificados, máis medios



e mellor organización; e reclamámolo con firmeza, porque estamos falando de dereitos fundamentais da saúde das persoas.

E conclúo, señor conselleiro, dicíndolle que a política sanitaria do Partido Popular no verán se basea en trasladar vendas dunha ferida a outra, recortar de aquí para reforzar alá, pero ao final o paciente é sempre o mesmo: a sanidade pública, que está en coidados intensivos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, presidente.

Señora deputada, na anterior intervención tratei de explicarlle as medidas que tomamos para garantir a asistencia sanitaria a todos os galegos e as galegas, e tamén lle dixen que serían ata dezasete profesionais os que reforzarían a asistencia sanitaria na comarca do Salnés.

Como parece que non calou a miña mensaxe, voulle dar agora os reforzos concretos que aplicamos aos concellos do Salnés con máis afluencia turística nestes meses de verán. No plan de Vilagarcía, faremos un reforzo do equipo de atención primaria, composto por un médico de atención primaria e unha enfermeira; concretamente, poremos o reforzo os días 18 e 19 de xullo, coincidindo co Atlantic Fest, e os días 15 e 16 de agosto, para a Festa da Auga. Levaremos a cabo unha actuación de apoio semellante no PAC de Cambados, reforzando cun equipo de atención primaria entre o 31 de xullo e o 2 de agosto, coincidindo coa Festa do Albariño. Nos concellos de Sanxenxo e O Grove faremos un reforzo máis extenso, debido ao incremento da súa poboación, e será de forma sostida ao longo de todo o verán, polo que o reforzo será durante os meses de xullo, agosto e setembro. No caso concreto do Grove, reforzamos o PAC cunha enfermeira de tarde, con reforzo médico sempre que haxa dispoñibilidade. Reforzamos o centro de saúde cunha enfermeira durante todos os meses de verán e cun médico de atención primaria a partir do 16 de xullo. Finalmente, en Sanxenxo reforzamos o PAC de Baltar, cun equipo extra en todas as quendas, e o centro de saúde, con dous médicos de atención primaria, dúas enfermeiras, un TCAE e un persoal de servizos xerais.

Estes son uns reforzos que responden a unha planificación rigorosa e que se rexen polo noso deber garantir a mellor asistencia sanitaria á poboación, atendendo especialmente aos lugares e momentos nos que se concentra o maior número de persoas.

Facemos do mesmo xeito cos recursos do transporte sanitario urxente, que o 061 distribúe en función das necesidades de cada momento e reforza cando é preciso facelo, como fai no Salnés no verán.

Vostedes veñen aquí a pedir un plan urxente para a época estival no Salnés. Aquí o teñen. Hai un plan en marcha antes de que vostede viñese a este parlamento a pedilo. Agardo que despois de contarlle todo isto chegue á conclusión de que si, de que o plan é necesario, mais a súa pregunta e as súas exixencias non eran para tanto. Se de verdade queren axudar, sú-



mense a nós e pidan ao Goberno de España que tome medidas urxentes para acabar coa falta de profesionais da atención primaria en todo o Estado español. Iso sería moito máis proveitoso para a sanidade pública de Galicia que apoiar carteis con información falsa e outro tipo de iniciativas extravagantes, como a que defenden en Catoira, que é unha auténtica falta de respecto ás infraestruturas, aos profesionais e aos usuarios da sanidade pública.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta De D^a Lara Méndez López e D^a María Elena Espinosa Mangana, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da cobertura da atención sanitaria no concello de Cervo nos vindeiros meses de verán

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidente.

Moi boa tarde, conselleiro.

En primeiro lugar, gustaríame dar a benvida aos compañeiros do Grupo Municipal Socialista de Cervo, que nos acompañan hoxe aquí, pola preocupación que teñen, e aos veciños e ás veciñas dese concello, que, en definitiva, son usuarios.

Para contextualizar un pouco, o concello de Cervo ten máis de 4.000 habitantes; nos meses de verán triplícase a poboación, pasando a 12.000 habitantes. Hai dous núcleos de poboación importantes, Cervo e San Cibrao, cada un co seu centro de saúde. ¿Que fixo a súa consellería? Pois, segundo informou, por orde da dirección e da xerencia, a partir do día 7 —é dicir, de antonte— só queda unha médica para eses dous centros, que, ademais, terá un servizo que empezará ás 10.20 da mañá e acabará ás 15.00. Suprímese toda a actividade programada; non hai citas previas e terán que ser atendidos no PAC. Despois, teñen que atenderse en función da gravidade —pero tampouco se sabe quen fai esa triaxe; ao mellor, a que non dá citas pode aproveitar para facer a triaxe—. Chegadas as 15.00, se os pacientes quedan sen atender, deberán ir directamente ao PAC e, se non, volver ao día seguinte; esa é a solución que se lles dá.

Mantense a atención domiciliaria urxente; polo tanto, estamos a falar de que se a médica ten que ir a unha atención domiciliaria, xa non haberá ningún médico nin médica nin no centro de saúde de San Cibrao nin no centro de saúde de Cervo.

Como dicía, a atención de enfermería urxente non ten os controis programados. No caso da atención pediátrica, continuarase coa pediatra, a non ser que estea ausente, que entón deberán ir ao centro de saúde de Burela.

Se falamos desa poboación que se triplica pola chegada de veraneantes, recórdaselle que a única atención será por patoloxía aguda urxente; se teñen algún malestar pero non ten a



cualificación de «agudo urxente», mellor que queden nos seus fogares de alugueiro ou nos seus lugares de destino. As receitas crónicas correspondentes tramitaranse por receita electrónica ou no seu centro de saúde de orixe. Se hai algún problema, pois ben, quedan sen medicar, que tampouco pasa nada. Por outra banda, estamos dicindo que queremos ser un lugar de destino turístico, pero os turistas teñen que vir saniños da casa, porque, se non, non se lles vai atender.

Por todo isto, conselleiro, ¿teñen previsto reverter a situación á que vostedes mesmos abocaron o concello de Cervo? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, presidente.

Señora deputada, lamento profundamente que empregue vostede esta sesión parlamentaria para exercer de altofalante de información falsa, ademais, xa desmentida pola xerencia da área sanitaria. Non é certo que o Servizo Galego de Saúde suprimise a atención primaria programada nos centros de saúde de Cervo e de San Cibrao no verán. ¡Non é certo! Polo tanto, vostede está aquí facendo eco dunha mentira. A información sobre a asistencia sanitaria é especialmente sensible e por iso convén ser moi rigorosos, contrastar os datos e fiarse das canles oficiais e autorizadas. Nós velamos por que así sexa, e ao facelo, cumprimos co noso deber. Así evitamos confundir os cidadáns, xerar alarmas inxustificadas e menoscabar o prestixio do sistema sanitario e do esforzo dos profesionais. Non sei se a vostedes isto non lles importa nada ou, en todo caso, lles importa menos que o rédito político que cren que poden obter ao difundir con alegría falsas e malas novas sobre o funcionamento da sanidade pública galega. Este é un proceder realmente irresponsable, porque coa saúde da xente non se debe xogar, ¡e así lles vai!

A asistencia sanitaria —insisto— e a atención médica programada nos dous centros de saúde —o de Cervo e o de San Cibrao— están garantidas este verán, e iso a pesar de que este concello sofre, como tantos outros de toda España, a falta de médicos especialistas de atención primaria, que o Ministerio de Sanidade do Goberno central non quere solucionar. E non quere facelo coa mesma teimosía coa que vostedes, desde o Partido Socialista de Galicia, non lle queren pedir que o faga.

A pesar diso, coa planificación, esforzo e compromiso dos profesionais sanitarios, a Concellería de Sanidade fai posible manter a asistencia médica programada nos dous centros de saúde do concello de Cervo neste verán. En concreto, aténdense as citas médicas tres días á semana no concello de Cervo e todos os días no centro de saúde de San Cibrao, onde se atenden tamén as consultas urxentes. Isto é en canto á atención médica a adultos. Ademais diso, en Cervo seguen a traballar unha enfermeira e un profesional de servizos xerais, mentres que San Cibrao conta cun pediatra, con tres enfermeiras e cun profesional de servizos xerais.



Mentres vostedes se dedican a difundir información falsa, nós traballamos e buscamos solucións, igual que continuamos a esforzarnos para reforzar con máis profesionais especialmente aqueles centros nos que o incremento da demanda o fai necesario, porque o noso obxectivo é garantir en todo momento a máxima cobertura e a calidade asistencial dos veciños de Cervo, iso si, tendo en conta a escaseza de profesionais dispoñibles nas listas de contratación, algo que vostedes, deliberadamente, sempre esquecen.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica da señora Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Mire, señor conselleiro, ¿pareceume entenderlle que chamou vostede mentirosos e mentirosas os facultativos, *(O señor Gómez Caamaño nega coa cabeza.)* que o único que fan é avisar os veciños e as veciñas para que non cheguen alí e encontren o petate? ¿Pareceume entenderlle iso, conselleiro? *(Aplausos.)* Vostede é a máxima persoa que debería velar polo bo funcionamento e polo respecto a eses facultativos, a eses profesionais, señor conselleiro? Dígolle máis: a culpa de non ter máis facultativos élle de M. Rajoy. Explíqueilles aos seus compañeiros e compañeiras da bancada pola mañá quen era este señor e pódennlo dicir. *(Pronúciase palabras que non se perciben.)* Si. Á parte, tamén lles expliquei que están mal retribuídos e que teñen unhas condicións moi precarias, porque se fixesen algo por mudar, cambiarían. Sabe que se fose mentira realmente o que alí expuxeron os facultativos dos centros de saúde *(Pronúciase palabras que non se perciben.)* —por favor..., grazas— de Cervo e de San Cibrao, se iso fose mentira, ao mellor o que mandaban desde a área sanitaria sería un comunicado, precisamente, dicindo que era falso. Non, pero ¿sabe que comunicado mandaron, señor conselleiro? Un que di: «Por medio da presente comunicámoslle que a información aos usuarios dos centros de saúde mediante carteis ou anuncios que se colocan nos taboleiros debería seguir as normas de protocolos do Servizo Galego de Saúde. Deste xeito, toda a información que se pretenda difundir deberá requirir a autorización, en canto aos termos de fondo e forma, por parte dos órganos correspondentes da xerencia». Non lles dixeron que era mentira, o que lles dixeron era que quitasen iso e que non se enterasen os veciños e veciñas. *(Aplausos.)* Iso é o que lles dixeron e iso *(A señora Méndez López amosa un documento.)* é o que mandou a xerencia, señor conselleiro, jiso foi o que mandou a xerencia!: «...e deberán retirar todos aqueles carteis e anuncios».

Polo tanto, a situación está no límite. Teñen unha situación moi precaria e preocupante. Tiveron onte unha oportunidade, porque o noso portavoz presentou unha proposición de lei para que a atención primaria non excedese o máximo de corenta e oito horas e o seu partido, conselleiro, votou «non».

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Garantindo iso por lei, non teríamos estas situacións.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Méndez.



A señora MÉNDEZ LÓPEZ: ¿Que vai facer para reverter a situación? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Presidente.

Señora Méndez, insisto: vostedes trasladan información falsa á cidadanía, e iso é moi perigoso. A asistencia médica no concello de Cervo está garantida, tanto a programada como a urxente, grazas ao esforzo de xestión tanto da Consellería de Sanidade como da xerencia da área sanitaria de Lugo, Monforte de Lemos e A Mariña.

A asistencia sanitaria está garantida nese municipio coa atención programada no consultorio, no centro de saúde de San Cibrao, do mesmo xeito que está garantida en toda Galicia durante o verán. Está garantida a pesar de que o Goberno de España non adopta as medidas necesarias para avaliar o grave problema que afecta os especialistas da atención primaria en todo o país, tamén, por suposto, no concello de Cervo.

Un ano máis, o Partido Socialista agoira a fin do mundo na sanidade pública galega. É como Georgie Dann no verán, a mesma canción; simplemente, cambia o mono estrepitoso e hortera con pantalóns de campá por pancartas ou carteis con información falsa. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, si... A asistencia sanitaria si está garantida un verán máis.

En resumo, o Servizo Galego de Saúde adopta as medidas necesarias para asegurar a atención sanitaria de calidade, de forma compatible coas vacacións e os demais dereitos laborais dos profesionais. (*Murmurios.*) Para iso, como xa dixen anteriormente, o 25 de xullo o Consello da Xunta aprobou unha planificación estival dotada con máis de doce millóns de euros para asegurar a cobertura e a atención sanitaria deste verán.

Ademais, creo que a pregunta adoece de bastante hipocrísia. ¿Sabe por que? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Porque cando o PSOE gobernaba a Xunta e a atención sanitaria de Cervo sufría ausencias prolongadas de médicos, listas de agarda e insuficiencias estruturais, vostedes calaban; cando o PSOE reducía a atención sanitaria no verán, vostedes calaban; e cando non se substituían os médicos habendo a posibilidade de facelo, vostedes calaban. É a diferenza que hai entre antes e agora. No ano 2005, había médicos dispoñibles para contratar e agora, non. Sábeno ben. No ano 2005, cando vostede era concelleira do PSOE, calaba, e agora, non. (*Murmurios.*)

Dous datos máis: a decisión de pechar o centro de saúde no verán de 2005 foi unha decisión política do PSOE, porque non querían contratar profesionais dispoñibles, así que sorprende moito que veñan agora pór o berro no ceo. E outro dato máis é que hai que lembrar que as elevadas demoras na atención primaria de Cervo durante o Bipartito eran de máis de catorce días, como pode vostede ver na hemeroteca, e vostedes tamén calaban.



Señoría, asegúrolle que todos os veciños de Cervo que precisan unha cita urxente en primaria teñen a atención sanitaria garantida, porque a sanidade pública galega ten os mecanismos necesarios para atender, de inmediato, todo o que é urxente e prioritario. ¿Son vostedes os defensores da atención primaria? Pois a miña recomendación é que deixen de alimentar a información falsa e pidan con nós ao Ministerio de Sanidade as medidas necesarias para solucionar o déficit de médicos.

Miren por Cervo, miren por Lugo e miren pola sanidade pública galega, pero fágano sen bulos e sen apoiarse en mentiras.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Este ano non puidemos facer a xornada que facemos todos os anos sobre a importancia de saber protexerse do sol. Onte estiven cun dermatólogo coñecido, que é o que, dalgunha maneira, facía estas xornadas.


Eu o que lles pido a vostedes, como representantes que son da sociedade, é que, na medida en que poidan, difundan iso: a importancia de protexerse, porque os casos de melanoma estanse disparando. Entón, exerzan un pouco de protectores tamén da sociedade.

Nada máis e grazas.

Terminou aquí o pleno.

Remata a sesión ás cinco e corenta e nove minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

